

# CEIP DAS FONTIÑAS



Aprobada en Claustro e Consello Escolar o 24 de outubro de 2023

## PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 - 2024

PDI: FEITO A MAN

## ÍNDICE

	PÁXINA
1.- INTRODUCCIÓN	4
2.- OBXECTIVOS PARA O CURSO 22 - 23	4
3.- MEDIDAS DE DESENVOLVEMENTO PARA A SÚA CONSECUCIÓN	6
4.- RECURSOS PREVISTOS PARA O EFECTO	7
5.- CONCRECIÓN ANUAL DO PROXECTO EDUCATIVO	8
6.- PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	8
7.- OFERTA EDUCATIVA DO CENTRO	11
7.1.- CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN DOS AGRUPAMENTOS	11
7.1.1.- Alumnado de nova incorporación en 4º de Infantil	11
7.1.2.- Alumnado de 1º, 3º e 5º de Educación Primaria	11
7.1.3.- Para o alumando de nova incorporación en grupos xa feitos	13
8.- CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA	13
8.1.- ORGANIZACIÓN DO CENTRO	13
8.2.- ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO POR EQUIPOS DOCENTES	14
8.2.1.- Equipos de nivel	14
8.2.2.- Equipos de ciclo	19
8.2.3.- Comisión de Coordinación Pedagóxica	22
8.2.4.- Equipo Dinamización Lingua Galega	23
8.2.4.1.- Concreción do plan de dinamización da lingua galega.	25
8.2.5.- Equipo de actividades complementarias e extraescolares (EACE)	39
8.2.6.- Equipo de biblioteca	41
8.2.7.- Equipo das tecnoloxías da información e da comunicación (TICS)	45
8.2.8.- Departamento de orientación	47
8.2.9.- Comisión de convivencia	47
9.- XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO	48
9.1.- CALENDARIO ESCOLAR	48
9.2.- CALENDARIO DE REUNIÓNS, AVALIACIÓNS E CELEBRACIÓNS 2022 / 2023	50
9.3.- CALENDARIO DE GARDAS DE BIBLIOTECA	51
9.4.- XORNADA ESCOLAR	53

9.5.- HORARIOS	54
9.5.1.- CRITERIOS PARA A ELABORACIÓN DOS HORARIOS	54
9.5.2.- HORARIOS DO EQUIPO DOCENTE	54
9.5.3.- OUTROS HORARIOS	107
9.6.- HORARIO DE PERMANENCIA NO CENTRO SEN ALUMNADO	107
10.- QUENDAS DO PROFESORADO NO TEMPO DE LECER DO ALUMNADO	107
11.- PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS E DO EQUIPO DIRECTIVO	108
11.1.- PLAN DE ACTUACIÓN DO CONSELLO ESCOLAR	109
11.1.1.- Plan de actuación da comisión económica	111
11.1.2.- Plan de actuación da comisión de convivencia	111
11.2.- PLAN DE ACTUACIÓN DO CLAUSTRO DO PROFESORADO	112
11.3.- PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO	113
11.3.1.- Plan de actuación do director	114
11.3.2.- Plan de actuación do xefe de estudos	115
11.3.3.- Plan de actuación da secretaria	116
12.- PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN E FORMACIÓN EDUCATIVA	117
13.- PLAN ANUAL DE LECTURA	117
14.- EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	128
15.- LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO PARA O CURSO 2021 - 2022	132
16.- PLAN DE AUTOPROTECCIÓN	135
17.- PLAN DE ORIENTACIÓN E APOIO A ACCIÓN TITORIAL	135
18.- PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE	135
18.1.- PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN	136
18.2.- OFICIAL CONSERXE	136
18.2.1.- Conserxe edificio de Educación Infantil	136
18.2.2.- Conserxe edificio de Educación Primaria	136
18.3.- PERSOAL AUXILIAR COIDADOR	136
18.4.- PERSOAL DE LIMPEZA	137

19.-	PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS ENTRE A FAMILIA E A ESCOLAR	137
20.-	ANPA FONTELA	137
21.-	PROXECTO LECTOR DE CENTRO	139
22.-	CONCRECIÓN ANUAL DO PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO	140
23.-	COMEDOR E MADRUGADORES	142
24.-	OUTROS PROXECTOS	142
	24.1.- SECCIÓNS BILINGÜES	142
	24.2.- PROXECTO EDIXGAL, PLAN DIXITAL e POLOS CREATIVOS	143
	24.3.- REDE DE ACOMPAÑAMENTO E ORIENTACIÓN PERSOAL E FAMILIAR DE GALICIA (RAOGAL)	143
25.-	PLAN DE ORIENTACIÓN	143
	25.1.- INTRODUCCIÓN	143
	25.2.- MARCO LEGAL	144
	25.3.- XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO ESCOLAR	145
	25.3.1.- Medidas de atención á diversidade e alumnado con necesidades específicas de apoio educativo	148
	25.4.- CONSTITUCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	153
	25.4.1.- Funcións do departamento de orientación	153
	25.5.- OBXECTIVOS XERAIS	155
	25.5.1.- Obxectivos segundo os tres ámbitos de actuación	155
	25.5.1.1.- Proceso de ensino aprendizaxe.	156
	25.5.1.2.- Plan de acción titorial.	157
	25.5.1.3.- Plan de Orientación Académica	159
	25.5.2.- Planificación e actividades prioritarias	159
	25.5.3.- Plan de actuación de Pedagogía Terapéutica	162
	25.5.4.- Plan de actuación en Audición e Linguaxe.	164
	25.6.- RECURSOS	167
	25.7.- METODOLOXÍA	167
	25.8.- AVALIACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN	167
26.-	AVALIACIÓN PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL	168
	DILIXENCIA	169

**DATOS DO CENTRO:**

Colexio de Educación Infantil e Primaria das Fontiñas	
<b>CÓDIGO</b>	15027332
<b>ENDEREZO</b>	Rúa Roma, 21. 15707
<b>POBOACIÓN</b>	Santiago de Compostela
<b>TELÉFONOS</b>	<b>Educación Infantil:</b> 981543176 <b>Educación Primaria:</b> 981543175 <b>Fax:</b> 981560741
<b>CORREO ELECTRÓNICO</b>	ceip.fontinhas@edu.xunta.gal
<b>PÁXINA WEB</b>	<a href="http://centros.edu.xunta.es/ceip.fontinhas">http://centros.edu.xunta.es/ceip.fontinhas</a>

**1.- INTRODUCCIÓN**

A presente PXA foi elaborada atendendo ao marco legislativo vixente, ás propostas de mellora da memoria final e do informe individualizado de cada alumno do curso 2022/2023.

**2.- OBXECTIVOS PARA O CURSO 23 - 24**

En canto á lexislación á que atende este documento: Decreto 374/1996 de 17 de outubro (DOG 21/10/96). Corrección de erros DOG 06/11/96 e DOG 08/01/97 e a orde que o desenvolve Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e colexios de educación primaria (DOG 02/09/97). Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio de educación, modificada na súa redacción pola Lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro. Decreto 155/2014 de 15 de setembro polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Real Decreto 132/2010, do 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan as ensinanzas do segundo ciclo de educación infantil, educación primaria a educación secundaria. Decreto 79/2010, do 20 de maio para o plurilingüístico no ensino non universitario de Galicia. Orde do 8 de setembro de 2021 polo que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro. Orde do 12 de maio de 2013 polo que se desenvolve o proceso de admisión de alumnos. Decreto 8/2015 de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. Protocolo educativo para a prevención do absentismo escolar en Galicia. Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 23/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa, Decreto 150/2022, do 8 de setembro,

polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e Orde do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

A seguir, e tendo en conta os documentos citados, os obxectivos para o presente curso 23 – 24 son os seguintes:

- Conformer o centro como un espazo para o desenvolvemento da convivencia e o desenvolvemento persoal e profesional.
- Desenvolver os documentos requiridos na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, modificada na súa redacción pola Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro.
- Continuar actualizando, para adaptar ás necesidades e á lexislación actual, os diferentes documentos de centro.
- Favorecer a implicación das familias no proceso de ensino – aprendizaxe dos seus fillos e fillas, sobre todo nos casos de absentismo escolar desde Educación Infantil xa que é necesario incidir neste aspecto para que exista unha continuidade no proceso de aprendizaxe e poder acadar os obxectivos propostos Tamén nos problemas de conduta nos que se manterán unha comunicación fluída e continua e unha colaboración permanente.
- Potenciar a coordinación pedagóxica entre toda a comunidade.
- Continuar integrando a celebración das conmemoracións escolares no currículo para coñecer e valorar as nosas tradicións, a nosa cultura e adquirir hábitos de convivencia.
- Fomentar o coñecemento, valoración e goce do noso entorno máis próximo a nosa localidade e tomala como punto de partida para o coñecemento da contorna e doutras etapas históricas.
- Favorecer a formación do profesorado.
- Avanzar na integración da biblioteca e das TICS no currículo a través de accións como a implantación do Plan Dixital e a integración dos Polos Creativos.
- Fomentar o deporte como medio para o benestar persoal e de saúde.
- Personalizar os procesos de ensino – aprendizaxe procurando a integración do alumnado no seu grupo e no conxunto da dinámica escolar.

- Fomentar os valores da solidariedade, tolerancia e pacifismo.
- Favorecer a integración da cultura no tempo de ocio.
- Contribuír, na medida das posibilidades, á defensa, conservación e mellora do medio ambiente a partir da práctica no propio centro.
- Tratar de equiparar o nivel de competencia lingüística en Lingua Galega co da competencia en Lingua Castelá; aprendendo a valorar a riqueza da nosa lingua e da nosa cultura fomentando o uso do galego entre o alumnado castelán falante (maioritario no noso centro) e tratando de transmitir sempre esta inquedanza a toda a comunidade educativa.
- Continuar coa dotación de recursos dixitais das aulas, departamentos e titorías.
- Favorecer os comportamentos de respecto entre todos os membros da comunidade educativa así como ás instalacións do centro.
- Realizar obras de mellora e mantemento do centro.

### **3.- MEDIDAS DE DESENVOLVEMENTO PARA A SÚA CONSECUCCIÓN**

- Activación do funcionamento da aula virtual do centro en todos os cursos de Educación Primaria, implantación dos aspectos reflexados no Plan Dixital e outras canles de comunicación en Educación Infantil.
- Fomento da participación do profesorado, alumnado e familias na vida do centro.
- Posta en marcha dos aspectos establecidos na concreción curricular de Educación Primaria.
- Continuar coa revisión, para adaptar ás necesidades e á lexislación actual os documentos de centro.
- Deseño de medidas de apoio que favorezan a integración e a aprendizaxe actualizándoas ao longo do curso a partir das avaliacións.
- Colaboración cos Servizos Sociais do Concello para previr o absentismo escolar e contribuír a que todo o alumnado exerza o seu dereito á educación.
- Reunións xerais cas familias e titorías individuais.
- Reunións semanais dos equipos de nivel para deseñar e coordinar a labor docente.
- Reunións mensuais dos equipos de ciclo para coordinar o traballo do ciclo.
- Reunións mensuais dos equipos pedagóxicos de biblioteca, TICS, EDNLG e EACE para dotar de recursos xerais (fondo da biblioteca, recursos dixitais...) ao centro e

xestionar e dinamizar o uso dos mesmos, así como coordinar o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares (Entroido, Magosto...).

- Fomento da lectura e na autonomía nas aprendizaxes e na vida persoal.
- Promoción dos valores de solidariedade, tolerancia, respecto e paz e da resolución dialogada e democrática de conflitos.
- Promoción de medidas que favorezan o traballo colaborativo e en equipo.
- Uso das dúas linguas oficiais na expresión oral e escrita a través da formulación de ámbitos de comunicación, e na lectura, por medio de programas específicos de fomento da mesma, procurando acadar unha equiparación entre as dúas.
- Desenvolvemento de actividades que fomenten actitudes cara a conservación do medio, partindo do propio entorno.
- Mantemento informático periódico e adquisición de novos equipos informáticos segundo as necesidades.
- Desenvolvemento de actividades que promovan o deporte e hábitos de alimentación san, hixiene e saúde.
- Desenvolvemento de cursos de formación no propio centro e fomento da cooperación entre o profesorado e tamén coas familias.
- Revisión dos documentos do centro para adaptalos ás necesidades e normativa actual.

#### **4.- RECURSOS PREVISTOS PARA O EFECTO**

##### **a) Recursos humanos:**

Neste curso escolar 2023 – 2024 contamos con tres profesoras de Pedagogía Terapéutica (PT) e unha compartido con outro centro. Outras dúas de Audición e Linguaxe e unha compartida con outro centro, e tres PACS xunto co profesorado de PROA+ 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria que está no centro a media xornada. Na nosa escola hai una grande heteroxeneidade nas aulas, marcado por unha descompensación social que é preciso atender para evitar a peor saída: o abandono escolar. Ademais o centro conta con persoal administrativo, dous conserxes e persoal de limpeza.

##### **b) Recursos materiais:**



Contamos con biblioteca escolar, aulas Abalar, aulas EDIXGAL (5º e 6º de Educación Primaria) e recursos informáticos, todos moi importantes no traballo diario. Porén, precísase máis tempo para a súa xestión e así sexan máis eficaces.

## **5.- CONCRECIÓN ANUAL DO PROXECTO EDUCATIVO**

O proxecto educativo de centro foi aprobado o 27 de xuño de 2023 polo que está vixente no presente curso escolar 23/24.

## **6.- PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Neste curso escolar a atención á diversidade programouse e planificouse tendo en conta os principios de inclusión, equidade e calidade na educación, tal e como se reflicte na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada na súa redacción pola Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro (LOE-LOMLOE). Téntase que o alumnado con desfase curricular teña unha ensinanza o mais personalizada, respectando a diversidade de capacidades, intereses e motivacións dos mesmos, para que poidan alcanzar dentro da etapa os obxectivos establecidos con carácter xeral para todos os alumnos e alumnas.

### **a) Atención xeral:**

Como norma xeral, o profesorado acomodará o proceso de ensino-aprendizaxe ás condicións particulares de cada neno/a, o que pode traducirse nunha modificación metodolóxica, organizativa e de cooperación familiar segundo as necesidades de cada un/unha. Tratarase de que a cada alumno e alumna se lle ensine partindo do seu nivel de coñecementos previos e dentro da súa zona de desenvolvemento próximo e se respecte o seu ritmo de aprendizaxe, no ánimo de que cada quen vai construíndo o seu coñecemento e acadando un nivel competencial conforme ás súas potencialidades.

Cabe destacar a participación do profesorado titor/a na posta en marcha das medidas de atención á diversidade para o alumnado da súa titoría, aspecto que forma parte da súa acción titorial e orientadora, tal como se recolle no Plan de Acción Titorial do centro. Así o profesorado titor/a establecerá unha rede coordinadora entre o distinto profesorado (equipo docente) e as familias; que coñeza a situación persoal de cada alumno/a, os principais datos evolutivos e de saúde, o estilo e o ritmo de aprendizaxe de cada quen; que reflexione sobre a metodoloxía máis axeitada para cada neno/a respecto do seu achegamento ao currículo; que analice as relacións que se establecen dentro e fóra da aula, os

agrupamentos máis convenientes dentro da aula; que demande asesoramento do Departamento de Orientación cando sexa preciso, etc.

**b) Atención no caso do alumnado con necesidade específica de apoio educativo:**

Dende o punto de vista propiamente académico establécense tres vías de atención:

**MEDIDAS ORDINARIAS**

As medidas de Atención á Diversidade que este Centro leva a cabo, tal e como recolle a Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, son:

- 1) Adecuación da estrutura organizativa do centro e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- 2) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- 3) Aulas de atención educativa e convivencia.
- 4) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- 5) Programas de enriquecemento curricular.
- 6) Programas de reforzo en áreas instrumentais básicas.
- 7) Programas de habilidades sociais.
- 8) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- 9) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.

**MEDIDAS EXTRAORDINARIAS**

Ademais tamén se levan a cabo medidas extraordinarias entre as que se atopan as seguintes:

- 1) Adaptacións curriculares.
- 2) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe.
- 3) Flexibilización da duración do período de escolarización.

- 4) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para a asistencia continuada ao centro educativo.

### ATENCIÓN AO ALUMANDO DE INCORPORACIÓN TARDÍA AO SISTEMA EDUCATIVO

No que respecta a este alumnado seguirá os criterios da orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, de 7 de decembro. Estas encóntranse reflectidas no Plan de Acollida e recollidas no Plan de Orientación do noso centro.

Entre as medidas de atención ás necesidades específicas poderíanse desenvolver:

- Medidas de tipo curricular: Reforzo Educativo (RE), as Adaptacións Curriculares (ACS) e as flexibilizacións de idade.
- Medidas de tipo organizativo como o grupo de adquisición de linguas ou grupos de adaptación da competencia curricular.

### RECURSOS HUMANOS:

<b>XEFA DO D.O.</b>	Lucía Cruces Estévez
<b>ESPECIALISTAS P.T.</b>	María del Carmen Rivas Fraga
	Ana Gigirey Vilar
	Cristina Díaz Fernández (substituta a Maribel Barreiro Gundín responsable de UACO - RAOGAL)
	Lara Rodríguez Vázquez (compartida, asiste ao noso centro dous días á semana).
<b>ESPECIALISTAS A.L.</b>	María Concepción Vidal Garea
	Olalla Veiga Graña
	Eva Formoso Fernández (compartida, asiste ao noso centro dous días á semana)
<b>MESTRA PROA+</b>	Lorena Barbazán Pais

Dende a Xefatura do Departamento de Orientación, e en coordinación coa Xefatura de Estudos, organizaranse os horarios deste profesorado para atender as necesidades prioritarias do alumnado.

A organización dos apoios levarase a cabo dende o Departamento de Orientación despois da aprobación da Xefatura de Estudos. Estes apoios desenvolveranse dentro da aula ordinaria ou, en caso de Adaptación Curricular e outros casos nos que se considere conveniente, fóra da aula ordinaria, previa autorización dos pais, e non excedendo máis de 1/3 da xornada escolar. Asemade, cóntase con tres PACs (dúas a xornada completa e unha compartida) que prestan axuda ao alumnado de Educación Infantil e Primaria que necesitan especial atención polas súas características (problemas de desprazamento, control de

esfínteres...).

É importante reflectir que dada a nosa diversidade no que respecta a alumnado con NEAE establécense reunións de coordinación por parte do Departamento de Orientación, con: Aspanaes, Atención Temperá, Servizos Sociais, Arela, Secretariado Xitano, Cogami e diversos gabinetes e psicólogos privados, entre outros.

## 7.- OFERTA EDUCATIVA DO CENTRO

Na actualidade o alumnado do centro está repartido en 20 titorías, seis de Educación Infantil e 14 de Educación Primaria. Dúas por nivel agás 2º e 6º de Educación Primaria que contan con tres grupos, quedando así o reparto:

ETAPA	NIVEL	A	B	C	Total
Educación Infantil	4º	16	15		31
	5º	20	20		40
	6º	16	15		31
<b>TOTAL ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL</b>					<b>102</b>
Educación Primaria	1º	21	21		42
	2º	22	21	22	65
	3º	23	22		45
	4º	25	25		50
	5º	23	22		45
	6º	21	19	19	59
<b>TOTAL ALUMNADO DE EDUCACIÓN PRIMARIA</b>					<b>306</b>
<b>TOTAL ALUMNADO DO CENTRO</b>					<b>408</b>

### 7.1.- CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN DOS AGRUPAMENTOS

#### 7.1.1.- Agrupamento do alumnado de 4º de Infantil

- 1.- Atender a solicitude das familias que desexan que os irmáns/ás estean na mesma aula.
- 2.- Equiparación do alumnado de NEAE.
- 3.- Equiparación do alumnado nado no segundo semestre do ano
- 4.- Equiparación de xénero

#### 7.1.2.- Alumnado de 1º, 3º e 5º de Educación Primaria

##### 1º de Educación Primaria:

1.- Atender á solicitude das familias que desexen que os irmáns ou irmás estean na mesma aula.

2.- Equiparación do alumnado NEAE.

2.- Equiparación do alumnado repetidor.

3.- Criterios didácticos – pedagóxicos\*.

5.- Equiparación de xénero.

6.- Reparto:

- Grupo A: Impares de 6ºA de E. Infantil con impares de 6ºB de E. Infantil.
- Grupo B: Pares de 6º A de E. Infantil con pares de 6º A de E. Infantil.

### **3º de Educación Primaria:**

1.- Atender á solicitude das familias que desexen que os irmáns ou irmás estean na mesma aula.

2.- Equiparación do alumnado NEAE.

3.- Criterios didáctico – pedagóxicos\*.

4.- Equiparación do alumnado repetidor e do que promociona por imperativo legal.

5.- Equiparación de xénero.

6.- Reparto:

- Grupo A: impares do grupo A con pares do grupo B do curso anterior.
- Grupo B: pares do grupo A con impares do grupo B do curso anterior.

### **5º de Educación Primaria:**

Atender á solicitude das familias que desexen que os irmáns ou irmás estean na mesma aula.

1.- Equiparación do alumnado NEAE.

3.- Criterios didáctico – pedagóxicos\*.

4.- Equiparación do alumnado repetidor e do que promociona por imperativo legal.

5.- Equiparación de xénero.

6.- Reparto:

- Grupo A: Primeira metade do grupo A coa segunda metade do grupo B do curso anterior.
- Grupo B: segunda metade do grupo A coa primeira metade do grupo B do curso anterior.

\* *Criterio (s) didáctico – pedagóxicos (sempre con informe do equipo docente e do de Departamento de Orientación) que se poden considerar:*

- **Tipo condutual:** tres faltas graves rexistradas e atendidas ou, equivalente, acumulación de leves.
- **Tipo emocional:** circunstancias documentadas nas reunións de avaliación e que contén con informe do Departamento de Orientación.

**7.1.3.- Para o alumnado de nova incorporación en grupos xa feitos**

- 1.- Igualar a ratio entre grupos.
- 2.- Equiparar entre os grupos o alumnado con NEAE.
- 3.- Equiparar o alumnado repetidor.
- 4.- Cumpridos os apartados anteriores, seguir a orde alfabética dos grupos: primeiro grupo A, logo grupo B...

**8.- CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA**

**8.1.- ORGANIZACIÓN DO CENTRO**

No presente curso o cadro de persoal do centro é o seguinte

NOME	ADSCRICIÓN	EMAIL
Barbazán Pais, Lorena María	PROA +	lorenamariabarbazan
Barreiro Gundín, M <sup>a</sup> Isabel	UACO - RAOGAL	mbarreiro.gundin
Blanco Vázquez, Inés	4º EP B	iblanco
Brea Botana, Ana Isabel	INGLÉS: 3º, 4º, 5º P.B. 6º	breabotana
Brenlla López, Lydia	1º EP B / P.B. 5ºA	lidiabrenlla
Busto Casal, Samuel	MÚS: 1º, 2º, 4º, 5º e 6º	sbcasal
Castro Pajares, Jesús	1º EP A	Jesus.castro
Cruces Estévez, Lucía	ORIENTACIÓN	luciacruces
De Rojas Silva, M <sup>a</sup> Magdalena	APOIO – INF	mdsilva
Devesa Queiruga, Rafael	6º EP A	rafael.devesa

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 - 2024

Díaz Fernández, Cristina	P.T.	
Fernández Vieites, Mónica	4º INF A	monfevi
Formoso Fernández, Eva	AL	evaformoso
García Armesto, Fermina	APOIO – INF	fermina.garcia
Gigirey Vilar, Ana	PT	ana.gigrey
Goitia Molina, Elisamar	REL. EVANX.	dioesamor
López Suárez, Montserrat	3º EP B	monserrat.lopez
Lourido Míguez, Teresa	6º INF B	louridomiguez
Martínez Rial, Raquel	REL. CATÓLICA	raquel.martinez
Mallo Mira, María Teresa	4º INF B	teresamallo
Meijide Méndez, Pedro	5º EP A	pmeijide
Méndez – Benegassi G, Salomé	4º INF A	smendez-benegassi
Mosquera Calviño, Ana	6º EP C	anamosquera
Padrones García, Raquel	5º EP B	arleq
Piñeiro Antelo, María José	6º INF A	correochecha
Puga Rey, Sara	2º EP C	sarapuga
Raña Amido, Irene	2º EP A / P.B. 5ºA	iramido
Rivas Fraga, María del Carmen	PT	m.carmenrivas
Rivero Fuentes, María del Mar	EF: 2º, 4º, 5º e 6º PLÁSTICA 2ºA	mrivero
Rodríguez Vázquez, Lara	PT	lararodriguezvazquez
Sánchez Sanín, Yolanda	4º INF B	yolanda.sanchez.sanin
Tomé Barbeira, Isolina	4º EP A	isolinatome
Trilla Segura, María	ING: INF, 1º, 2º e 6º	mariatrilla
Valín García, Ana	5º INF B	anavalin
Vázquez Castro, Mª Luz	2º EP B	lvc_luz
Veiga Graña, Ollala	AL	ollala.veiga
Vidal Garea, Mª Concepción	AL	conchividal
Vilanova Mouriño, Mª Olga	3º EP A / MUS 3º	olgavi
Vilas Fernández, Juan José	6º EP B	juanjosevilas
Vilela Martínez, David	EF: INF, 1º, 2º / PLAS: 1ºB P.C: 1ºB, 6ºA VAL: 6ºA	david.vilela

## 8.2.- ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO POR EQUIPOS DOCENTES

### 8.2.1.- Equipos de nivel

<b>EDUCACIÓN INFANTIL (2º CICLO)</b>	
<b>4º INFANTIL A</b>	
Mónica Fernández Vieites	T
María Trilla Segura	F.I.
David Vilela Martínez	E.F.
María Magdalena De Rojas Silva	APOIO
Fermina García Armesto	APOIO
Raquel Martínez Rial	E.R.C.
Elisamar Goitia Molina	E.R.E.
<b>4º INFANTIL B</b>	

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 - 2024

Yolanda Sánchez Sanín (substituta de Teresa Mallo Mira)	T
Maria Trilla Segura	F.I.
David Vilela Martínez	E.F.
María Magdalena De Rojas Silva	APOIO
Fermina García Armesto	APOIO
Raquel Martínez Rial	E.R.C.
Elisamar Goitía Molina	E.R.E.
Concepción Vidal Garea	A.L.
Ana Gigirey Vilar	P.T.
<b>5º INFANTIL A</b>	
Salomé Guadalupe Méndez – Benegassi Gamallo	T
Maria Trilla Segura	F.I.
David Vilela Martínez	E.F.
María Magdalena De Rojas Silva	APOIO
Fermina García Armesto	APOIO
Raquel Martínez Rial	E.R.C.
Elisamar Goitía Molina	E.R.E.
Concepción Vidal Garea	A.L.
Olalla Veiga Graña	A.L.
Ana Gigirey Vilar	P.T.
<b>5º INFANTIL B</b>	
Ana Valín García	T
Maria Trilla Segura	F.I.
David Vilela Martínez	E.F.
María Magdalena De Rojas Silva	APOIO
Fermina García Armesto	APOIO
Raquel Martínez Rial	E.R.C.
Elisamar Goitía Molina	E.R.E.
Olalla Veiga Graña	A.L.
Cristina Díaz Fernández	P.T.
<b>6º INFANTIL A</b>	
María José Piñeiro Antelo	T
Maria Trilla Segura	F.I.
David Vilela Martínez	E.F.
Mª Magdalena De Rojas Silva	APOIO
Fermina García Armesto	APOIO
Raquel Martínez Rial	E.R.C.
Elisamar Goitía Molina	E.R.E.
María del Carmen Rivas Fraga	P.T.
Concepción Vidal Garea	A.L.
Olalla Veiga Graña	A.L.
<b>6º INFANTIL B</b>	
María Teresa Lourido Míguez	T
Maria Trilla Segura	F.I.
David Vilela Martínez	E.F.
Mª Magdalena De Rojas Silva	APOIO
Fermina García Armesto	APOIO
Raquel Martínez Rial	E.R.C.



PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 - 2024

Elisamar Goitía Molina	E.R.E.
María del Carmen Rivas Fraga	P.T.
Olalla Veiga Graña	A.L.

<b>EDUCACIÓN PRIMARIA</b>	
<b>1º Ciclo</b>	
<b>1ºA</b>	
Jesús Castro Pajares	T
María Trilla Segura	F.I.
David Vilela Martínez	E.F.
Samuel Busto Casal	E.M.
Raquel Martínez Rial	E.R.C.
Elisamar Goitía Molina	E.R.E.
Ana Gigirey Vilar	P.T.
<b>1ºB</b>	
Lydia Brenlla López	T
David Vilela Martínez	E.F.
Samuel Busto Casal	E.M.
Raquel Martínez Rial	E.R.C.
Elisamar Goitía Molina	E.R.E.
Ana Gigirey Vilar	P.T.
<b>2ºA</b>	
Irene Raña Amido	T
Mar Rivero Fuentes	E.F.
David Vilela Martínez	E.F.
Samuel Busto Casal	E.M.
Raquel Martínez Rial	E.R.C.
Elisamar Goitía Molina	E.R.E.
María del Carmen Rivas Fraga	P.T.
Concepción Vidal Garea	A.L.
Lara Rodríguez Vázquez	P.T.
Eva Formoso Fernández	A.L.
<b>2ºB</b>	
María Luz Vázquez Castro	T
Mar Rivero Fuentes	E.F.
María Trilla Segura	F.I.
Samuel Busto Casal	E.M.
Raquel Martínez Rial	E.R.C.
Elisamar Goitía Molina	E.R.E.
Ana Gigirey Vilar	P.T.
Olalla Veiga Graña	A.L.
Lara Rodríguez Vázquez	P.T.
Eva Formoso Fernández	A.L.
<b>2ºC</b>	
Sara Puga Rey (substituta de Inés Calvo González)	T
Mar Rivero Fuentes	E.F.
María Trilla Segura	F.I.
Samuel Busto Casal	E.M.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 - 2024

Raquel Martínez Rial	E.R.C.
Elisamar Goitía Molina	E.R.E.
Ana Gigirey Vilar	P.T.
Olalla Veiga Graña	A.L.
Cristina Díaz Fernández	P.T.
Concepción Vidal Garea	A.L.
<b>2º ciclo</b>	
<b>3ºA</b>	
Olga Vilanova Mouriño	T
David Vilela Martínez	E.F.
Ana Brea Botana	F.I.
Raquel Martínez Rial	E.R.C.
Elisamar Goitía Molina	E.R.E.
Lorena María Barbazán Pais	PROA
<b>3ºB</b>	
Montserrat López Suárez	T
David Vilela Martínez	E.F.
Ana Brea Botana	F.I.
Olga Vilanova Mouriño	E.M.
Raquel Martínez Rial	E.R.C.
Elisamar Goitía Molina	E.R.E.
Lorena María Barbazán Pais	PROA
<b>4ºA</b>	
Isolina Tomé Barbeira	T
Mar Rivero Fuentes	E.F.
Ana Brea Botana	F.I.
Samuel Busto Casal	E.M.
Raquel Martínez Rial	E.R.C.
Elisamar Goitía Molina	E.R.E.
Lorena María Barbazán Pais	PROA
<b>4ºB</b>	
Inés Blanco Vázquez	T
Mar Rivero Fuentes	E.F.
Ana Brea Botana	F.I.
Samuel Busto Casal	E.M.
Raquel Martínez Rial	E.R.C.
Elisamar Goitía Molina	E.R.E.
Lorena María Barbazán Pais	PROA
María del Carmen Rivas Fraga	P.T.
Concepción Vidal Garea	A.L.
Eva Formoso Fernández	A.L.
<b>3º ciclo</b>	
<b>5ºA</b>	
Pedro Meijide Méndez	T
Mar Rivero Fuentes	E.F.
Ana Brea Botana	F.I.
Samuel Busto Casal	E.M.
Raquel Martínez Rial	E.R.C.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 - 2024

Elisamar Goitía Molina	E.R.E.
Lydia Brenlla López	P.B.
Lorena María Barbazán Pais	PROA
Ana Gigirey Vilar	P.T.
<b>5ºB</b>	
Pedro Meijide Méndez	T
Mar Rivero Fuentes	E.F.
Ana Brea Botana	F.I.
Samuel Busto Casal	E.M.
Raquel Martínez Rial	E.R.C.
Elisamar Goitía Molina	E.R.E.
Irene Raña Amido	P.B.
Lorena María Barbazán Pais	PROA
<b>6ºA</b>	
Rafael Devesa Queiruga	T
Mar Rivero Fuentes	E.F.
María Trilla Segura	F.I.
Samuel Busto Casal	E.M.
Raquel Martínez Rial	E.R.C.
Elisamar Goitía Molina	E.R.E.
David Vilela Martínez	E.F.
Lorena María Barbazán Pais	PROA
Ana Brea Botana	P.B.
Concepción Vidal Garea	A.L.
Cristina Díaz Fernández	P.T.
<b>6ºB</b>	
Juan José Vilas Fernández	T
Mar Rivero Fuentes	E.F.
María Trilla Segura	F.I.
Samuel Busto Casal	E.M.
Raquel Martínez Rial	E.R.C.
Elisamar Goitía Molina	E.R.E.
Lorena María Barbazán Pais	PROA
Ana Brea Botana	P.B.
María del Carmen Rivas Fraga	P.T.
Olalla Veiga Graña	A.L.
<b>6ºC</b>	
Ana Mosquera Calviño	T
Mar Rivero Fuentes	E.F.
María Trilla Segura	F.I.
Samuel Busto Casal	E.M.
Raquel Martínez Rial	E.R.C.
Elisamar Goitía Molina	E.R.E.
Lorena María Barbazán Pais	PROA
Ana Brea Botana	P.B.
Concepción Vidal Garea	A.L.
Cristina Díaz Fernández	P.T.
Eva Formoso Fernández	A.L.

Lara Rodríguez Vázquez	
------------------------	--

CLAVES	
T	Titor/a
F.I.	Filoloxía Inglesa
E.M.	Educación Musical
E.F.	Educación Física
E.R.C.	Educación Relixiosa Católica
E.P.	Educación Primaria
E.R.E.	Educación Relixiosa Evanxélica
P.B.	Plástica Bilingüe
A.L.	Audición e Linguaxe
P.T.	Pedagogía Terapéutica
PROA	PROA +

### OBXECTIVOS:

- Fomentar a coordinación do equipo docente.
- Continuar realizando un banco de recursos curriculares.
- Establecer pautas comúns para actuar co alumnado que presenta dificultades puntuais ca aprendizaxe, de conduta, socio-afectivas...
- Realizar a programación de aula e adaptala ás necesidades do contexto.

Os titores e titoras de cada nivel, os mestres e mestras que imparten a área de Lingua Inglesa e o equipo directivo, así como os compoñentes do Departamento de Orientación, reuniranse unha hora semanal dentro do horario lectivo para realizar as tarefas de coordinación, segundo o horario que se establece dentro desta programación xeral.

### 8.2.2.- Equipos de ciclo

Os catro equipos de ciclo organizaranse para favorecer a coordinación docente. A súa composición será a seguinte:

EQUIPO	GRUPOS
Educación Infantil	Todo o 2º ciclo de Educación Infantil
1º ciclo de Educación Primaria	1º e 2º de Educación Primaria
2º ciclo de Educación Primaria	3º e 4º de Educación Primaria
3º ciclo de Educación Primaria	5º e 6º de Educación Primaria

EI: EDUCACIÓN INFANTIL	
<b>Coordinadora</b>	María Magdalena De Rojas Silva
<b>Compoñentes</b>	Salomé G. Méndez – Benegassi Gamallo
	Ana Valín García
	María José Piñeiro Antelo

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 - 2024

	María Teresa Lourido Míguez
	Mónica Fernández Vieites
	Yolanda Sánchez Sanín (substituta de Teresa Mallo Mira)
	Fermina García Armesto
	María Concepción Vidal Garea

<b>E.P. I: 1º e 2º de EDUCACIÓN PRIMARIA</b>	
<b>Coordinador / a</b>	María Luz Vázquez Castro
<b>Compoñentes</b>	Irene Raña Amido
	Jesús Castro Pajares
	Lydia Brenlla López
	Sara Puga Rey (substituta de Inés Calvo González)
	Cristina Díaz Fernández
	David Vilela Martínez
	María Trilla Segura
	Lucía Cruces Estévez
Ana Gigirey Vilar	

<b>E.P. II: 3º e 4º de EDUCACIÓN PRIMARIA</b>	
<b>Coordinador / a</b>	Montserrat López Suárez
<b>Compoñentes</b>	Olga Vilanova Mouriño
	Isolina Tomé Barbeira
	Inés Blanco Vázquez
	Ana Brea Botana
	Elisamar Goitía Molina
	Mar Rivero Fuentes
	Olalla Veiga Graña
	Lorena Barbazán Pais

<b>E.P. III: 5º e 6º de EDUCACIÓN PRIMARIA</b>	
<b>Coordinador / a</b>	Ana Mosquera Calviño
<b>Compoñentes</b>	Pedro Meijide Méndez
	Raquel Padrones García
	Rafael Devesa Queiruga
	Juan José Vilas Fernández
	Raquel Martínez Rial
	María del Carmen Rivas Fraga
	Samuel Busto Casal

Os equipos de ciclo teñen as competencias que se sinalan no punto 2 do artigo 54 do Regulamento Orgánico das Escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria e da Lei Orgánica 3/2020 de 29 de decembro de educación:

1. Formular propostas ao equipo directivo e ao claustro relativas á elaboración do Proxecto Educativo e da Programación Xeral Anual.

2. Formular propostas á comisión de coordinación pedagóxica relativas á elaboración dos proxectos curriculares de etapa ou a modificación deles.
3. Manter actualizada a metodoloxía didáctica.
4. Elaborar a programación didáctica das ensinanzas que ten encomendadas, seguindo as directrices xerais establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica.
5. Secuenciar os obxectivos mínimos que deberán acadarse en cada área destes cursos.
6. Determinar as pautas xerais e procedementos de avaliación que faciliten a coherencia interna de cada área.
7. Coordinar e controlar a programación valorando os resultados da avaliación como mellor procedemento para a revisión permanente da programación.
8. Propoñer o material didáctico en función do proxecto curricular.
9. Valorar e experimentar métodos e técnicas que permitan unha mellora cualitativa do ensino.
10. Elaborar materiais e tecnoloxía propias axeitadas ás áreas e ciclos.
11. Propoñerlle ao xefe ou xefa do equipo de actividades complementarias e extraescolares o programa de actividades para o ciclo.

### **OBXECTIVOS:**

- Facer achegas ao equipo directivo para a elaboración da PXA.
- Realizar a programación destes cursos.
- Potenciar a coordinación do equipo docente.
- Propiciar o desenvolvemento de pautas comúns para resolver os conflitos das aulas fomentando a tolerancia, respecto e autoestima.
- Coordinar a adquisición de material para o ciclo.
- Coordinar a selección e desenvolvemento de actividades complementarias relacionadas coas celebracións, saídas, visitas de autores, charlas de familiares, contacontos...
- Potenciar a coordinación interniveis para favorecer o paso do alumnado dun nivel a outro.
- Facilitar a integración da biblioteca e das TICS no currículo.
- Realizar a memoria de fin de curso.

Os equipos de ciclo, reuniranse un martes de cada mes ás 16:00 segundo o calendario establecido e todas aquelas veces que se requiran para o desenvolvemento dos obxectivos propostos.

### 8.2.3.- Comisión de Coordinación Pedagóxica

A Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) está integrada polos seguintes membros:

CCP		
Director		Samuel Busto Casal
Xefe de estudos		Rafael Devesa Queiruga
Coordinadores / as	E.I.	M <sup>a</sup> Magdalena De Rojas Silva
	E.P. I	María Luz Vázquez Castro
	E.P. II	Montserrat López Suárez
	E.P. III	Ana Mosquera Calviño
	EDLG	David Vilela Martínez
	BIBLIOTECA	Elisamar Goitía Molina
	S. BILINGÜES	María Trilla Segura
Membros do Departamento de Orientación	Orientadora	Lucía Cruces Estévez
	AL 1	María Concepción Vidal Garea
	AL 2	Olalla Veiga Graña
	AL Compartido	Eva Formoso Fernández
	PT 1	María del Carmen Rivas Fraga
	PT 2	Cristina Díaz Fernández
	PT 3	Ana Gigirey Vilar
	PT Compartido	Lara Rodríguez Vázquez

As competencias da Comisión de Coordinación Pedagóxica sinálanse no artigo 62 do Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria:

1. Elevar propostas ao claustro con fin de establecer os criterios para a elaboración dos proxectos curriculares.
2. Velar para que a elaboración dos proxectos curriculares de etapa e o plan de acción tutorial se realicen conforme aos criterios establecidos polo claustro.
3. Asegurar a coherencia entre o proxecto educativo de centro, os proxectos curriculares de etapa e a P.X.A.
4. Establecer as directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas dos equipos de ciclo, e do plan de acción tutorial así como as adaptacións curriculares.
5. Propoñer ao claustro de profesores os proxectos curriculares para a súa aprobación.
6. Velar polo cumprimento e posterior avaliación dos proxectos curriculares de etapa.
7. Canalizar as necesidades de formación do profesorado cara ao CAFI.

8. Realizar, se é o caso, a proposta á xefatura de estudos para que designe ao/á responsable do equipo de actividades complementarias e extraescolares.
9. Propoñer os/as mestres/as que formarán parte do Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

**OBXECTIVOS:**

- Valorar as propostas feitas polos diferentes equipos do centro, melloralas na medida do posible e aprobalas ou elevalas, se procede, ao claustro para a súa modificación e/ou aprobación.
- Valorar as propostas feitas polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega sobre o plan xeral para o uso do idioma así como o plan específico para potenciar a realidade galega no ensino.
- Observar o desenvolvemento dos distintos plans do centro: Plan de Acción Titorial, Plan de Convivencia, etc., así como potenciar a súa implementación.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica reunirse ordinariamente un martes de cada mes ás 16:00 de acordo co calendario establecido nesta P.X.A. e extraordinariamente tantas veces como sexa preciso, previa convocatoria do director do centro, para atender as competencias que ten asignadas.

**8.2.4.- Equipo de Dinamización da Lingua Galega**

De acordo co establecido no artigo 63 do Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria e, co obxecto de potenciar o uso da Lingua Galega, constitúese o Equipo de Dinamización da Lingua Galega que estará composto pola seguinte relación de mestres e mestras:

<b>Coordinador</b>	David Vilela Martínez
<b>Compoñentes</b>	María José Piñeiro Antelo (E.I.)
	Yolanda Sánchez Sanín que substitúe a Teresa Mallo Mira (E.I.)
	Jesús Javier Castro Pajares (E.I. I)
	Ana Gigirey Vilas (P.T.)
	Lucía Cruces Estévez (ORI)
	Raquel Martínez Rial (E.R.E)
	María del Mar Rivero Fuentes (E.P. II)
	Caly Rivas Fraga (P.T.)



As competencias do equipo son as que se establecen no artigo 64 do Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria:

1. Presentar a través do claustro propostas ao Equipo Directivo para a fixación de obxectivos de dinamización e normalización lingüística que se incluírán no Proxecto Educativo de Centro.
2. Propoñer á Comisión de Coordinación Pedagóxica o plan xeral para o uso do idioma para incluílo no proxecto curricular no que se deberá especificar, polo menos:
  - Medidas para potenciar o uso da lingua galega nas actividades centro.
  - Proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa (alumnado maioritariamente castelán falante).
3. Propoñer á CCP o plan específico para potenciar a presenza da realidade galega no ensino ademais da cultura, a historia, a xeografía, a economía, a etnografía, a lingua, a literatura, o arte, o folclore, etc.
4. Elaborar e dinamizar un plan anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos plans anteriores.
5. Presentar para a súa aprobación no Consello Escolar o orzamento e investimento económico para estes fins.
6. Aqueloutros proxectos que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades prevexa na súa normativa específica.

O obxectivo xeral a nivel anual que se pretende levar a cabo é:

- Fomentar o coñecemento e enraizamento da lingua, da cultura e das tradicións galegas no currículo.

As actividades encamiñadas á consecución deste obxectivo son:

- Fomentar a lectura de libros en galego, fundamentalmente entre o alumnado castelán falante, en colaboración co equipo da biblioteca.
- Achega de unidades didácticas para algunhas conmemoracións.
- Realización de composicións, murais e decoracións relacionadas coas celebracións.
- Concursos e participacións na elaboración de contos, poemas, postais, etc.

- Todas aquelas actividades que xurdan dos acontecementos e realidades culturais do entorno.

O coordinador do equipo terá como competencias as que se sinalan no artigo 68 do Regulamento xa mencionado e para poder atendelas disporá de dúas horas semanais dentro do horario lectivo. Dentro das mesmas estarían:

1. Colaborar na elaboración dos proxectos curriculares de etapa.
2. Responsabilizarse dos plans que se proporán á C.C.P.
3. Convocar e presidir as reunións do equipo.
4. Responsabilizarse da redacción das actas das reunións do equipo, depositando na xefatura de estudos unha copia de cada unha; así como da redacción dunha memoria final de curso na que se fará unha avaliación das actividades realizadas que se incluírán na do centro.
5. Proporcionarlles aos membros da comunidade educativa información sobre as actividades do Equipo de Dinamización da Lingua Galega e de todos aqueles actos e institucións culturais relacionados coa realidade galega.
6. EDLG reunirse ordinariamente un martes de cada mes de 16:00 a 17:00 tal e como establece o calendario incluído nesta PXA e extraordinariamente tantas veces como se precise, previa convocatoria do coordinador.

#### 8.2.4.1. Concreción anual do plan de dinamización da lingua galega



### 1.- Introducción

Os obxectivos e os contidos deste proxecto non só pretenden dar cumprimento ao Artigo nº 5 do Estatuto de Autonomía que define ao galego como a lingua propia de Galicia (e que todos e todas teñen dereito a coñecela e a usala) senón que trataremos de darlle un pulo á fala, inculcando ao noso alumnado actitudes positivas cara a nosa lingua, cun obxectivo moi claro, conseguir unha boa competencia oral e escrita nas dúas linguas oficiais que existen na nosa comunidade, valorando o esforzo tanto do profesorado como do alumnado castelán falante, que é a maioría.

### 2.- Integrantes

- M<sup>a</sup> José Piñeiro Antelo (6º EI - Representante do 2º Ciclo de EI)

- Yolanda Sánchez Sanín (Substitúe a M<sup>a</sup> Teresa Mallo Mira 4<sup>o</sup> EI - Representante do 2<sup>o</sup> Ciclo de EI)
- Lucía Cruces Estévez (Orientadora- Representante do 1<sup>o</sup>/2<sup>a</sup> de EP))
- David Vilela Martínez (Representante do Equipo de 1<sup>o</sup>/2<sup>o</sup> de EP) Coordinador do EDLG
- Jesús Javier Castro Pajares (1<sup>o</sup> - Representante do Equipo de 1<sup>o</sup>/2<sup>o</sup> de EP)
- Mar Rivero Fuentes (EF - Representante do Equipo de 3<sup>o</sup>/4<sup>o</sup> de EP)
- Ana Gigirey Vilas (AL - Representante do Equipo de 1<sup>o</sup>/2<sup>o</sup> EP)
- M<sup>a</sup> del Carmen Rivas Fraga (PT- Representante do Equipo de 5<sup>o</sup>/6<sup>o</sup> EP)
- Raquel Martínez Rial (Representante do Equipo de 5<sup>o</sup>/6<sup>o</sup> EP)

### 3.- Descrición de obxectivos a partir do estudo sociolingüístico

#### 3.1.- Situación lingüística do centro:

No noso centro, a lingua galega está presente en todas as actuacións administrativas (actas, comunicados, anuncios,...) agás no referido a comunicacións con outras comunidades autónomas e cos órganos da Administración do Estado radicados fóra da comunidade autónoma, en que se utilizará o castelán.

É tamén a lingua vehicular nas comunicacións ás familias, reunións de órganos colexiados e todo tipo de reunións da comunidade educativa, así como nas relacións coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas e privadas de Galicia.

Os rotulados do centro están todos en galego e a lingua empregada polo alumnado no contexto educativo é basicamente o galego.

A lingua de aprendizaxe no segundo ciclo de Educación Infantil e primeiro e segundo cursos de Educación Primaria é o galego. Os materiais de lecto-escritura están en galego.

A biblioteca do centro conta con abundantes exemplares en galego e este anos temos previsto aumentalo se o orzamento o permite xa que dende o centro organízanse varias actividades de animación á lectura. Todos os grupos teñen adxudicado un horario semanal para o uso da biblioteca, con independencia do uso que se fai nos recreos e tardes

#### 3.2.- Obxectivos con respecto ao centro:

- Potenciar o uso da lingua galega por parte de toda a comunidade escolar.

- Promover a interacción entre a escola e a súa contorna para facer máis rendibles os recursos.
- Potenciar o uso do galego en todas as actividades do centro, sendo este curso moitas delas realizadas de xeito virtual (web do centro ou aulas virtuais dos grupos/niveis/etapas).
- Tentar frear a perda de transmisión interxeneracional da lingua, incidindo nas familias e no alumnado.
- Consolidar o galego como lingua habitual dos grupos xa instalados no idioma e procurar avances no alumnado bilingüe con predominancia do castelán ou monolingües en castelán.

### **3.3.- Obxectivos con respecto ao profesorado:**

- Implicar a todos os compoñentes do centro no proceso de dinamización da lingua galega.
- Elaborar trípticos, folletos e materiais informativos en diversos soportes para o profesorado
- Dar prioridade no ensino do galego á expresión, á afectividade e á utilidade, reforzando a súa dimensión comunicativa e instrumental con contextos vivos e dándolle protagonismo á oralidade.
- Dar a coñecer e integrar nas actividades do centro, ao autor homenaxeado deste curso o Día das Letras Galegas, á intelectual *Luisa Villalta*, poetisa e ensaísta figura da xeración dos 90.
- Integrar as Tics no tratamento dos contidos curriculares e das actividades escolares empregando como lingua vehicular a nosa lingua.
- Empregar as Tics como un recurso para a formación e uso do galego co alumnado.
- Tentar integrar a planificación lingüística do centro en todos aqueles proxectos e plans que os distintos equipos docentes desenvolvan: proxecto lector, PDI do centro (este curso sobre "*Feito a man*"), plan das Tics,...

### **3.4.- Obxectivos con respecto ao alumnado:**

- Garantir unha oferta de materias didácticos en soportes diversos que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe.
- Promover plans de lectura mediante técnicas de animación en colaboración co Equipo de biblioteca.

- Fomentar as producións propias, recompilar textos orixinais en distintos formatos.
- Promover o coñecemento da realidade galega, en todos os seus aspectos: cultural, histórico, etnográfico,...
- Colaborar co EACE na realización de actividades para dar a coñecer aspectos propios da nosa cultura e tradicións como son: o Magosto, Samaín, Entroido, Letras Galegas... buscando a súa posible relación co autor deste ano.
- Elaborar material específico en galego para o alumnado procedente do estranxeiro.
- Colaborar cos Equipos de Dinamización da Lingua Galega doutros centros da contorna para compartir materiais, experiencias e actividades (aínda que este curso este obxectivo estea algo limitado).
- Promover o léxico galego correspondente as celebracións tradicionais galegas.

#### **4.- Actividades**

As actividades a levar a cabo polo EDLG no presente curso podémolas dividir en 5 grupos:

##### **4.1.- Actividades plurianuais:**

- Proxectos ou actividades desenvolvidas en cursos anteriores aos que se lle quere dar continuidade:
- Presentación e elaboración de materiais relacionados co outono, coa castaña como froita da época e co magosto, festa tradicional que a pon en alza..
- Promoción da lectura, expresión oral e escritura en galego de obras de produción propia.
- Proxecto lector de centro.
- Celebración do día das Letras Galegas.
- Participación na difusión das actividades propostas na páxina web do centro.

O EDLG colaborará na organización e celebración daquelas actividades e conmemoracións que se realicen no centro (Samaín, Magosto, Entroido, Maíos, Día do libro...) e todas aquelas que poidan xurdir ao longo do curso.

#### 4.2.- Actividades anuais:

Participación e organización nas actividades colectivas do centro:

- Colaboración e participación, na medida do posible, en actividades propostas por outros EDLG da contorna e en actividades propostas polo concello.
- Outono en galego, exposición de produtos propios do outono e o magosto, así como do samaín e as cabazas como elementos principais. Elaboración e exposición de fotografías do outono (paisaxes, elementos ornamentais, froitos,...). Exposicións orais de textos que falen sobre estes, dándolle posteriormente publicidade da web do centro.
- Outono, samaín e magosto en galego en todas as súas actividades. Xogos populares do magosto.
- Nadal en galego, concurso de *postais de Nadal* para elixir a que servirá de felicitación para toda a comunidade educativa.
- Entroido en galego.
- Aniversario de Rosalía.
- Semana das Letras Galegas e estudo do autor conmemorado.
- Día da poesía.
- Día do libro.
- Outras.

Parte destas actividades, e con motivo de combinar o mellor posible a atención curricular propia coa oferta cultural e lúdica educativa, poderán agruparse nunha “semana cultural” no mes de maio, que rematará coa celebración das Letras Galegas.

##### 4.2.1.- Descrición das actividades:

ACTIVIDADE	COMUNICÁMONOS EN GALEGO (Todo o curso)
<b>Descrición</b>	Medidas a desenvolver para favorecer un maior uso do galego no centro e na súa contorna: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Todos os documentos, folletos informativos, notas, autorizacións, avisos, programacións, actas,... son escritos en lingua galega.</li> <li>• Emprego do galego en todos os actos de conmemoración e celebración do Día dos Dereitos Humanos, Día da Paz, Entroido, Samaín, PDI do centro titulado “Feito a man”.</li> <li>• Emprego da lingua galega en todas as actividades de portas abertas.</li> <li>• Participación na difusión de actividades da páxina web do centro.</li> </ul>

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 - 2024

<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fomentar o uso da lingua galega como lingua oficial do centro, tanto oral como escrita, e en todos os ámbitos: no uso interno (vida administrativa) e no uso externo (relacións co entorno)</li> <li>• Aumentar o uso do galego eliminando prexuízos sociais e lingüísticos.</li> <li>• Fomentar e aumentar a presenza da lingua galega na elaboración de materiais educativos.</li> <li>• Fomentar a presenza do galego nas novas tecnoloxías.</li> <li>• Reforzar a dimensión comunicativa e instrumental do galego en relación con usos artísticos e comunicativos a través de actividades lúdicas.</li> </ul>
<b>Destinatarios</b>	Alumnado e profesorado. Familias
<b>Temporización</b>	Todo o curso (plurianual)
<b>Colaboran</b>	Equipo directivo, EDLG, EACE, Equipo de Biblioteca, Equipo de TIC Outros : Educación Física, Inglés, Música e Departamento de Orientación

<b>ACTIVIDADE</b>	<b>BENVIDO OUTONO!- O NOSO MAGOSTO! (Venres 4 ou 11 do 11/2023)</b>
<b>Descrición</b>	<p>Coa chegada do outono no centro o celebramos xunto co Magosto, realizaranse varios tipos de actividades:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballo nas aulas de actividades sobre o outono, climatoloxía, produtos típicos, contornas naturais propias coma o souto, a castaña, o magosto...</li> <li>• <b>“Benvido outono”</b>.- Última semana de outubro. Ambientación do centro cunha exposición no centro de produtos do outono, con carteis anunciadores co léxico do outono en galego (en EP no recibidor da entrada e en EI nos corredores e/ou nas aulas).</li> <li>• <b>“O outono que ven os meus ollos”</b>.- Ao longo de todo o outono (outubro-novembro-principios de decembro). Actividade na que o alumnado, axudado pola súa familia, fará e aportará unha foto na que se reflicte o outono (desde a fiestra da casa, nun parque con árbores con follas de diferentes cores, rúa/edificios, luz e ceo do día, horta cos froitos da época, costumes, o estado da mar... Posteriormente comentará, nunha exposición oral na súa aula, os aspectos relevantes da foto e o restante alumnado poderá preguntarlle sobre esta. Con esta actividade preténdese fomentar o uso da lingua galega, practicando a oratoria e a escoita no alumnado, coa posibilidade de facer gravacións desta. Ademais, búscase que aprendan a expoñer en público e a manter un autocontrol ante unha situación de medo escénico, á vez que se potenciará a súa creatividade e o incremento do seu vocabulario en lingua galega. Posteriormente farase unha composición cunha selección destas para publicar na web do centro (formato dixital) e/ou nas súas aulas virtuais.</li> <li>• Manualidade marcapáxinas do outono, feito co follas secas.</li> </ul>

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 - 2024

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Facer unha busca ou recompilatorio entre as familias de refráns típicos desta época, receitas de cociña (preparar castañas e outros alimentos da época...).</li> <li>• Celebración do <b>Magosto</b>. (venres 10 do 11/2023). O EACE levará a cabo a celebración do tradicional asado de castañas que posteriormente o alumnado comerá no recreo. Ademais de comer as castañas, por parte do EDLG farase unha celebración de <b>xogos populares e xogos con castañas</b>, coas sinalizacións e mesmo instrucións dos xogos todos eles en lingua galega, e pensados para favorecer a relación entre o alumnado a través do xogo. Os xogos seleccionados dos propostos (2-3 xogos), anticiparanse ás titorías e profesorado de EF para que os días previos poidan ser coñecidas as instrucións e ser postos en práctica, para poder axustar mellor os tempos o día da celebración e que todo o alumnado goce de todos. No desenvolvemento dos xogos e de todo o magosto, contarase coa colaboración do alumnado de 6º de EP. Estableceranse quendas para que todos os grupos poidan pasar polos xogos e o recreo ampliárase (posiblemente a 50 min).</li> </ul>
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender a importancia de manter as tradicións de Galicia.</li> <li>• Coñecer e valorar algúns aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico da nosa terra.</li> <li>• Enriquecer o vocabulario do alumnado, traballando o léxico, refráns, cantigas,... relacionados co tema.</li> <li>• Favorecer a relación entre o alumnado a través do diálogo.</li> <li>• Favorecer a relación familia- escola.</li> <li>• Contribuír co PDI da Biblioteca escolar.</li> </ul>
<b>Destinatarios</b>	Toda a comunidade educativa
<b>Temporización</b>	Primeiro trimestre
<b>Colaboran</b>	EDLG, EACE, Comisión da Convivencia, ANPA

ACTIVIDADE	“TEMPO DE SAMAÍN, TEMPO DE MEDO” (Venres 27/10/2023)
<b>Descrición</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Este curso, no <b>Samaín</b>, xunto coa exposición dos produtos do outono, farase unha exposición de cabazas decoradas polo alumnado e familias. Ademais ambientarase o centro con elementos decorativos desta data.</li> <li>• Busca na rede sobre a orixe do Samaín, por que se celebra, onde, como, cales son os costumes principais, etc.</li> <li>• Elaboración de textos escritos sobre o Samaín: contos e historias de medo. Posteriormente faríase un pequeno contacontos na aula.</li> <li>• Portas ou aulas decoradas de medo/corredor do medo</li> <li>• Xunto co Equipo de Biblioteca, farase unha recompilación de lecturas/contos relacionados con esta tradición en galego.</li> </ul>
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender a importancia de que Galicia ten o seu propio tempo de medo dende hai séculos, afastando o Samaín das conmemoracións que se fan dende outros países dun xeito máis comercial.</li> </ul>



PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 - 2024

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Potenciar a relación familia – escola.</li> <li>• Difundir os diferentes personaxes de medo da mitoloxía galega, profundando na procura de información e historias relacionadas con eles.</li> <li>• Normalizar o uso formal da lingua escrita nun contexto onde prima o galego.</li> <li>• Empregar a lingua como instrumento de comunicación e soporte de expresión creativa.</li> </ul>
<b>Destinatarios</b>	Toda a comunidade educativa.
<b>Temporización</b>	Primeiro trimestre
<b>Colaboran</b>	EDLG - EBIBLIO - Comunidade educativa - Familias.

<b>ACTIVIDADE</b>	<b>“DÍA INTERNAC. CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO” (25-11-23. Venres 24-11-2023)</b>
<b>Descrición</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O venres 24/11/2023, procederíase á decoración do centro con elementos significativos (paneis con mans, collage de poemas ou palabras...). Estas palabras, poemas ou mensaxes serán significativas contra a violencia de xénero, poden ser elaboradas polo alumnado ou extraídas dun conto, unha canción...</li> <li>• Lecturas, contacontos, visualizacións de películas/cortos, escoitar música...</li> <li>• Posibilidade de concretar un escape-room relacionado co tema (cursos superiores).</li> <li>• Traballo con materiais adquiridos polo centro para o desenvolver o Plan de Igualdade, e que están a disposición do profesorado na Biblioteca do centro.</li> <li>• Oferta de materias educativos diversos para as dúas etapas que se imparten no centro (contos, vídeos, actividades, publicacións, enlaces de interese a aplicacións interactivas,...), incluso algún material da ESO que pode interesar ao alumnado de 5º e 6º de EP. Será moi importante traballar en todas as idades a coeducación e a igualdade, sobre todo en EI, e ademais nas que se considere a violencia de xénero propiamente en cursos superiores de EP.</li> <li>• Actividades con materiais sobre esta temática adquiridos pola ANPA Fontenla e que forman parte dos fondos da Biblioteca do centro (contos, guías...). Existe a posibilidade de que oferten algunha actividade concreta para o alumnado.</li> <li>• Proposta de montaxe dixital en colaboración co equipo das TICS, cunha canción relacionada coa temática, na que cada grupo ou clase participe nunha estrofa, subindo o resultado á páxina web do centro.</li> <li>• Lazos con mensaxes no peche exterior do centro.</li> </ul>
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fomentar o respecto entre compañeiros e compañeiras.</li> <li>• Crear un clima de bo trato no centro.</li> <li>• Respetar as diferenzas de xénero como algo positivo e que nos enriquece como persoas.</li> </ul>

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 - 2024

	<ul style="list-style-type: none"> <li>Motivar ao alumnado para conseguir un cambio de actitudes para promover relacións igualitarias.</li> </ul>
<b>Destinatarios</b>	Toda a comunidade educativa.
<b>Temporización</b>	Primeiro trimestre
<b>Colaboran</b>	EDLG - EBIBLIO - Comunidade educativa - Familias.

<b>ACTIVIDADE</b>	<b>“DIA ESCOLAR DAS PERSOAS CON DIVERSAS CAPACIDADES” <i>Día internacional das persoas con discapacidade (03-12-2023, Venres 01/12/23)</i></b>
<b>Descrición</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Traballar diversos materiais (publicacións, películas, debuxos....), en titorías sobre o tema da Discapacidade (sobre todo funcional), facilitados polo EDLG ou procedentes da Rede e Biblioteca escolar... e seleccionado segundo as idades do alumnado destinatario. Posibilidade de facer algunha proxección conxunta por aulas sobre a temática.</li> <li>Facer algunha exposición oral ou escrita na que falen das calidades máis positivas de diferentes persoas con discapacidade, noticias de prensa, publicacións empregadas... ou mesmo dun ou dunha compañeiro/a da clase ou centro.</li> <li>Facer un mural ou varios, a modo de paraugas que recolle a todos en equidade, un paraugas no que as pingas levan mensaxes. Estas mensaxes levarán frases significativas, escritas e/ou debuxadas, de respecto, non discriminación, equidade, dereitos universais...,</li> <li>Decoración do centro con elementos significativos.</li> </ul>
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Valorar a importancia do respecto polas “diversas capacidades” das persoas.</li> <li>Observar o espírito de superación que amosan as persoas con discapacidade.</li> <li>Coñecer os dereitos e os deberes de todo o alumnado principalmente, pero tamén dos colectivos máis vulnerables do centro.</li> </ul>
<b>Destinatarios</b>	Toda a comunidade educativa
<b>Temporización</b>	Primeiro trimestre
<b>Colaboran</b>	EACE, EDLG, Comisión da Convivencia, ANPA

<b>ACTIVIDADE</b>	<b>NADAL EN GALEGO (Do 1 ao 20 do 12/2023)</b>
<b>Descrición</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Celebración do <b>12º Concurso de Postais con mensaxes de Nadal</b>, elaboradas de xeito voluntario e na clase. Posteriormente o equipo docente de cada clase seleccionará as 3-4 mellores para finalmente un xurado elixir unha de EI e outra de cada ciclo de EP. Logo de elixir unha postal gañadora de cada categoría, escanearase e mostraranse na páxina web do colexio.</li> <li>Facer un percorrido polos “personaxes” máis tradicionais do Nadal en España. Ademais do Apalpador, Papá Noel ou os Reis Magos, presentarlles ao Olentzero do País Vasco e o Cagá Tió en Cataluña,</li> </ul>

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 - 2024

	<p>de xeito que se faga un percorrido por diferentes puntos da xeografía española. Poderá facerse unha exposición.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Posibilidade de facer un amigo invisible na aula, no que o agasallo sexa un debuxo, unha carta... algo o máis orixinal e persoal posible elaborado na aula.</li> <li>• Posibilidade de que dende o EACE se desenvolva algunha actividade/festival de nadal con actividades en lingua galega (canciós ou audicións de músicas tradicionais, panxoliñas...).</li> </ul>
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender a importancia de manter as tradicións de Galicia.</li> <li>• Difundir os diferentes concursos do Concello ou outras institucións para o Nadal en lingua galega.</li> <li>• Normalizar o uso formal da lingua escrita nun contexto onde prima o galego.</li> <li>• Empregar a lingua como instrumento de comunicación e soporte de expresión creativa..</li> </ul>
<b>Destinatarios</b>	Toda a comunidade educativa.
<b>Temporización</b>	Primeiro trimestre
<b>Colaboran</b>	EDLG, EACE, Comunidade educativa, Concello de Santiago de C., Familias.

<b>ACTIVIDADE</b>	<b>O DÍA ESCOLAR DA NON VIOLENCIA E DA PAZ (Martes 30/01/2024) “DEREITOS E DEBERES: APRENDEMOS A CONVIVIR”</b>
<b>Descrición</b>	<p>O martes 30/01/2024 celébrase o <b>Día internacional da Paz</b>, para o que se propoñen diferentes actividades:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballo nas aulas dos dereitos e deberes dos integrantes da comunidade escolar (reflectidos na Lei 4/2011 de convivencia)</li> <li>• Recolección de novas da prensa, sobre os acontecementos mundiais favorables á paz e os contrarios.</li> <li>• Facer debuxos, buscar historias nas que se reflicte a paz, a non violencia, fotos...</li> <li>• Actividade das “Ás”. Decoramos plumas con frases ou palabras relacionadas coa paz nas aulas. Con esas plumas faremos unha silueta con dúas ás a modo de “photocall “ onde os nenos e nenas poderán sacarse fotos que se subirán á web do centro ou aulas virtuais.</li> </ul> <p>Ao longo do curso desenvolveranse, principalmente nas titorías outras conmemoracións que favorecen a convivencia no centro, entre estas destacamos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ 20 de novembro: Día universal dos dereitos do neno.</li> <li>○ 25 de novembro: Día en contra da violencia de xénero (máis detallado antes).</li> <li>○ 3 de decembro: Día da discapacidade (máis detallado antes).</li> <li>○ 6 de decembro: Día da Constitución.</li> <li>○ 10 de decembro: Día internacional dos dereitos humanos.</li> </ul>

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 - 2024

	Lembrar que o día da paz debe ser todos os días do ano!!
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Valorar a importancia da paz no mundo.</li> <li>• Coñecer os dereitos e os deberes do alumnado principalmente, pero tamén dos restantes colectivos do centro.</li> </ul>
<b>Destinatarios</b>	Toda a comunidade educativa
<b>Temporización</b>	Segundo trimestre
<b>Colaboran</b>	EACE, EDLG, Comisión da Convivencia, ANPA

ACTIVIDADE	DESCUBRINDO O NOSO ENTROIDO (Semana do 5 ao venres 9/02/2024)
<b>Descrición</b>	<p>Realizaranse varios tipos de actividades</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Entroido</b>: estudar e traballar a tradición desta conmemoración, os distintos entroidos de <b>Galicia</b>, as particularidades de cada un (vestimentas, lugares, personaxes, tradicións, gastronomía...), coplas satíricas, regueifas... Realizaranse ademais murais e máscaras que se expoñerán polo centro.</li> <li>• Ademais de falar do Entroido de Galicia, tamén se propón facer un percorrido polo Entroido de diferente partes do <b>Mundo</b>: R. Xaneiro, Venecia, Tenerife... e facer un mural para dala a coñecer a todo o alumnado do centro.</li> <li>• Crearase un auténtico ambiente de Entroido, participando dos costumes da zona. Creación e colocación dun <b>meco</b> no que se irán poñendo consignas diarias ao longo da semana do Entroido, para que o alumnado e profesorado que o desexe veña disfrazado segundo estas. Un cartel anuncia o comezo do Entroido que se inicia coas consignas ou mandados diarios do meco (coplas) que animan á participación e organización dos disfraces diarios, previos ao día grande do <b>desfile</b> que se fará a cargo do EACE. Procurarase que os disfraces garden relación co PDI deste curso.</li> </ul>
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñecer e valorar algúns aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia e doutros lugares.</li> <li>• Enriquecer o vocabulario do alumnado, traballando o léxico, refráns, cantigas,... relacionados co tema.</li> <li>• Favorecer a relación entre o alumnado a través de actividades lúdicas</li> <li>• Coñecer, respectar e aceptar as diferentes formas de celebrar o entroido nas distintas culturas do alumnado que convive no noso centro.</li> </ul>
<b>Destinatarios</b>	Toda a comunidade educativa.
<b>Temporización</b>	Segundo trimestre
<b>Colaboran</b>	EDLG, EACE, Titores/as, Outros

ACTIVIDADE	O DÍA DE ROSALÍA (Xoves 23/02/2024)
------------	-------------------------------------

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 - 2024

<b>Descrición</b>	<p>Con motivo de homenaxear o nacemento desta importantísima figura da nosa literatura o 23/02/2024 celebramos o <b>Día de Rosalía de Castro</b> con varias actividades</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Consideración das actividades propostas pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG).</li> <li>• Proposta actividade “Rosalía en familia”: Repartimos poemas por clases, cada familia manda vídeos lendo eses poemas e despois con eses vídeos en colaboración con equipo das TICS faremos montaxes na que cada familia lea partes ou estrofas dese poema.</li> <li>• Proposta actividade “Fotografía a Rosalía”: As familias fan fotografías que teñan que ver con Rosalía: en rúas, lugares, con libros. Con esas fotografías faremos unha exposición no recibidor do colexio.</li> <li>• Actividades para traballar a vida, obra e valores que transmite a autora.</li> <li>• Outras: por determinar....</li> </ul>
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dar a coñecer a vida e obra de Rosalía de Castro.</li> <li>• Traballar nas aulas a súa obra.</li> <li>• Valorar o papel de Rosalía no desenvolvemento da muller.</li> </ul>
<b>Destinatarios</b>	Toda a comunidade educativa
<b>Temporización</b>	Segundo trimestre
<b>Colaboran</b>	EDLG e Outros

<b>ACTIVIDADE</b>	<b>O DÍA INTERNACIONAL DA MULLER (Venres 08/03/2024)</b>
<b>Descrición</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presentar e falar co alumnado de diferentes mulleres que influíron na humanidade. O alumnado fará un traballo de investigación sobre estas mulleres coa finalidade de facer un díptico ou tríptico informativo coa intención de publicitalo e compartilo co alumnado dos diferentes cursos (na web e/ou nas aulas virtuais).</li> <li>• Estudar vida e obra dalgunhas destacadas mulleres. En colaboración cos outros equipos. Exposición sobre mulleres galegas destacadas.</li> <li>• Concurso de pistas para descubrir no nome de dúas mulleres destacadas na historia (en colaboración do Equipo de Biblioteca</li> </ul>
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Valorar o papel das mulleres na historia da humanidade...</li> <li>• Investigar a importancia da igualdade entre homes e mulleres.</li> </ul>
<b>Destinatarios</b>	Toda a comunidade educativa
<b>Temporización</b>	Segundo trimestre
<b>Colaboran</b>	EDLG e Outros

<b>ACTIVIDADE</b>	<b>OS MAIOS (Mércores 03/05/2024)</b>
-------------------	---------------------------------------

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 - 2024

<b>Descrición</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• El elabora o maio coa colaboración do alumnado e das súas familias, que aportan flores, ramas verdes, flores, ovos decorados. Elaborarán colares, colonias...etc. As aulas de primaria que o desexen baixarán ao edificio de infantil para recibir as explicacións deste alumnado sobre o seu traballo.</li> <li>• Elaboración alfombra floral en primaria (colaboran as clases que o desexen).</li> <li>• Recitar ou cantar diferentes coplas propias da festividade dos maios.</li> <li>• Realizar representacións gráficas e/ou plásticas desta festividade.</li> </ul>
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñecer a festividade dos maios en Galicia.</li> <li>• Identificar os diferentes elementos que conforman un maio.</li> <li>• Valorar a importancia do traballo en equipo na construción dun maio.</li> </ul>
<b>Destinatarios</b>	Toda a comunidade educativa
<b>Temporización</b>	Segundo trimestre
<b>Colaboran</b>	EDLG e Outros

ACTIVIDADE	<b>SEMANA CULTURAL (DO 13 AO 17 DE MAIO DE 2024) INCLUÍNDA A CONMEMORACIÓN DAS LETRAS GALEGAS</b>
<b>Descrición</b>	<p>No <b>mes de maio</b>, co gallo da celebración das Letras Galegas, levaranse a cabo de xeito conxunto o desenvolvemento de diferentes proxectos aglutinando as celebracións culturais deste trimestre, achegando así ao alumnado o uso da lingua galega en diferentes manifestacións culturais e asociándoa a valores positivos tales como a igualdade, diversidade, respecto,... Destacamos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Semana da Prensa (Do 4 ao 8/03/2024).</b>- A idea é traballar diferentes tipo de prensa: escrita, radio e televisión. Para traballar a prensa escrita construírse un xornal semanal cunha noticia de cada día da semana. Para a radio, facer entrevista a algún personaxe da contorna. Para a televisión a idea sería gravar un telexornal ou programa de contidos, que posteriormente se podería difundir pola web do centro e/ou aulas virtuais.</li> <li>• <b>Día mundial da poesía (21/03/2024), día do libro infantil (02/04/2024) e semana do libro (19 ao 23/04/2024).</b>- Recital en común dun libro de lingua galega ou dunha composición dun autor ou dunha autora galegos, poemas ilustrados, coñecer libros polo seu autor e historia...</li> <li>• <b>Semana das letras galegas (do 8 ao 17/05/2024).</b>- Co obxecto de que <b>Luisa Villalta</b>, figura homenaxeada o <b>Día das Letras Galegas</b>, non sexa só unha personaxe do que se fale ese día e do que non se coñeza nada máis, levaranse a cabo as seguintes actividades: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Traballárase nas aulas a figura da intelectual ao que se lle dedica o día. Posteriormente poderán facerse diferentes exposicións destes traballos (aula / centro).</li> <li>○ Presentacións e exposición, en diversos formatos, da súa vida, obra...</li> </ul> </li> </ul>

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 - 2024

	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Desenvolvemento de actividades do Seminario Galán por cada curso.</li> </ul> <p>Como actividade final desta semana, faremos o martes 14 de maio o <b>Mercatroco de libros por Fontiños</b>, no que o alumnado, por idades e logo de recibir o pago pola entrega previa dos seus libros en <b>Billetes de 1 Fontiño</b> (moeda oficial na honra do autor das Letras Galegas), poderá mercar novos libros.</p>
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Celebrar de xeito conxunto importantes conmemoracións culturais</li> <li>• Dar a coñecer a figura da persoa homenaxeada no ano 2024.</li> <li>• Achegar a figura de <b>Luisa Villalta</b> a toda a comunidade educativa e achegar a súa obra.</li> </ul>
<b>Destinatarios</b>	Toda a comunidade educativa
<b>Temporización</b>	Terceiro trimestre (maio)
<b>Colaboran</b>	EDLG, EACE, Equipo de Biblioteca, Equipo de TIC, Titores/as

ACTIVIDADE	PROXECTO LECTOR DE CENTRO
<b>Descrición</b>	Propoñer libros en galego para a súa incorporación ás aulas e así aumentar o número de volumes que o alumnado pode utilizar na hora de ler.
<b>Obxectivos</b>	Sensibilizar e implicar ao profesorado na posta en marcha do proxecto lector do centro facéndolle ver a súa importancia como mediador no desenvolvemento da competencia lectora e escrita.
<b>Destinatarios</b>	Toda a comunidade educativa
<b>Temporización</b>	Ao longo de todo o curso
<b>Colaboran</b>	EDLG, Equipo de biblioteca, Profesorado

ACTIVIDADE	PARTICIPACIÓN NA PÁXINA WEB DO CENTRO / AULAS VIRTUAIS
<b>Descrición</b>	Continuar participando na elaboración e actualización da páxina web do centro, acolléndonos ás webs dinámicas da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Publicación, na web do centro e/ou nas aulas virtuais, das actividades desenvolvidas no centro, así como traballos realizados polo alumnado ou calquera membro da comunidade educativa, para dar a coñecer a vida académica e extraescolar do centro ademais de potenciar as competencias lingüísticas do alumnado.
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Normalizar o uso formal da lingua escrita nun contexto onde prima o uso do galego.</li> <li>• Empregar a lingua como instrumento de comunicación e soporte de expresión creativa.</li> <li>• Fomentar a presenza do galego nas TIC.</li> <li>• Impulsar un uso correcto da nosa lingua.</li> <li>• Axudar a normalizar o galego na escrita.</li> <li>• Dinamizar a lingua no ámbito das novas tecnoloxías.</li> </ul>
<b>Destinatarios</b>	Alumnado (creador e receptor) e resto da comunidade educativa
<b>Temporización</b>	Ao longo de todo o curso e en vindeiros cursos (plurianual)

<b>Colaboran</b>	Equipo de TIC, Equipo de Biblioteca, EDLG, EACE, alumnado, profesorado...
------------------	---

<b>ACTIVIDADE</b>	<b>PROMOCIÓN DA LECTURA EN GALEGO</b>
<b>Descrición</b>	Coa colaboración do Equipo de Biblioteca, Concello, editoriais, ANPA, levaranse a cabo sesións de conta contos e animación á lectura. Continuarase, na medida do posible, coa visita de autores.
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Desenvolver o gusto pola lectura.</li> <li>• Achegar o alumnado á literatura oral.</li> <li>• Amosar que hai actividades de ocio moi divertidas en lingua galega.</li> </ul>
<b>Destinatarios</b>	Toda a comunidade educativa
<b>Temporización</b>	Ao longo de todo o curso
<b>Colaboran</b>	EDLG, Equipo de biblioteca, Outros: Concello, ANPA, Editoriais....

Estas actividades son as que están programadas neste momento, pero ao longo do curso, ademais de colaborar coas iniciativas dos outros equipos do centro e da ANPA, faranse aquelas actividades que vaian xurdindo na dinámica da escola.

Asemade, continuarase mercando material didáctico, bibliográfico, vídeos e material informático feito en galego. Indicar ademais que este curso a maioría dos materiais elaborados nas diversas actividades se publicitarán a través das TICS, por medios visuais e auditivos (web do centro, aulas virtuais, edixgal...).

As reunións do Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) son un martes de cada mes, de 16:00 a 17:00 como horario fixo, e ademais reuniremonos nas ocasións nas que as necesidades e o grupo o consideren necesario. A avaliación e memoria faranse no terceiro trimestre.

### **8.2.5.- Equipo de actividades complementarias e extraescolares**

Dende o equipo de actividades complementarias e extraescolares intentaremos propoñer diferentes actividades en colaboración con distintas entidades da nosa contorna atendendo á oferta recibida e en función a conveniencia das mesmas.

Durante as reunións do equipo valoraremos o contido, data de celebración, custe económico e conveniencia das diferentes celebracións e actividades. Para o deseño, programación e execución destas actividades traballarase conxuntamente cos outros equipos, especialmente co EDLG e Biblioteca.

As saídas de fin de curso faranse por nivel.



De acordo co establecido no capítulo IV do Regulamento Orgánico das Escolas de E.I e dos Colexios de E.P. constitúese o equipo de actividades complementarias e extraescolares que estará integrado polos seguintes membros:

<b>Coordinadora</b>	Juan José Vilas Fernández
<b>Compoñentes</b>	Samuel Busto Casal (E.M.)
	Olalla Veiga Graña (A.L.)
	Lydia Brenlla López
	Montserrat López Suárez (E.P. II)
	Teresa Lourido Míguez (E.I)
	Salomé G. Méndez – B. (E.I)
	Irene Raña Amido (E.P. I)
	Cristina Díaz Fernández (P.T.)

### **FUNCIÓNS:**

As funcións que desempeñará o equipo serán as seguintes:

- 1.- Elaborar o programa anual de celebracións fixas para o que se terán en conta as propostas dos equipos de nivel/ciclo, dos profesores e dos pais e as orientacións do claustro e comisión de coordinación pedagóxica.
- 2.- Programar cada unha das actividades especificando responsables, momento e lugar de realización, repercusións económicas e forma de participación do alumnado.
- 3.- Proporcionarlles aos alumnos/as e aos pais/nais información relativa ás actividades do equipo.
- 4.- Promover e coordinar as actividades culturais e deportivas en colaboración co claustro, a comisión de coordinación pedagóxica, os equipos de ciclo e a/s asociación/s de pais.
- 5.- Coordinar a organización dos intercambios escolares e calquera tipo de viaxes que se realicen cos/as alumnos/as.
- 6.- Distribuír os recursos económicos procedentes de achegas de institucións, asociacións ou do propio centro, logo de aprobación polo consello escolar. Elaborar unha memoria final de curso coa avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria de centro.
- 7.- Presentar propostas ao equipo directivo para a realización e intercambio de actividades cos centros da súa contorna.

8.- Este equipo, previa convocatoria da súa coordinadora, reunirse ao longo do curso o segundo martes de cada mes e tantas veces como sexa preciso para levar a cabo as tarefas que ten encomendadas.

### OBXECTIVOS:

Os obxectivos presentes para o seguinte curso serán:

- Aproveitar as actividades ofertadas co fin de fomentar a formación integral do alumnado.
- Fomentar o coñecemento das tradicións e festas populares da nosa contorna.
- Motivar ao alumnado dunha maneira lúdica e participativa na celebración das mesmas.
- Identificar e concienciar ao alumnado nas datas e celebracións de carácter transcendente.

#### 8.2.6.- Equipo de biblioteca

A Biblioteca escolar concíbese como un centro de recursos organizado que pretende favorecer o Proxecto Lector e apoiar a aprendizaxe de todas as áreas do currículo e posibilitar a igualdade educativa do alumnado.

A nosa forma parte do grupo de Bibliotecas englobadas no Plan de Mellora de Bibliotecas escolares de Galicia.

#### A) EQUIPO DE BIBLIOTECA:

Coordinadora	Elisamar Goitía Molina
<b>Compañentes</b>	Fermina García Armesto (E.I.)
	Mónica Fernández Vieites (E.I.)
	Ana Mosquera Calviño (E.P. III)
	Isolina Tomé Barbeira (E.P. I)
	Ana Valín García (E.I.)
	Olga Vilanova Mouriño (E.P. II)
	Conchi Vidal Garea (A.L)
	Sara Puga Rey (substituta de Inés Calvo González) (E.P. I)

As súas funcións son as seguintes:

1. Organización.
2. Elaboración do Plan anual / Memoria.

3. Elaboración de materiais diversos: carnés, boletíns informativos, materiais curriculares...
4. Autoformación.
5. Reunións periódicas e toma de decisións.
6. Deseño de actividades de uso, dinamización e animación.
7. Peticións de materiais e recursos.
8. Publicación e divulgación de experiencias e actividades.
9. Realización de recompilacións anuais.
10. Avaliación.

#### **B) PROFESORADO:**

1. Recibe información das actividades programadas. Colabora con elas.
2. Dispón dunha ou varias sesións semanais de uso.
3. Propón a adquisición de recursos.
4. Formaliza préstamos e devolucións.

#### **C) ALUMNADO:**

1. Durante este curso 23 - 24, cada grupo de alumnos e alumnas disporá do servizo de préstamo e lectura en sala.
2. Colabora en actividades de animación á lectura.
3. Utiliza os recursos da Biblioteca que se ofertan neste curso, entre eles a “aula adaptada de informática” con 3 ordenadores.
4. Participa en labores de organización e xestión a través dos equipos de colaboradores.

#### **D) PAIS / NAIS:**

Reciben información e recomendacións da biblioteca e de lecturas a través de boletíns, páxina web, blog de biblioteca, etc.

#### **E) BIBLIOTECAS DE AULA:**

Reciben lotes de libros da Biblioteca en préstamos a través do profesorado.

#### **Obxectivos:**

- Estimular o interese cara á lectura

- Utilizar a Biblioteca para a consecución dos obxectivos curriculares e de fomento da lectura.
- Realizar tarefas de reorganización do espazo e dos fondos da Biblioteca, de expurgo, catalogación, renovación e informatización dos mesmos.
- Informar sobre a organización e funcionamento da Biblioteca neste curso tan especial no que a pandemia obriga a adaptar as normas da mesma.
- Fomentar a Biblioteca da escola co servizo de empréstito.
- Contribuír á formación do profesorado ligado á Biblioteca escolar para mellorar a xestión e a dinamización. Participar en xornadas e cursos que permitan ampliar a formación do equipo.
- Dotar a todo o alumnado, unha vez catalogados todos os fondos, dun carné de Biblioteca que permita facer o préstamo a través do programa informático Meiga.
- Elaborar material diverso interactivo e dixital para a dinamización do servizo, así como adquirir recursos para o fondo da Biblioteca.
- Diseñar e realizar as distintas actividades relacionadas coa lectura.
- Divulgar a dinamización da Biblioteca a través da páxina web do centro, blogue da Biblioteca, de folletos e outras publicacións.
- Avaliar periodicamente o funcionamento da Biblioteca escolar e do Plan lector.

### **Contidos:**

1. Renovación e reorganización dos fondos e recursos da Biblioteca: expurgo, catalogación, informatización Elaboración de material.
2. Publicitación do servizo. A Biblioteca na rede: blogs e páxinas web.
3. Fomento da participación en tarefas relacionadas coa lectoescritura e a Biblioteca: concursos literarios, sesións de contacontos, charlas, lecturas guiadas, exposicións, ciclos de cine...
4. Hábitos lectores e de coidado e respecto polos fondos e os espazos da Biblioteca.
5. Divulgación dos fondos e recursos.
6. As fontes de información.
7. Formación de profesorado e alumnado.
8. Celebracións e datas relacionadas coa literatura, a lectura e a cultura en xeral.

### **ACTIVIDADES:**

## **Organización do espazo e dos recursos dispoñibles, así como a elaboración de carnés de lector ou lectora.**

- Adquisición de recursos axeitados. Renovación dos mesmos.
- Préstamo de libros, feito desde cada titoría, coidando os exemplares entre empréstitos.
- Actividades encamiñadas á motivación cara a lectura.
- Actividades de escritura: contos, poesías...
- Publicación de boletíns na páxina web da escola sobre aspectos relacionados coa Biblioteca.
- Procura de información para deseñar/programar actividades.
- Elaboración de materiais en soporte dixital.
- Actividades de animación á lectura: xogos, concursos literarios, contacontos,
- Reunións periódicas do equipo da Biblioteca.
- Celebración de campañas relacionadas: Letras Galegas, día do libro, día da Biblioteca...
- Asistencia a charlas de persoas relacionadas co mundo editorial (autores, ilustradores...) en grupos estables de convivencia.
- Coordinación cos diferentes departamentos e equipos de traballo do Centro.
- E ademais actividades incluídas no proxecto de Mellora de Bibliotecas escolares de Galicia para o noso Centro.

### **TEMPORALIZACIÓN:**

#### **A) HORARIOS:**

**a.1. En horario lectivo:** cada titoría pode utilizar a Biblioteca na hora que ten asignada (tanto para préstamo, devolución como para de realización de actividades informáticas..). Ademais permanece aberta no horario matinal con sesións asignadas especificamente para o alumnado do 1º e 2º nivel que acude para utilizar os ordenadores que se habilitaron alí neste curso.

**a.2. En horario non lectivo:** polas tardes, o profesorado atende o servizo de Biblioteca todo os días da semana agás os martes. O calendario de gardas de Biblioteca aparece reflexado na presenta Programación Xeral Anual.

#### **B) TEMPORALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES:**

Todas as actividades programadas serán desenvolvidas ao longo do presente curso. Algunhas delas en momentos puntuais, para conmemorar datas, autores, días internacionais...

Periodicamente, a lo menos unha vez ao mes, logo de reunirse o equipo de Biblioteca, decidiranse as accións a levar a cabo, que quedarán reflectidas por escrito nas correspondentes actas de reunión.

## **AVALIACIÓN:**

### **Aspectos a avaliar:**

- A participación nas actividades relacionadas coa Biblioteca e a lectura en xeral.
- Uso por parte dos alumnas/as e profesorado.
- A adecuación dos horarios.
- A adecuación dos recursos.
- A comunicación do equipo coas titorías.
- Os hábitos de lectura e o respecto ás normas.

### **Instrumentos de avaliación:**

- Observación, por parte de titores, profesores e equipo de Biblioteca.
- Fichas e cuestionarios. Enquisas. Rexistros.
- Traballos do alumnado.
- Valoracións individuais a través da caixa de suxestións.
- Participación en concursos.
- Reconto de entradas/visitas ao blogue da Biblioteca.
- Reconto de préstamos dos fondos da Biblioteca.

## **PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO:**

Este curso o PDI que vertebrará parte das actividades do centro, e que estará coordinado pola Biblioteca titúlase “*Feito a man*”.

### **8.2.7.- Equipo das tecnoloxías da información e da comunicación**

<b>Coordinador</b>	Rafael Devesa Queiruga
<b>Compoñentes</b>	Inés Blanco Vázquez (E.P. II)
	Ana Brea Botana (F.I.)
	M <sup>a</sup> Magdalena De Rojas Silva (E.I.)
	Pedro Meijide Méndez (E.P. III)

	María Trilla Segura (F.I.)
	Raquel Padrones García (E.P. III)
	M <sup>a</sup> Luz Vázquez Castro (E.P. I)
	Lorena M <sup>a</sup> Barbazán Pais (PROA)

## OBXECTIVOS:

- Dinamizar e impulsar o uso das TIC do Centro.
- Promover o uso e aproveitamento dos recursos TIC .
- Elaborar e actualizar o inventario dos medios existentes.
- Organizar o mantemento cotiá dos equipamentos informáticos e audiovisuais.
- Incrementar e mellorar as instalación e medios TIC do centro .
- Dar soporte con medios TIC a actividades organizadas no Centro.
- Organizar e xestionar os medios e recursos TIC do centro.
- Coordinar co asesor da zona, coa UAC e co servizo Premium.
- Potenciar a formación do profesorado no eido das TIC e do Proxecto E- Dixgal.
- Potenciar o uso de Abalar móbil como ferramenta de comunicación coas familias.
- Crear, administrar e manter os diferentes cursos da Aula Virtual.
- Participar activamente na formación do profesorado no uso e manexo de TIC e de EDIXGAL.
- Matricular alumnado na Aula Virtual.
- Familiarizar ao alumnado coas novas tecnoloxías, en particular coa Aula Virtual do centro.
- Realizar un cuestionario para coñecer os medios técnicos e a calidade de conexión das familias.
- Potenciar as comunicacións coa comunidade educativa mediante o uso de Abalar Móbil e a Aula Virtual.
- Formar ao profesorado no ensino a distancia a través da participación en diferentes cursos organizados pola Consellería.
- Seguir contando co servizo dun informático para solucionar os problemas máis graves.
- Optimizar, mellorar e incrementar no posible os equipamentos TIC e audiovisuais do centro procurando obter o máximo rendemento dos mesmos.
- Solucionar os problemas dos ordenadores EDIXGAL, mediante o servizo Premium, así como as dúbidas das familias.

- equipo reunirse unha vez cada mes segundo o calendario previsto.
- Solicitar melloras na wifi do Centro.
- Actualizar a páxina web do centro.
- Fomentar o uso das aulas dixitais móbiles.
- Colaborar na elaboración do Plan Dixital do centro. equipo reunirse un martes de cada mes de 16:00 a 17:00 h., de acordo co calendario establecido nesta PXA para atender as competencias que ten asignadas.

#### 8.2.8.- Departamento de orientación

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	
Xefa do DO	Lucía Cruces Estévez
Coordinadora EI	Magdalena de Rojas Silva
Coordinadora 1º ciclo	María Luz Vázquez Castro
Representante 2º ciclo	Montserrat López Suárez
Coordinadora 3º ciclo	Ana Mosquera Calviño
Especialista 1 PT	Mª del Carmen Rivas Fraga
Especialista 2 PT	Cristina Díaz Fernández (substitúe a María Isabel Barreiro Gundín responsable de UACO – RAOGAL)
Especialista 3 PT	Ana Gigirey Vilar
Especialista 4 PT	Lara Rodríguez Vázquez (compartida, asiste ao noso centro dous días a semana).
Especialista 1 AL	Concepción Vidal Garea
Especialista 2 AL	Olalla Veiga Graña
Especialista 3 AL	Eva Formoso Fernández (compartida, asiste ao noso centro dous días a semana)
PROA+	Lorena María Barbazán Pais

Os obxectivos do Departamento de Orientación recóllense no Plan de Orientación incorporado nesta Programación Xeral Anual.

Este Departamento reunirse mensualmente, segundo se establece no calendario de reunións do curso 2023 – 2024 (martes de 16:00 a 17:00).

#### 8.2.9.- Comisión de convivencia

A comisión de convivencia escolar está formada polos seguintes membros:



<b>Director</b>	Samuel Busto Casal
<b>Xefe de estudos</b>	Rafael Devesa Queiruga
<b>Representante do profesorado</b>	Teresa Lourido Míguez
<b>Representante do persoal non docente</b>	Diamantina A. Iglesias de Sousa
<b>Representantes dos pais e nais</b>	Abel Rodríguez – Moldes Rodríguez Juan Vázquez Caeiro

### OBXECTIVOS:

- Mellorar o clima de convivencia no centro en beneficio dunha educación de calidade.
- Sensibilizar ao alumnado sobre a súa implicación no recoñecemento e control dos conflitos de convivencia no centro.
- Potenciar o desenvolvemento de factores de socialización.
- Coñecer e aceptar as diferenzas entre iguais.
- Aprender a respectar outras situacións, vidas e gustos diferentes dos propios.

A Comisión de Convivencia Escolar reunirse unha vez por trimestre e todas aquelas que veces que sexan necesarias para acadar os seus obxectivos.

## 9.- XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO

### 9.1.- CALENDARIO ESCOLAR

O calendario escolar para este curso académico 2021-2022 ven regulado pola ORDE do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. O Consello Escolar do centro solicitou á Xefatura Territorial a declaración como non lectivo por razóns de tradición, costume o conveniencia pedagóxica o día 27 de maio, venres, de 2021.

### CALENDARIO ESCOLAR CURSO 23 - 24



COLEXIO EDUCACIÓN  
INFANTIL E PRIMARIA  
DAS FONTIÑAS

Rúa de Roma, 21  
15707 Santiago de Compostela  
E.P.: 981 54 31 75 – E.I.: 981 54 31 76  
E-mail: [ceip.fontinhas@edu.xunta.gal](mailto:ceip.fontinhas@edu.xunta.gal)  
<http://http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipfontinhas>

# CALENDARIO ESCOLAR 2023-2024

## SETEMBRO '23

L	M	M	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

## OUTUBRO '23

L	M	M	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

## NOVEMBRO '23

L	M	M	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30		

## DECEMBRO '23

L	M	M	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

## XANEIRO '24

L	M	M	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

## FEBREIRO '24

10:40 11:30	RELIXIÓN EVANXÉLICA 5º INF B <i>Aula de relixión evanxélica</i>	RELIXIÓN EVANXÉLICA 4ºA <i>Aula de relixión evanxélica</i>	RELIXIÓN EVANXÉLICA 6º INF A <i>Aula de relixión evanxélica</i>	RELIXIÓN EVANXÉLICA 2ºA <i>Aula de relixión evanxélica</i>	RELIXIÓN EVANXÉLICA 5º INF A <i>Aula de relixión evanxélica</i>
11:30 12:20	RECREO HORA DE LER				
12:20 13:10	RELIXIÓN EVANXÉLICA 1ºA <i>Aula de relixión evanxélica</i>	RELIXIÓN EVANXÉLICA 5ºA <i>Aula de relixión evanxélica</i>	RELIXIÓN EVANXÉLICA 4º INF B <i>Aula de relixión evanxélica</i>	RELIXIÓN EVANXÉLICA 6ºC <i>Aula de relixión evanxélica</i>	RELIXIÓN EVANXÉLICA 6ºA <i>Aula de relixión evanxélica</i>
13:10 14:00	RELIXIÓN EVANXÉLICA 1ºB <i>Aula de relixión evanxélica</i>	<b>GARDA GARDAS</b>	RELIXIÓN EVANXÉLICA 4º INF A <i>Aula de relixión evanxélica</i>	RELIXIÓN EVANXÉLICA 2ºC <i>Aula de relixión evanxélica</i>	RELIXIÓN EVANXÉLICA 3ºA <i>Aula de relixión evanxélica</i>

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 - 2024

Mar Rivero Fuentes					
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:00 9:50	EDUCACIÓN FÍSICA 6ºA <i>Patio cubierto 1</i>	EDUCACIÓN FÍSICA 4ºB <i>Patio cubierto 1</i>	EDUCACIÓN FÍSICA 6ºA <i>Patio cubierto 1</i>	EDUCACIÓN FÍSICA 2ºC <i>Patio cubierto 1</i>	GARDA GARDAS
9:50 10:40	EDUCACIÓN FÍSICA 2ºC <i>Patio cubierto 1</i>	EDUCACIÓN FÍSICA 2ºA <i>Patio cubierto 1</i>	EDUCACIÓN FÍSICA 5ºA <i>Patio cubierto 1</i>	EDUCACIÓN FÍSICA 2ºA <i>Patio cubierto 1</i>	EDUCACIÓN FÍSICA 6ºB <i>Patio cubierto 1</i>
10:40 11:30	GARDA GARDAS	GARDA GARDAS	EDUCACIÓN FÍSICA 5ºB <i>Patio cubierto 1</i>	EDUCACIÓN FÍSICA 2ºB <i>Patio cubierto 1</i>	EDUCACIÓN FÍSICA 5ºB <i>Patio cubierto 1</i>
11:30 12:20	RECREO HORA DE LER				
12:20 13:10	EDUCACIÓN FÍSICA 6ºB <i>Patio cubierto 1</i>	EDUCACIÓN FÍSICA 6ºC <i>Patio cubierto 2</i>	GARDA GARDAS	EDUCACIÓN FÍSICA 4ºA <i>Patio cubierto 1</i>	EDUCACIÓN FÍSICA 4ºA <i>Patio cubierto 1</i>
13:10 14:00	EDUCACIÓN FÍSICA 5ºA <i>Patio cubierto 1</i>	PLÁSTICA 2ºA 2ºA	EDUCACIÓN FÍSICA 6ºC <i>Patio cubierto 1</i>	EDUCACIÓN FÍSICA 4ºB <i>Patio cubierto 1</i>	EDUCACIÓN FÍSICA 2ºB <i>Patio cubierto 1</i>

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 - 2024

María Trilla Segura					
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:00 9:50	INGLÉS 5º INF A 4 ANOS A	INGLÉS 6ºA 6ºA	INGLÉS 4º INF A 3 ANOS A	GARDA GARDAS	INGLÉS 6ºA 6ºA
9:50 10:40	INGLÉS 5º INF B 4 ANOS B	INGLÉS 2ºC 2ºC	INGLÉS 4º INF B 3 ANOS B	INGLÉS 6ºB 6ºB	INGLÉS 6ºC 6ºC
10:40 11:30	INGLÉS 6º INF B 5 ANOS B	INGLÉS 6ºC 6ºC	INGLÉS 1ºA 1ºA	INGLÉS 2ºC 2ºC	GARDA GARDAS
11:30 12:20	RECREO HORA DE LER				
12:20 13:10	INGLÉS 6º INF A 5 ANOS A	INGLÉS 6ºB 6ºB	GARDA GARDAS	INGLÉS 2ºB 2ºB	INGLÉS 2ºB 2ºB
13:10 14:00	INGLÉS 6ºA 6ºA	REUNIÓN COORDINACIÓN BILINGÜE	INGLÉS 6ºB 6ºB	INGLÉS 6ºC 6ºC	INGLÉS 1ºA 1ºA

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 - 2024

Raquel Martínez Rial					
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:00 9:50	GARDA GARDAS	RELIXIÓN CATÓLICA 6ºB <i>Aula de relixión católica</i>	RELIXIÓN CATÓLICA 6º INF B <i>Aula 1</i>	RELIXIÓN CATÓLICA 3ºB <i>Aula de relixión católica</i>	GARDA GARDAS
9:50 10:40	RELIXIÓN CATÓLICA 4ºB <i>Aula de relixión católica</i>	GARDA GARDAS	GARDA GARDAS	RELIXIÓN CATÓLICA 2ºB <i>Aula de relixión católica</i>	RELIXIÓN CATÓLICA 5ºB <i>Aula de relixión católica</i>
10:40 11:30	RELIXIÓN CATÓLICA 5º INF B <i>Aula 1</i>	RELIXIÓN CATÓLICA 4ºA <i>Aula de relixión católica</i>	RELIXIÓN CATÓLICA 6º INF A <i>Aula 1</i>	RELIXIÓN CATÓLICA 2ºA <i>Aula de relixión católica</i>	RELIXIÓN CATÓLICA 5º INF A <i>Aula 1</i>
11:30 12:20	RECREO HORA DE LER				
12:20 13:10	RELIXIÓN CATÓLICA 1ºA <i>Aula de relixión católica</i>	RELIXIÓN CATÓLICA 5ºA <i>Aula de relixión católica</i>	RELIXIÓN CATÓLICA 4º INF B <i>Aula 1</i>	RELIXIÓN CATÓLICA 6ºC <i>Aula de relixión católica</i>	RELIXIÓN CATÓLICA 6ºA <i>Aula de relixión católica</i>
13:10 14:00	RELIXIÓN CATÓLICA 1ºB <i>Aula de relixión católica</i>	GARDA GARDAS	RELIXIÓN CATÓLICA 4º INF A <i>Aula 1</i>	RELIXIÓN CATÓLICA 2ºC <i>Aula de relixión católica</i>	RELIXIÓN CATÓLICA 3ºA <i>Aula de relixión católica</i>

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 - 2024

Samuel Busto Casal					
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:00 9:50	Dirección	Dirección	Dirección	Dirección	Dirección
9:50 10:40	MÚSICA 2ºA <i>Aula de música</i>	MÚSICA 1ºA <i>Aula de música</i>		MÚSICA 5ºA <i>Aula de música</i>	GARDA GARDAS
10:40 11:30	MÚSICA 6ºC <i>Aula de música</i>	MÚSICA 2ºB <i>Aula de música</i>		MÚSICA 5ºB <i>Aula de música</i>	MÚSICA 2ºC <i>Aula de música</i>
11:30 12:20	RECREO HORA DE LER				
12:20 13:10	Dirección	Dirección	MÚSICA 4ºB <i>Aula de música</i>	Dirección	Dirección
13:10 14:00		MÚSICA 1ºB <i>Aula de música</i>	MÚSICA 6ºA <i>Aula de música</i>	MÚSICA 4ºA <i>Aula de música</i>	MÚSICA 6ºB <i>Aula de música</i>

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 - 2024

<b>M<sup>a</sup> Magdalena de Rojas Silva</b>					
	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>1<sup>a</sup></b>	AP 5 <sup>º</sup> B	AP5 <sup>º</sup> B	COORD.	AP 6 <sup>º</sup> B	AP5 <sup>º</sup> B
<b>2<sup>a</sup></b>	GARDA	PLÁSTICA 6 <sup>º</sup> A	COORD.	PLÁSTICA 4 <sup>º</sup> A	AP 4 <sup>º</sup> A
<b>3<sup>a</sup></b>	AP 4 <sup>º</sup> A	AP 4 <sup>º</sup> A	AP 4 <sup>º</sup> A	AP 4 <sup>º</sup> A	AP 4 <sup>º</sup> A
<b>RECREO</b>					
<b>HORA DE LER</b>			6 <sup>º</sup> B	5 <sup>º</sup> B	4 <sup>º</sup> A
<b>4<sup>a</sup></b>	PLÁSTICA 5 <sup>º</sup> A	PLÁSTICA 4 <sup>º</sup> B	AP 6 <sup>º</sup> B	PLÁSTICA 5 <sup>º</sup> B	PLÁSTICA 6 <sup>º</sup> B
<b>5<sup>a</sup></b>	AP 4 <sup>º</sup> A	AP 4 <sup>º</sup> A	AP 4 <sup>º</sup> A	AP 4 <sup>º</sup> A	AP 4 <sup>º</sup> A

<b>Fermina García Armesto</b>					
<b>NINA</b>	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>1<sup>a</sup></b>	MÚSICA 4 <sup>º</sup> A	MÚSICA 6 <sup>º</sup> B	GARDA	MÚSICA 5 <sup>º</sup> A	MÚSICA 4 <sup>º</sup> B
<b>2<sup>a</sup></b>	MÚSICA 6 <sup>º</sup> A	APOIO 5 <sup>º</sup> A	AP 6 <sup>º</sup> A	AP 4 <sup>º</sup> B	MÚSICA 5 <sup>º</sup> B
<b>3<sup>a</sup></b>	AP 4 <sup>º</sup> B	AP 4 <sup>º</sup> B	AP 4 <sup>º</sup> B	AP 4 <sup>º</sup> B	AP 4 <sup>º</sup> B
<b>RECREO</b>					
<b>HORA DE LER</b>		6 <sup>º</sup> A	4 <sup>º</sup> B		5 <sup>º</sup> A
<b>4<sup>a</sup></b>	GARDA	AP5 <sup>º</sup> A	AP 5 <sup>º</sup> A	GARDA	AP 6 <sup>º</sup> A
<b>5<sup>a</sup></b>	AP 4 <sup>º</sup> B	AP 4 <sup>º</sup> B	AP 4 <sup>º</sup> B	AP 4 <sup>º</sup> B	AP 4 <sup>º</sup> B

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 - 2024

**Horarios do profesorado do Departamento de Orientación**

<b>Mª del Carmen Rivas Fraga</b>					
	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>09:00 – 09:50</b>	6ºEI A	6ºEI A	6ºEI A	6ºB	4ºB
<b>09:50 – 10:40</b>	6ºB	4ºB	4ºB	4ºB	6ºEI A / 6ºEI B
<b>10:40 – 11:30</b>	4ºB	6ºB	6ºB	2ºA	2ºA
<b>11:30 – 12:00</b>	<b>RECREO</b>				
<b>12:00 – 12:20</b>	<b>HORA DE LER</b>				
<b>12:20 – 13:10</b>	DO	6ºB	6ºB	2ºA	6ºB
<b>13:10 – 14:00</b>	6ºB	6ºB	6ºEI A / 6ºEI B	6ºEI A / 6ºEI B	2ºA

<b>Ana Gigirey Vilar</b>					
	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>09:00 – 09:50</b>	1ºB	4ºEI B	5ºEI A	2ºB	5ºEI A
<b>09:50 – 10:40</b>	5ºEI A	2ºC	1ºA	5ºEI A	2ºB
<b>10:40 – 11:30</b>	5ºA	DO	2ºB	5ºA	2ºB
<b>11:30 – 12:00</b>	<b>RECREO</b>				
<b>12:00 – 12:20</b>	<b>HORA DE LER</b>				
<b>12:20 – 13:10</b>	2ºC	2ºB	5ºEI A	2ºB	2ºB
<b>13:10 – 14:00</b>	1ºA	5ºEI A	1ºB	4ºEI B	5ºEI A



PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 - 2024

<b>Cristian Díaz Fernández</b>					
	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>09:00 – 09:50</b>	2°C	2°C	2°C	6ªA / 6°C	2°C
<b>09:50 – 10:40</b>	6ªA / 6°C	6ªA / 6°C	6ªA / 6°C	5ºEI B	2°C
<b>10:40 – 11:30</b>	2°C	2°C	2°C	2°C	6ªA / 6°C
<b>11:30 – 12:00</b>	<b>RECREO</b>				
<b>12:00 – 12:20</b>	<b>HORA DE LER</b>				
<b>12:20 – 13:10</b>	2°C	5ºEI B	5ºEI B	DO	5ºEI B
<b>13:10 – 14:00</b>	2°C	2°C	2°C	5ºEI B	2°C

<b>Concepción Vidal Garea</b>					
<b>CONCHI</b>	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>09:00 – 09:50</b>	DO	5ºEI A	4ºB	2ºA	6ºEI A
<b>09:50 – 10:40</b>	6ºEI A	6ºEI A	4ºEI B	5ºEI A	2ºA
<b>10:40 – 11:30</b>	2°C	2°C	2°C	6ªA / 6°C	4ºB
<b>11:30 – 12:00</b>	<b>RECREO</b>				
<b>12:00 – 12:20</b>	<b>HORA DE LER</b>				
<b>12:20 – 13:10</b>	6ªA / 6°C	2°C	6ªA / 6°C	2°C	2ºA
<b>13:10 – 14:00</b>	4ºEI B	6ªA / 6°C	4ºB	2ºA	6ªA / 6°C

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 - 2024

<b>Lara Rodríguez Vázquez</b>					
	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>09:00 – 09:50</b>	6°C		2ºA		
<b>09:50 – 10:40</b>	6°C		6°C		
<b>10:40 – 11:30</b>	2ºA		2ºB		
<b>11:30 – 12:00</b>	<b>RECREO</b>				
<b>12:00 – 12:20</b>	<b>HORA DE LER</b>				
<b>12:20 – 13:10</b>	2ºA		2ºB		
<b>13:10 – 14:00</b>	2ºB		2ºB		

<b>Olalla Veiga Graña</b>					
	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>09:00 – 09:50</b>	6ºEI A / 6ºEI B	5ºEI B	2ºB	5ºEI B	5ºEI B
<b>09:50 – 10:40</b>	DO	5ºEI A	2ºC	2ºC	5ºEI A
<b>10:40 – 11:30</b>	2ºC	6ºB	6ºEI A / 6ºEI B	6ºB	2ºB
<b>11:30 – 12:00</b>	<b>RECREO</b>				
<b>12:00 – 12:20</b>	<b>HORA DE LER</b>				
<b>12:20 – 13:10</b>	5ºEI A	2ºC	5ºEI A	5ºEI A	2ºC
<b>13:10 – 14:00</b>	5ºEI B	6ºB	5ºEI B	2ºB	6ºEI A / 6ºEI B

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 - 2024

<b>Eva Formoso Fernández</b>					
	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>09:00 – 09:50</b>	2ºA		2ºB		
<b>09:50 – 10:40</b>	2ºB		2ºB		
<b>10:40 – 11:30</b>	2ºB		6ºC		
<b>11:30 – 12:00</b>	<b>RECREO</b>				
<b>12:00 – 12:20</b>	<b>HORA DE LER</b>				
<b>12:20 – 13:10</b>	4ºB		6ºC		
<b>13:10 – 14:00</b>	4ºB		2ºA		

<b>Lorena M. Barbazán País (PROA +)</b>					
	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>09:00 – 09:50</b>	3ºB	5ºB	5ºA	3ºA	5ºA
<b>09:50 – 10:40</b>	4ºA	3ºA	6ºB		3ºB
<b>10:40 – 11:30</b>	6ºA		4ºA	4ºB	6ºC
<b>11:30 – 12:00</b>	<b>RECREO</b>				
<b>12:00 – 12:20</b>	<b>HORA DE LER</b>				
<b>12:20 – 13:10</b>					
<b>13:10 – 14:00</b>					

**9.5.3.- OUTROS HORARIOS****HORARIO USO BIBLIOTECA CURSO 22/23**

HORA DAS SESIÓNS	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:00 – 9:50					5º INF B
9:50 – 10:40			1ºB	4º INF B	4º INF A
10:40 – 11:30	2ºA	6ºA	2ºA	3ºA	4ºB
11:30 – 12:00	RECREO				
12:00 – 12:20	6ºC	5ºA	4ºB	6ºB	6ºA
12:20 – 13:10	2ºB	5º INF A	6º INF B	3ºB	6º INF A
13:10 – 14:00	4ºA		2ºC	5ºB	

**9.6.- HORARIO DE PERMANENCIA NO CENTRO SEN ALUMNADO**


Reunión do consello Escolar	Martes 16:00horas
Reunión Claustro de profesores	Martes 16:00 horas
Reunión Equipo Directivo	Venres 09:00 horas
Reunión Equipos de Ciclo	Martes 16:00 horas
Reunión Equipo de Biblioteca	Martes 16:00 horas
Reunión Equipo de TIC	Martes 16:00 horas
Reunión da Comisión de C. Pedagóxica	Martes 16:00 horas
Equipo de D. da L. Galega	Martes 16:00 horas
Titorías: Tempo de coordinación cos pais/titores	Martes 17:00 horas
Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares	Martes 16:00 horas
Reunión do Departamento de Orientación	Martes 16:00 horas

**10.- QUENDAS DO PROFESORADO NO TEMPO DE LECER DO ALUMNADO**

No presente curso 23/24 só haberá unha quenda de recreo entre as 11:30 e as 12:00 tanto en Educación Infantil e Primaria. Os días de chuvia o recreo farase no patio cuberto. Tanto neste patio como no exterior o alumnado poderá moverse libremente.

As gardas de recreo estarán formadas por 6 mestres e mestras segundo o calendario establecido mensual establecido en Educación Primaria e de 5 en Educación Infantil.

**11.- PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS E DO EQUIPO DIRECTIVO**



### 11.1.- PLAN DE ACTUACIÓN DO CONSELLO ESCOLAR

O Consello Escolar está formado polas seguintes persoas:

- Samuel Busto Casal
- Rafael Devesa Queiruga
- Raquel Padrones García
- Isolina Tomé Barbeira
- Teresa Lourido Miguez
- Salomé G. Méndez – Bengassi Gamallo
- David Vilela Martínez
- Irene Raña Amido
- Sandra Dios Suárez
- Natalia Poncela López
- Abel Rodríguez – Moldes Rodríguez
- Juan Vázquez Caeiro
- Beatriz Caamaño Villar
- Diamantina A. Iglesias de Sousa
- Milagros Castro Sánchez

O Consello Escolar terá as atribucións que se establecen no artigo 126 Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada na súa redacción pola Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro:

- a) Aprobar e avaliar aos proxectos e as normas aos que se refire o capítulo II do título V da Lei 2/2006.
- b) Informar a programación xeral anual do centro sen prexuízo das competencias do Claustro de profesores, en relación coa planificación e organización docente.
- c) Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.
- d) Participar na selección do director do centro nos termos que a LOE establece. Ser informado do nomeamento e cese dos demais membros do equipo directivo. No seu caso, previo acordo dos seus membros, adoptando por maioría de dous terzos, propoñer a revogación do nomeamento do director.
- e) Decidir sobre a admisión de alumnos con subxección ao establecido na LOE e das disposicións que o desenvolven.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 - 2024

- f) Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar porque se atean á normativa vixente. Cando as medidas disciplinarias adoptadas polo director correspondan a condutas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia do centro, o Consello Escolar, a instancia de pais ou titores, poderán revisar a decisión adoptada e propoñer, no seu caso, as medidas oportunas.
- g) Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade ente homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- h) Promover a conservación e renovación das instalacións e equipo escolar e aprobar a obtención de recursos complementarios.
- i) Fixar as directrices para a colaboración, con fins educativos e culturais, coas Administracións locais, con outros centros, entidades e organismos.
- j) Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e aprobar e os resultados das avaliacións internas e externas nas que participe o centro.
- k) Elaborar propostas e informes, a iniciativa propia ou a petición da Administración competente, sobre o funcionamento do centro e a mellora da calidade da xestión, así como sobre aqueles outros aspectos relacionados coa calidade da mesma.
- l) Calquera outras que lle sexan atribuídas pola Administración educativa.

Para desenvolver as funcións que ten encomendadas celebrará ao longo do curso escolar 4 reunións ordinarias nas datas que se indican e nelas trataranse, entre outros, os seguintes temas:

<b>Novembro</b>	Informe da Programación Xeral Anual.
<b>Xaneiro</b>	Aprobación do balance económico do exercicio 2023. Aprobación do orzamento para o curso 2023 / 2024. Seguimento da Programación Xeral Anual
<b>Abril</b>	Admisión de alumnos e alumnas para o curso 2024 / 2025. Seguimento da Programación Xeral Anual.
<b>Xuño</b>	Informe da memoria anual de fin de curso.

Na orde do día das reunións ordinarias incluíranse, ademais dos asuntos enumerados, todos aqueles que o normal funcionamento do colexio requiran informe e/ou aprobación do Consello Escolar.

Celebraranse cantas reunións extraordinarias fosen precisas para desenvolver as tarefas que ten encomendadas o Consello Escolar.

#### **11.1.1.- Plan de actuación da comisión económica**

Dentro do Consello Escolar, e tal como se contempla no artigo 44 do Regulamento Orgánico dos CEIP constitúese unha comisión económica formada polos seguintes membros:

- Samuel Busto Casal (Director).
- Raquel Padrones García (Secretaria).
- Salomé Guadalupe Méndez – Benegassi Gamallo (Representante do profesorado).
- Beatriz Caamaño Villar (Representante das familias).

Esta comisión reunirase ordinariamente en tres ocasións (Decembro, marzo e xuño) e extraordinariamente cantas veces faga falta para facer o seguimento do gasto e confeccionar os balances e informes para o Consello Escolar.

#### **11.1.2.- Plan de actuación da comisión de convivencia**

Dentro do Consello Escolar, e tal como se contempla no artigo 44 do Regulamento Orgánico dos CEIP, constitúese unha comisión de convivencia formada polos seguintes membros:

- Samuel Busto Casal (Director).
- Rafael Devesa Queiruga (Representante do profesorado).
- Teresa Lourido Míguez (Representante do profesorado).
- Diamantina Iglesias de Sousa (Representante do persoal non docente).
- Abel Rodríguez – Moldes Rodríguez (Representante das familias).
- Juan Vázquez Caeiro (Representante das familias).

Esta comisión reunirase ordinariamente en tres ocasións (outubro, xaneiro e xuño) e extraordinariamente cantas veces faga falta para facer o seguimento da convivencia escolar, velar pola súa xestión no marco do Plan de Convivencia e confeccionar os informes para o Consello Escolar.



**11.2.- PLAN DE ACTUACIÓN DO CLAUSTRO DO PROFESORADO**

É o órgano de participación do profesorado no goberno do centro, está integrado por todo o equipo docente que presta servizo no colexio e as súas competencias son as que se establecen no artigo 129 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, modificada pola Lei 3/2020 de 29 de decembro:

- a) Formularlle ao equipo directivo e ao consello escolar propostas para a elaboración da proxectos de centro e da programación xeral anual.
- b) Aprobar e avaliar a concreción do currículo e todos os aspectos educativos dos proxectos e da programación xeral anual.
- c) Fixar os criterios referentes á orientación, titoría e recuperación dos alumnos.
- d) Promover iniciativas no ámbito da experimentación e da investigación pedagóxica e na formación do profesorado do centro.
- e) Elixir os seus representantes no Consello Escolar de centro e participar na selección do director nos termos que se establecen na presente lei.
- f) Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.
- g) Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento
- h) escolar e os resultados das avaliacións internas e externas nas que participe o centro.
- i) Informar as normas de organización e funcionamento do centro.
- j) Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e a imposición de sancións e velar por que estas se atean á normativa vixente.
- k) Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro.
- l) Calquera outras que lle sexan atribuídas pola Administración educativa ou polas respectivas normas de organización e funcionamento.

O Claustro de profesores celebrará ao longo do curso escolar 5 reunións ordinarias nas datas que se sinalan para tratar, entre outros, os seguintes temas:

<b>Setembro</b>	Organización do comezo de curso. Suxestións para a programación xeral.
<b>Novembro</b>	Informe da PXA Informe e propostas ao equipo directivo.

<b>Xaneiro</b>	<p>Informe do balance económico do exercicio de 2.022</p> <p>Suxestións para a elaboración do orzamento do 2.023.</p> <p>Avaliación do desenvolvemento da PXA.</p> <p>Informe e propostas do equipo directivo.</p>
<b>Marzo</b>	<p>Informe da situación económica.</p> <p>Avaliación do desenvolvemento da programación xeral anual.</p> <p>Convocatoria de postos escolares vacantes para o curso 23 / 24</p> <p>Informe e propostas do equipo directivo.</p>
<b>Xuño</b>	<p>Memoria final de curso.</p>

Incluíranse na orde do día destas reunións todos os temas que nese momento requiran estudo, informe e/ou aprobación do claustro de profesores.

Celebraranse cantas reunións extraordinarias sexan necesarias para resolver os asuntos que o correcto funcionamento do centro así o requira.

### 11.3.- PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO

O equipo directivo do CEIP das Fontiñas durante o curso 23/24 está composto polos seguintes mestres e mestra:

- **Director:** Samuel Busto Casal
- **Xefe de estudos:** Rafael Devesa Queiruga
- **Secretaria:** Raquel Padrones García.

As competencias de cada un deles establécense nos artigos 27, 34 e 35 respectivamente do Regulamento orgánico das escolas de E.I. e colexios de E.P. O equipo directivo reunirase unha hora semanal, venres de 9:00 a 9:50, de acordo co calendario establecido nesta P.X.A para coordinar a atención das competencias que ten asignadas.

**HORARIO DE DEDICACIÓN AO CARGO:**

HORA DAS SESIÓNS	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:00 – 9:50	DIR XEF	DIR XEF	DIR XEF	DIR	DIR XEF SEC
9:50 – 10:40			DIR		
10:40 – 11:30	SEC	SEC	DIR SEC	SEC	SEC
11:30 – 12:00	RECREO				
12:00 – 12:20	HORA DE LER				
12:20 – 13:10	DIR	DIR		DIR XEF	DIR
13:10 – 14:00	DIR XEF				

**11.3.1.- Plan de actuación do Director**

As competencias da directora son as recollidas no artigo 27º do DECRETO 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria e cambiada sno artigo 132 da **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei 3/2020 de 29 de decembro:**

- a) Exercer a representación do centro, representar a Administración educativa nel e facerlle chegar a esta as formulacións, aspiracións e necesidades da comunidade educativa.
- b) Dirixir e coordinar todas as actividades do centro, sen prexuízo das competencias atribuídas ao claustro de profesores e ao consello escolar.
- c) Exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos obxectivos do proxecto educativo do centro. Garantir o cumprimento das leis e demais disposicións vixentes.
- d) Exercer a xefatura de todo o persoal adscrito ao centro.
- e) Favorecer a convivencia no centro, garantir a mediación na resolución dos conflitos e impoñer as medidas disciplinarias que correspondan aos alumnos, en cumprimento da normativa vixente sen prexuízo das competencias atribuídas ao consello escolar no artigo 127 desta lei. Para tal fin, promoverase a axilización dos procedementos para a resolución dos conflitos nos centros.
- f) Impulsar a colaboración coas familias, con institucións e con organismos que faciliten a relación do centro co ámbito, e fomentar un clima escolar que favoreza o estudo e

o desenvolvemento de cantas actuacións propicien unha formación integral en coñecementos e valores dos alumnos.

- g) Impulsar as avaliacións internas do centro e colaborar nas avaliacións externas e na avaliación do profesorado.
- h) Convocar e presidir os actos académicos e as sesións do consello escolar e do claustro de profesores do centro e executar os acordos adoptados no ámbito das súas competencias.
- i) Realizar as contratacións de obras, servizos e subministracións, así como autorizar os gastos de acordo co orzamento do centro, ordenar os pagamentos e visar as certificacións e documentos oficiais do centro, todo isto de acordo co que establezan as administracións educativas.
- j) Propoñer á Administración educativa o nomeamento e cesamento dos membros do equipo directivo, logo de información ao claustro de profesores e ao consello escolar do centro.
- k) Calquera outra que lle sexa encomendada pola Administración educativa

### **11.3.2.- Plan de actuación do Xefe de Estudos**

As competencias da xefe de estudos son as recollidas no artigo 34º do DECRETO 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria:

- a) Exercer, por delegación do director e baixo a súa autoridade, a xefatura do persoal docente en todo o relativo ó réxime académico.
- b) Substituír o director en caso de ausencia, enfermidade ou suspensión de funcións
- c) Coordinar e velar pola execución das actividades de carácter académico e de orientación de profesores e alumnos, en relación co proxecto educativo do centro, os proxectos curriculares de etapa e a programación xeral anual.
- d) Elaborar, en colaboración cos restantes órganos unipersoais, os horarios académicos de alumnos e profesores de acordo cos criterios aprobados polo claustro e co horario xeral incluído na programación xeral anual, así como velar polo seu estrito cumprimento.
- e) Coordina-la actividade dos coordinadores de ciclo.
- f) Coordinar e orienta-la acción dos titores de acordo co plan de acción tutorial.

- g) Coordinar a participación do profesorado nas actividades de perfeccionamento, así como planificar as actividades de formación de profesores feitas no centro.
- h) Coordinar a actividade docente do centro, con especial atención aos procesos de avaliación, adaptación curricular e actividades de recuperación, reforzo e ampliación.
- i) Facilita-la organización dos alumnos e impulsa-la súa participación no centro.
- j) Establece-los mecanismos para corrixir ausencias imprevistas do profesorado, atención a alumnos accidentados ou calquera eventualidade que incida no normal funcionamento do centro.
- k) Organiza-la atención dos alumnos nos períodos de lecer.
- l) Calquera outra función que lle poida ser encomendada polo director dentro do ámbito da súa competencia.

### **11.3.3.- Plan de actuación da secretaria**

As competencias do secretario son as recollidas no artigo 35º do DECRETO 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria:

- a) Ordena-lo réxime administrativo do centro, de conformidade coas directrices do director.
- b) Actuar como secretario dos órganos colexiados de goberno do centro, levantar acta das sesións e dar fe dos acordos co visto e prace do director.
- c) Custodia-los libros e arquivos do centro coa colaboración dos coordinadores do ciclo.
- d) Expedi-las certificacións que soliciten as autoridades e os interesados.
- e) Realiza-lo inventario xeral do centro e mantelo actualizado.
- f) Custodiar e dispoñe-la utilización dos medios audiovisuais, material didáctico, mobiliario ou calquera material inventariable.
- g) Coordinar, dirixir e supervisar, por delegación do director, a actividade e funcionamento do persoal de administración e de servicios adscrito ó centro.
- h) Elabora-lo anteproxecto de orzamento do centro de acordo coas directrices do consello escolar e oída a comisión económica.
- i) Ordena-lo réxime económico do centro, de conformidade coas instrucións do director, realiza-la contabilidade e render contas ante o consello escolar e as autoridades correspondentes.

- j) Velar polo mantemento material do centro en tódolos seus aspectos, de acordo coas indicacións do director.
- k) Dar a coñecer e difundir a toda a comunidade educativa a información sobre normativa, disposicións legais e asuntos de interese xeral ou profesional que se reciba no centro.
- l) Presidir, se é o caso, e, por delegación do director, a comisión económica
- m) Calquera outra función que lle encomende o director dentro do seu ámbito de competencia.

Concreción das actuacións do secretario no exercicio das súas competencias O Equipo directivo está desenvolvendo a concreción das súas competencias nas sesións de coordinación oficiais e extraoficiais (fóra do horario asignado).

## **12.- PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO EN PROGRAMAS DE FORMACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA**

Entendemos que o primeiro e máis eficaz xeito de innovación e formación do profesorado atópase no propio centro, tanto a través da coordinación, como do intercambio de experiencias contrastadas e probadas polos propios ensinantes. De aí que coidemos de maneira moi especial os tempos para a coordinación desde a máis preta como é a de persoas titoras do mesmo nivel/ciclo, equipos de Biblioteca, TICs, ENDLG, EACE; Departamento de Orientación; Comisión de Coordinación Pedagóxica ata o Claustro do Profesorado.

Neste presente curso o Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) do noso centro seguirá un itinerario: estratexias para a organización e posta en marcha dun POLO CREATIVO, organizado como seminario con nove horas de docencia.

Ademais, o profesorado participa en varios cursos de formación e grupos de traballo organizados polo CAFI e outros organismos.

## **13.- PLAN ANUAL DE LECTURA**

### **INTRODUCCIÓN**

O Plan Anual de Lectura toma como referencia o Proxecto Lector do Centro, co obxectivo de que o alumnado adquira as competencias lingüísticas, tanto en lectura como en

escritura, necesarias para o seu desenvolvemento integral, fomentando o hábito lector desde todas as áreas e niveis e posibilitando a igualdade educativa. Recolle ademais as liñas prioritarias de actuación ou programa específico da biblioteca, estruturado en dous bloques: As liñas xerais do Centro en canto a lectura e escritura e as relacionadas coa Biblioteca escolar.

O Plan forma parte da PXA 2023/24 e intégrase nas Programacións Didácticas de aula. Inclúe a adquisición de estratexias de busca, selección, valoración, uso e produción de información en diferentes soportes e formatos así como o fomento do hábito lector. Ademais, o tratamento da información e competencia dixital, a competencia cultural e artística e todo o que significa aprender a aprender. Ademais, inclúe o Proxecto Documental Integrado do colexio.

## **A) LIÑAS XERAIS DO CENTRO EN CANTO AO PROCESO LECTOR**

### **1.- OBXECTIVOS:**

- Desenvolver as competencias lectora e literaria estimulando o interese pola lectura creando hábitos lectores.
- Fomentar o amor pola lectura promovendo o amor pola lectura entre os estudantes, creando un ambiente positivo e emocionante o redor dos libros.
- Desenvolver habilidades de lectura axudando aos estudantes a desenvolver habilidades de lectura sólidas, incluíndo a fluidez, a comprensión lectora desde todas as áreas do currículo e a velocidade lectora.
- Promover a comprensión lectora ensinando estratexias tanto para a comprensión coma a identificación de temas e personaxes principais e secundarios, e a inferencia de significados
- Favorecer a aprendizaxe autónoma e aprender a aprender fomentando a lectura independente mediante a creación dun programa de lectura en casa e a dispoñibilidade de libros adecuados para a idade na biblioteca escolar
- Explorar a diversidade cultural expoñendo ao alumnado unha diversidade de autores e culturas a través da lectura de literatura internacional e multicultural e contribuíndo a garantir o uso igualitario dos recursos culturais.
- Desenvolver a imaxinación e a creatividade.

- Conseguir lectores e lectoras competentes en todo tipo de textos (literarios, expresivos, publicitarios, gráficos...) en soporte impreso ou dixital, con todo tipo de finalidades.
- Potenciar a investigación. Aprender a investigar.
- Promover a participación dos pais e nais de maneira activa no proceso de lectura dos seus fillos a través de actividades conxuntas de lectura en casa e eventos escolares relacionados coa lectura.
- Medir o progreso implementando avaliacións periódicas para coñecer o progreso dos alumnos e axustar o plan de lectura en consecuencia
- Educación para a competencia informacional: para o uso, tratamento e produción da información.

## **2.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS. ACTUACIÓNS POR ETAPAS E NIVEIS**

### ***Educación Infantil:***

En educación infantil vaise pór en marcha unas mochilas temáticas para traballar as habilidades lingüísticas do alumnado, asignaráselle un número e estarán cada semana cunha familia. Dentro das propostas que levarán serán xogos de sopro, praxias, fonéticos, buscas visuais, cantigas,... Todas elas estarán acompañadas da explicación pertinente para que se poidan empregar. Acompañaráselle dun material encamiñado ás familias para que estas se informen da importancia da linguaxe no desenvolvemento na etapa de infantil.

Dentro da infantil traballarase o nome como tipo de texto en 4º e 5º, propostas didácticas de diferentes contos relacionados cos centros de interese que vaian xurdindo ao longo do curso e diferentes proxectos que esperten a curiosidade do alumnado.

### ***Educación Primaria:***

#### **Niveis de 1º e 2º A e C:**

Dedicaranse 20 minutos diarios á lectura (Hora de ler) procurando utilizar textos axeitados ao nivel e facilitadores da comprensión dos mesmos.

No primeiro ciclo alternarase a lectura individual e colectiva. En voz baixa cada un para si, en voz alta, un alumno/-a lee para todos, tamén a lectura do mestre ou mestra ao alumnado.



### **Niveis de 3ª e 4º:**

3º **Reto lector:** consiste en expoñer libros lidos. Un breve resumo, explicar o que aprendimos co libro, que foi o que máis nos gustou e porqué o recomendamos. Poden facer escenificacións ou pequenas representacións teatrais, individual ou por parellas. Tamén se poden acompañar con debuxos.

- Pequenas obras teatrais.
- Lecturas dramatizadas.
- Lecturas co método Kamishibai a nenos de cursos inferiores.
- Lecturas con soporte dixital a alumnado de cursos interiores.
- Lecturas terroríficas na aula con ambientación de Samaín.

### **Niveis de 5º e 6º:**

- Motivarase para que participen en actividades que fomenten a lectura, de xeito voluntario.
- Farase uso da biblioteca semanal ou quincenalmente.
- O alumnado de 6º participará como voluntario/a na organización da biblioteca.

Traballarase nas aulas:

- ✓ Lectura expresiva de textos de diferente tipoloxía: textos narrativos da literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual en diversos soportes. poesía, relatos, obras teatrais, cómic, divulgación...
- ✓ Fomentarase o interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica.
- ✓ Valoración da escritura como instrumento de relación social, de obtención e de reelaboración da información e dos coñecementos.
- ✓ Cada trimestre os alumnos/as lerán libros (como mínimo un en lingua galega e outro en lingua castelá) e farán unha serie de actividades sobre o mesmos.
- ✓ En 6º lectura dun libro en lingua inglesa, coa mestra especialista de lingua inglesa.
- ✓ Uso progresivo e autónomo de programas informáticos de procesamento de textos e de corrección ortográfica.
- ✓ Uso da biblioteca do centro, amosando coñecemento da súa organización (catalogación, funcionamento) e participación en actividades literarias e na elaboración de propostas.

- ✓ Utilización das bibliotecas, incluíndo as virtuais, de xeito cada vez máis autónomo, para obter información e modelos para a produción escrita.
- ✓ Os xornais na escola: manexo e traballo semanal con prensa escrita. Estes niveis participan no Programa “A PRENSA NA ESCOLA”, coordinado polo xornal La Voz de Galicia.
- ✓ Proxecto “Hora de ler”.

### 3.- PROGRAMA “HORA DE LER”

O programa de *Hora de ler* desenvólvese **todos os días** durante 20 minutos despois do recreo.

Ademais da lectura diaria hora de ler, tamén cóntase coa biblioteca de aula mochila viaxeira e sesión semanal de biblioteca: haberá horario de biblioteca reservado para distintas actividades semanais relacionadas coa lectoescritura. Aproveitarase para realizar o préstamo de libros para levar a casa.

### 4.- PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO

Este curso desenvolverase no colexio un PDI sobre artesanía chamándolle “Feito a man”

Ademáis, unha serie de proxectos que supoñen **investigacións, retos, busca de información** ou **animacións á lectura**.

Tamén buscamos contar con dous proxectos solicitados como as Bibliotecas Creativas e Lecturas e Familias.

### 5.- ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS

#### A) Organización do espazo

Para desenvolver o Plan o Centro conta con espazos específicos, desde as propias aulas ata a biblioteca, que mesmo conta cun pequeno xardín con mesas e butacas para comodidade dos pequenos lectores.

#### B) Temporalización

Este Plan corresponde ao curso escolar 2023-2024. A temporalización das actividades da Biblioteca queda exposta no apartado “temporalización” da Biblioteca do presente Plan lector. No que respecta ás demais actividades, serán realizadas diariamente e a criterio

dos/as titores/as e do equipo de Biblioteca, estando algunhas delas reservadas para datas e celebracións concretas

## **6.- RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS:**

### **A) Humanos:**

Todas as persoas que forman a comunidade educativa están implicados neste Plan anual, sendo os titores/as e titoras e os/as distintos especialistas os que guían ao alumnado na consecución dos obxectivos propostos. Ademais, o equipo de biblioteca desenvolve o seu proxecto a través das actividades que se programan e concretan nas diferentes reunións periódicas. Algunhas das funcións da responsable e do equipo son: analizar a situación e necesidades da biblioteca, xestionar os recursos materiais e humanos, comunicar e facer circular a información, participar na capacitación do alumnado no uso das fontes de información, ofrecer recursos e oportunidades para a aprendizaxe, promover a lectura como medio de ocio e entretemento. Tamén participan alumnos/as colaboradores/as na xestión, organización e outras funcións.

### **B) Materiais:**

O Centro conta cunha Biblioteca equipada con mobiliario e fondos documentais. Ademais, todas as aulas contan con Biblioteca propia que se nutre da Biblioteca do Centro.

## **7.- PROGRAMAS NOS QUE ESTÁ INMERSO O CENTO**

O centro participa no programa PROA +, UACO RAOGAL de atención a alumnado e familias vulnerables. E no proxecto EDIXGAL implantación de libro dixital.

## **8.- LER EN FAMILIA**

As familias participarán seguindo as recomendacións do Centro en canto ao estudo dos seus fillos/as: tempos, espazos, materiais, autonomía, etc. Ademais, lendo na casa. E poderán solicitar a colaboración para: contar contos aos seus fillos/as, lerlles como modelo na casa, crear ambientes de lectura en silencio ou compartidas, visitar bibliotecas e librerías e mercar libros, películas, prensa..., contar historias cos avós, avoas e outros familiares, ensinarlles refráns, adiviñas, cancións, colaborar puntualmente nalgunha actividade de fomento da lectoescritura proposta desde o centro como mochilas viaxeiras e préstamo de recursos, cadernos de recollida de textos... E por suposto, fomento da autonomía dos seus fillos/as na procura da información, comprensión e realización dos distintos tipos de textos (narracións, descricións, adiviñas...) e soportes ( libro, dixital...) propostos desde o Centro.

## 9.- AVALIACIÓN

### Aspectos a avaliar:

A participación nas actividades relacionadas coa lectura, a escritura, as alfabetizacións múltiples, a competencia dixital e a busca de información.

A utilización por parte dos/das alumnos/as e profesorado dos servizos relacionados coa lectura/biblioteca: fondos, equipos...

Os hábitos de lectura e o respecto ás normas adquiridos.

### Instrumentos de avaliación.

Observación, por parte de titores/as, profesores/as e equipo de Biblioteca da implicación do alumnado, producións e traballos dos/das alumnos/as e producións literaria, fichas e cuestionarios, enquisas e rexistros, entradas e visitas ao blog da biblioteca, relato de préstamos dos recursos da biblioteca.

## B.- LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS EN RELACIÓN CO PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR

A Biblioteca escolar concíbese como un centro de recursos organizado que pretende favorecer o Proxecto Lector. A nosa forma parte do grupo de Bibliotecas englobadas no *Plan de Mellora de Bibliotecas escolares de Galicia*. Isto implica o desenvolvemento do proxecto deseñado para tal fin, con gran esforzo por parte do profesorado xa que conta con pouco horario específico para dinamización, algo tan necesario para desenvolver as actividades deste proxecto. A nivel xeral, estas *liñas de actuación* encamiñanse cara cinco grandes bloques:

1. **Garantir a dispoñibilidade dos recursos:** catalogar os fondos, adecuar a CDU aos alumnos-as, orientar as lecturas de ficción, seleccionar fondos, organizar espazos...
2. **Equilibrar o fondo:** estudar as necesidades dos fondos e priorizalas, ter en conta a diversidade de xénero e temas e a adecuación ás idades, fondos en diversos soportes, solicitude de información a entidades especializadas...
3. **Difundir os fondos e facer que circulen:** xestionar os fondos dende a biblioteca, informar a profesorado e alumnado do funcionamento da biblioteca, elaboración dos documentos relacionados (PAL, Normas de uso, Memoria...), elaborar e difundir guías de lectura e carteis informativos, elaborar mochilas viaxeiras e bolsas de

préstamo, preparar punto de novidades, servizo de préstamo e bibliotecas de aula, confeccionar horarios de uso da biblioteca...

4. **Ampliar o uso pedagógico dos recursos:** deseñar e levar a cabo actividades de dinamización e de promoción da lectura e a escritura, implicar a alumnos e profesores en tarefas de organización de actividades, establecer canles de relación coas familias e entidades, avaliar as actividades da biblioteca...
5. **Buscar e seleccionar información:** promover actividades que exerciten as destrezas para que o alumnado busque e seleccione información, tanto en fontes tradicionais como en recursos multimedia. A busca de información na rede así como o uso das fontes documentais impresas e en formato dixital por parte dos nenos e nenas. Agora máis que nunca faise necesario que o alumnado aprenda a seleccionar a información correcta e adecuada.

## 1.- OBXECTIVOS

Tendo en conta as liñas de actuación antes mencionadas podemos elaborar os obxectivos deste Plan de Lectura da biblioteca:

- Contribuír a formar lectores e escritores competentes e autónomos.
- Favorecer a alfabetización múltiple.
- Estimular o interese cara a lectura e o uso da biblioteca mostrando as posibilidades e recursos desta última.
- Promover actividades que exerciten as destrezas para que o alumnado busque e seleccione información
- Dinamizar a biblioteca de xeito que sexa un lugar de referencia da actividade escolar para toda a comunidade educativa.
- Utilizar a biblioteca para a consecución dos obxectivos curriculares e de fomento da lectura.
- Realizar tarefas de reorganización do espazo e dos fondos, de expurgo, catalogación, renovación e informatización dos mesmos.
- Informar ao alumnado e ao profesorado sobre a organización e funcionamento.
- Facilitar a súa utilización mediante o servizo de préstamo e asignar un horario a cada curso.
- Adquirir recursos para o fondo da Biblioteca axeitados tendo en conta diversidade e a igualdade de xénero.

- Contribuír á formación do profesorado ligado á biblioteca
- Elaborar material diverso (impreso, gráfico, interactivo, dixital...) para a dinamización do servizo.
- Diseñar e realizar as distintas actividades relacionadas coa lectura e a escritura.
- Publicitar a dinamización da biblioteca a través da páxina web do centro, blogs, folletos e outras publicacións.
- Avaliar periodicamente o funcionamento da Biblioteca escolar e do Plan lector.
- Actualizar o proxecto lector do centro

## **2.- SECCIÓNS DA BIBLIOTECA**

A Biblioteca está dividida en seccións para facilitar o traballo e a dinamización:

1. Zona de xestión e préstamo
2. Zona de traballo individual ou de grupo
3. Zona de informática
4. Zona de lectura informal
5. Recuncho creativo

Os recursos están distribuídos en andeis, con zona de literatura de ficción en galego e en castelán para Primeiros Lectores, Lectores Iniciados e Lectores Autónomos, zona de Poesía, Teatro e Banda Diseñada; andeis con libros de tipo informativo organizados nas seccións que figuran na Clasificación Decimal Universal. Outras seccións como revistas, lingua e literatura estranxeiras, Galiza, etc. Tamén seccións especiais como novidades, libros para os máis cativos, libros en Braille, audiocontos, etc.

## **3.- ACTIVIDADES PROGRAMADAS**

Estarían agrupadas nos seguintes ámbitos: organización e xestión, dinamización e promoción dos recursos, formación de usuarios, fomento da lectura, avaliación e outras.

Entre outras: Préstamo de libros. Actividades relacionadas co coidado e respecto aos libros. Relacionadas coa adquisición de hábitos de comportamento axeitados no espazo da biblioteca. Actividades e xogos encamiñados á motivación cara a lectura. De presentación da biblioteca aos novos usuarios. Actividades de producións en escritura: contos, poesías... Actividades de busca de información. Publicación de boletíns sobre aspectos relacionados coa biblioteca. Actividades de animación á lectura: xogos, concursos literarios, contacontos. Taboleiro de información e caixa de suxestións. Celebración de conmemoracións.

Actividades de avaliación do uso e aproveitamento do servizo de biblioteca. Asistencia a charlas de persoas relacionadas co mundo editorial (autores, ilustradores...), tanto presenciais como virtuais. Coordinación cos diferentes departamentos e equipos de traballo do Centro para programar.

<b>1º TRIMESTRE (entre outras):</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades propias de xestión: organización e reparto de funcións do equipo, inclusión dos novos usuarios/as, planificación horaria de uso da biblioteca...</li> <li>• Planificación das mochilas viaxeiras e caixas de libros para empréstitos ás aulas</li> <li>• A Coordinación cos demais equipos do centro</li> <li>• Adquisición e catalogación de novos fondos. Expurgación (todo o curso)</li> <li>• Elaboración da guía de lectura e recomendacións lectoras de Nadal</li> <li>• Alumnado colaborador: organización e formación</li> <li>• 24 Outubro Día das Bibliotecas Escolares</li> <li>• Conmemoracións e celebracións varias como o Día das escritoras (15 de outubro), Samaín ...</li> <li>• Todas aquelas a realizar durante todo o curso: préstamos, recomendacións lectoras, colaboradores/as, charlas e conferencias, proxeccións, actividades relacionadas co PDI, talleres, busca de información en fondos e na rede...</li> </ul>
<b>2º TRIMESTRE (entre outras):</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Programación de actividades para a conmemoración do Día da Paz</li> <li>• Programación de actividades para o Día de Rosalía</li> <li>• Programación de actividades para o Día da Muller Traballadora</li> <li>• 21 de marzo: Día da Poesía</li> <li>• Celebración da semana da Prensa.</li> <li>• Todas aquelas a realizar durante todo o curso: préstamos, recomendacións lectoras, colaboradores/as, charlas e conferencias, proxeccións, actividades relacionadas co PDI, talleres, busca de información...</li> </ul>
<b>3º TRIMESTRE (entre outras)</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Celebración da semana cultural incluíndo o Día do Libro</li> <li>• A celebración das LLGG. Homenaxe ao autor/a das Letras galegas.</li> <li>• Aquelas a realizar durante todo o curso: préstamos, recomendacións lectoras, colaboradores/as, charlas e conferencias, proxeccións, actividades relacionadas co PDI, talleres, busca de información...</li> <li>• Memoria final</li> </ul>

#### **4.- TEMPORALIZACIÓN E RECURSOS**

##### **A) Horarios:**

1. **En horario lectivo:** A biblioteca dispón dun horario onde están sinalados os tempos e sesións en que cada titoría pode utilizar dito servizo (tanto de préstamo e devolución como na realización de investigacións, proxectos e outras tarefas).

2. **En horario non lectivo:** ás tardes xa estará aberta, agás a tarde dos martes.

### **B) Temporalización das actividades:**

Todas as actividades programadas serán desenvolvidas ao longo do presente curso. Algunhas delas en momentos puntuais, outras diariamente. Cada mes, logo de reunirse o equipo de biblioteca, decidiranse as accións a levar a cabo, quedando reflectidas por escrito nas correspondentes actas.

### **C) Recursos:**

- EQUIPO DE BIBLIOTECA.

Está formado por dez membros, que pertencen ás dúas etapas educativas. As súas funcións, entre outras, son: organización e mantemento da biblioteca, elaboración do Plan de Lectura Anual e da Memoria, elaboración de materiais diversos, formación, reunións periódicas, deseño de actividades de uso, dinamización e animación, publicación e divulgación de experiencias e actividades, avaliación...

- PROFESORADO

Recibe información das actividades programadas e colabora con elas, dispón dunha ou varias sesións semanais de uso, propón a adquisición de recursos e de experiencias, formaliza préstamos e devolucións...

- ALUMNADO

Dispón do servizo de préstamo e lectura en sala ou aula, colabora en actividades de animación á lectura, utiliza os recursos da biblioteca, participa en labores de organización e xestión a través dos equipos de colaboradores/as...

- PAIS/NAIS:

reciben información e recomendacións da biblioteca e de lecturas a través de boletíns, páxina web, blog da biblioteca, etc., axudan aos seus fillos/as ao mantemento dos recursos, recomentan e comparten lecturas con eles/as...



- BIBLIOTECA DE AULA:

Reciben lotes de libros da Biblioteca en préstamo a través do profesorado e do equipo de Biblioteca.

## 5.- AVALIACIÓN

Aspectos a avaliar entre outros:

- A participación nas actividades relacionadas coa biblioteca e a lectura.
- O uso por parte da comunidade educativa.
- A adecuación de horarios e recursos.
- A comunicación do equipo coas titorías.
- Os hábitos de lectura e o respecto ás normas.

### Instrumentos de avaliación:

Observación por parte de titores/as, profesorado e equipo de biblioteca, fichas e cuestionarios, enquisas, rexistros; traballos e investigación do alumnado, valoracións chegadas a través da Caixa de suxestións, participación en concursos, reconto de entradas/visitas ao blog da biblioteca, reconto de préstamos e todos aqueles instrumentos que nos serven para avaliar o funcionamento e aproveitamento da biblioteca do centro.

Lembremos o enderezo da páxina web do centro no que podedes acceder ás distintas seccións educativas incluída a da Biblioteca.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipfontinhas/>

## 14.- EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

### PROGRAMACIÓN ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

A educación é un dereito fundamental de todos os cidadáns, consagrado pola nosa Constitución no seu artigo 27.

Para que esta educación teña un carácter integral non debe estar baseada unicamente nunha transmisión de contidos sino que implicará, ademais, a realización dunha serie de actividades que poidan atender as aspiracións e necesidades do alumnado.

Dada a situación actual, dende o equipo de actividades complementarias e extraescolares consideramos máis que nunca a necesidade de ofrecer o alumnado diferentes actividades que atendan aspectos emocionais e sociais.

Para o deseño, programación e execución destas actividades traballarase conxuntamente cos equipos de Normalización e Dinamización Lingüística , Tics e Biblioteca.

De acordo co establecido no capítulo IV do Regulamento Orgánico das Escolas de E.I. e dos colexios de E.P constitúese o equipo de actividades complementarias e extraescolares que está integrado polos seguintes membros:

- **Coordinador:** Juan José Vilas Fernández
- Samuel Busto Casal
- Montserrat López Suárez
- Teresa Lourido Míguez
- Raquel Martínez Rial
- Salomé G. Méndez – Benegassi Gamallo
- Irene Raña Amido
- Olalla Veiga Graña
- Cristina Díaz Fernández
- Lydia Brenlla López

As **FUNCIÓNS** que desenvolverá o equipo serán as seguintes:

- Elaborar o programa anual de celebracións fixas para o que se terán en conta as propostas dos equipos de ciclo, dos profesores, dos pais e as orientacións do claustro e comisión de coordinación pedagóxica.
- Programar cada unha das actividades especificando responsables, momento e lugar de realización, repercusións económicas e forma de participación do alumnado.
- Proporcionarlles aos alumnos/as e aos pais e nais información relativa ás actividades do equipo.
- Promover e coordinar as actividades culturais e deportivas en colaboración co claustro, a comisión de coordinación pedagóxica, os equipos de nivel e a asociación de nais/pais.

- Coordinar a organización dos intercambios escolares e calquera tipo de viaxes co alumnado que o claustro de profesores aprobe a súa realización. ( Sempre e cando a situación sanitaria o permita)
- Elaborar unha memoria final de curso coa avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria do centro.
- Presentar propostas ao equipo directivo para a realización e intercambio de actividades cos centros da súa contorna se así se considerase. ( Sempre e cando a situación sanitaria o permita).

**OBXECTIVOS** propostos para o presente curso:

- Utilizar as actividades ofertadas co fin de fomentar a formación integral do alumnado.
- Fomentar o coñecemento das tradicións e festas populares da nosa contorna.
- Motivar ao alumnado dunha maneira lúdica e participativa na celebración das mesmas.
- Identificar e concienciar ao alumnado nas datas e celebracións de carácter transcendente.
- Relacionar as actividades desenvolvidas co proxecto da biblioteca, na medida que sexa posible.

**SAÍDAS:**

En Educación Infantil faremos diversas saídas distribuídas ao longo de todo o curso escolar. Temos solicitadas algunhas actividades da programación Compostela Cultural (teatro, concertos...) e tamén un espectáculo da Fundación Abanca. Iremos atendendo as propostas que vaiamos recibindo como por exemplo a actividade de educación viaria programada para o 24 de novembro para os grupos de 6º. Veremos tamén a oferta de museos na cidade e outras visitas que poidan complementar proxectos que se estean a traballar.

As saídas de fin de curso faranse por nivel.

En Educación Primaria tamén se fan saídas por nivel a final de curso e todas aquelas que se programen e organicen ao longo do curso. Ademais, o alumnado de 6º, sempre é cando sexa posible, fará a viaxe de fin de etapa.

**ACTIVIDADES XA PROGRAMADAS:**

**6º de educación infantil:**

- El gato con botas (1 de febreiro de 2024).

**1º de educación primaria:**

- Pulcinella e máscara máxica (1 de decembro ás 10:00).
- gato con botas (2 de febreiro ás 12:00)

**2º de educación primaria:**

- gato con botas (2 de febreiro ás 12:00)

**3º de educación primaria:**

- Pulcinella e a máscara máxica (3 de novembro ás 12:00)

**4º de educación primaria:**

- O gato con botas (2 de febreiro ás 10:00)

**5º de educación primaria:**

- neno groba e a música (30 de xaneiro ás 12:00)

**ACTIVIDADES ABANCA:**

**Educación infantil:**

- Pingüin (24 de abril de 2024 ás 10:00)

**5º e 6º de Primaria:**

- Help! (Trouble in the jungle) (5 de febreiro de 2024)

**CONMEMORACIÓN:**

Durante o curso escolar presentarase especial atención como mínimo ás seguintes conmemoracións (ORDE do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia):

- 20 de novembro de 2023: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2023: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

## PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 - 2024

- Do 28 de novembro ao 5 de decembro de 2023: Conmemoración da Constitución e do Estatuto de Autonomía.
- 3 de decembro de 2023: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2023: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2024: Día Internacional da educación.
- 30 de xaneiro de 2024: Día escolar da non Violencia e da Paz.
- 23 de febreiro de 2024: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2024: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2024: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 4 ao 8 de marzo de 2024: Semana da Prensa.
- 1 de abril de 2024: Día das Artes Galegas.
- 7 de abril de 2024: Día Mundial da Saúde.
- Do 22 ao 26 de abril de 2024: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2024: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2024: Día de Europa.
- Do 13 ao 17 de maio de 2024: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2024: Día Mundial do Medio Ambiente.

A maiores destas dende o equipo trataremos de levar a cabo a lo menos unha actividade trimestral entre as que estaría o Magosto, a celebrar neste primeiro trimestre. As demais planificaranse o longo do curso.

Este equipo, previa convocatoria da súa responsable, reunirse ao longo do curso tantas veces como sexa preciso para levar a cabo as tarefas que ten encomendadas.

### **15.- LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO PARA O CURSO 2022 – 2023**

O tres niveis de Educación Infantil traballarán o vindeiro curso por Proxectos, polo tanto non utilizarán libros de texto, agás na área de Relixión Evanxélica.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 - 2024

CURSO	ÁREA	TÍTULO	EDITORIAL	ISBN
1º	LINGUA CASTELÁ	1PRI LENGUA UN PASO MÁSPAUTA MOCHILA LIGERA CONSTRUYENDO MUNDOS	SANTILLANA	978-84-144-0758-5
1º	LINGUA GALEGA	1PRI LECTOESCRITURA CONSTRUIENDO MUNDOS (1-1)	SANTILLANA OBRADOIRO	978-84-9185-399-2
1º	LINGUA GALEGA	1PRI LINGUA CONSTRUIENDO MUNDOS (1-2)	SANTILLANA OBRADOIRO	978-84-9185-532-3
1º	MATEMÁTICAS	1PRI MATEMATICAS MOCHILA LIGERA CONSTRUYENDO MUNDOS	SANTILLANA	978-84-680-7131-2
1º	CIENCIAS NATURAIS	G - 1 EP CIENCIAS SOCIALES (GAL) 22	SM	978-84-9854-876-1
1º	CIENCIAS SOCIAIS	G - 1 EP CIENCIAS DE LA NATU (GAL) 22	SM	978-84-9854-881-5
1º	RELIXIÓN CATÓLICA	<i>NON HAI LIBRO</i>		
1º	E. MUSICAL	MÚSICA E DANZA	SM XERME_REVOA	978-84-9854-869-3
1º	RELIXIÓN EVANXÉLICA	EXPLORADORES EN PALACIOS-AÑO 3 - ALUMNO (3 - 5 AÑOS) + CD.	ABBA. CURRICULUM EXPLORA	978-84-1752-161-5
1º	INGLÉS	ALL ABOUT US NOW 1 CLASS BOOOK WITH DIGITAL BOOK	OXFORD	978 01 940 7422 3
1º	PROXECTO COMPETENCIAL	<i>NON HAI LIBRO</i>		
1º	EDUCACIÓN FÍSICA	<i>NON HAI LIBRO</i>		

CURSO	ÁREA	TÍTULO	EDITORIAL	ISBN
2º	LÍNGUA CASTELÁ	2EP.LENGUA CASTELLANA Y LITER.TRIM-RE 23	SM	9788498561623
2º	LÍNGUA GALEGA	2PRI LINGUA CONSTRUIENDO MUNDOS	SANTILLANA OBRADOIRO	978-84-9185-675-7
2º	CIENCIAS SOCIAIS	2PRI CC. SOCIAIS CONSTRUIENDO MUNDOS	SANTILLANA OBRADOIRO	978-84-9185-696-2
2º	CIENCIAS NATURAIS	2PRI CC. DA NATUREZA CONSTRUIENDO MUNDOS	SANTILLANA OBRADOIRO	978-84-9185-694-8
2º	MATEMÁTICAS	2PRI MATE+ MATEMÁTICAS PARA PENSAR. SERIE PRACTICA	SANTILLANA	978-84-144-0885-8
2º	INGLÉS	ALL ABOUT US NOW 2 CLASS BOOOK WITH DIGITAL BOOK	OXFORD	978 01 940 7443 8
2º	RELIXIÓN EVANXÉLICA	<i>NON HAI LIBRO</i>		
2º	RELIXIÓN CATÓLICA	RELIXIÓN CATÓLICA 2. VEN E VERÁS	ANAYA	978 84 698 9740 9
2º	MÚSICA E DANZA	MÚSICA E DANZA	SM XERME_REVOA	978-84-1910-155-6
2º	PROXECTO COMPETENCIAL	<i>NON HAI LIBRO</i>		
2º	EDUCACIÓN FÍSICA	<i>NON HAI LIBRO</i>		

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 - 2024

CURSO	ÁREA	TÍTULO	EDITORIAL	ISBN
3º	LINGUA CASTELÁ	CONSTRUYENDO MUNDOS MOCHILA LIGERA	SANTILLANA	978-84-680-7201-2
3º	LINGUA GALEGA	CONSTRUÍNDO MUNDOS	OBRADOIRO	978-84-9185-409-8
3º	MATEMÁTICAS	CONSTRUYENDO MUNDOS MOCHILA LIGERA	SANTILLANA	978-84-680-7136-7
3º	CIENCIAS NATURAIS	CONSTRUÍNDO MUNDOS	OBRADOIRO	978-84-9185-410-4
3º	CIENCIAS SOCIAIS	CONSTRUÍNDO MUNDOS	OBRADOIRO	978-84-9185-416-6
3º	MÚSICA E DANZA	<b>NON HAI LIBRO</b>		
3º	RELIXIÓN CATÓLICA	RELIXIÓN CATÓLICA 3. VEN E VERÁS (GALEGO)	ANAYA	978 84 143 0183 8
3º	RELIXIÓN EVANXÉLICA	CRECER CON LA BIBLIA DE 3º	AKAL	9780207920035
3º	INGLÉS	ALL ABOUT US NOW 3 CLASS BOOK	OXFORD	9780194074650
3º	INGLÉS	ALL ABOUT US NOW 3 ACTIVITY BOOK+ALK	OXFORD	9780194073844
3º	PROXECTO COMPETENCIAL	<b>NON HAI LIBRO</b>		
3º	EDUCACIÓN FÍSICA	<b>NON HAI LIBRO</b>		

CURSO	ÁREA	TÍTULO	EDITORIAL	ISBN
4º	INGLÉS	ALL ABOUT US NOW 4 CLASS BOOK	OXFORD	9780194074803
4º	INGLÉS	ALL ABOUT US NOW 4 ACTIVITY BOOK+ALK	OXFORD	9780194073905
4º	RELIXIÓN EVANXÉLICA	<b>NON HAI LIBRO</b>		
4º	MÚSICA E DANZA	<b>NON HAI LIBRO</b>		
4º	CIENCIAS NATURAIS	4 PRI CIENCIAS DA NATUREZA CONSTRUINDO MUNDOS	SANTILLANA - OBRADOIRO	978-84-9185-692-4
4º	CIENCIAS SOCIAIS	4 PRI CIENCIAS SOCIAIS CONSTRUÍNDO MUNDOS	SANTILLANA - OBRADOIRO	978-84-9185-698-6
4º	MATEMÁTICAS	4 PRI MATEMÁTICAS CONSTRUYENDO MUNDOS	SANTILLANA	978-84-144-0769-1
4º	LINGUA CASTELÁ	4 PRI LENGUA CONSTRUYENDO MUNDOS	SANTILLANA	978-84-144-0738-7
4º	LINGUA GALEGA	4 PRI LINGUA CONSTRUÍNDO MUNDOS	SANTILLANA - OBRADOIRO	978-84-9185-705-1
4º	PROXECTO COMPETENCIAL	<b>NON HAI LIBRO</b>		
4º	EDUCACIÓN FÍSICA	<b>NON HAI LIBRO</b>		

No vindeiro curso 2023 - 2024 o alumnado de 5º e 6º non utilizará libros de texto. Traballarán co Proxecto de Educación Dixital E-DIXGAL. O alumnado de 5º deberá mercar soamente o caderno de traballo de inglés (que non forma parte do Fondo Libros) e o libro de Relixión Evanxélica. O alumnado de 6º só deberá comprar o caderno de traballo de Inglés

CURSO	ÁREA	TÍTULO	EDITORIAL	ISBN
5º	INGLÉS	ALL ABOUT US NOW 5 ACTIVITY BOOK+ALK	OXFORD	9780194073967
5º	RELIXIÓN EVANXÉLICA	VALIENTES PARA CONQUISTAR-AÑO 2 - ALUMNO (6 - 8 AÑOS) + CD	ABBA CURRICULUM EXPLORA	9788417521035
6º	INGLÉS	ALL ABOUT US NOW 6 AB	OXFORD	9780194074025

CURSO	ÁREA	TÍTULO	EDITORIAL	ISBN
5º INF	RELIXIÓN EVANXÉLICA	EXPLORADORES EN EL EDÉN-AÑO 1 - ALUMNO (3 - 5 AÑOS) + CD.	ABBA CURRICULUM EXPLORA	9780207920011
6º INF	RELIXIÓN EVANXÉLICA	EXPLORADORES EN EL DESIERTO - AÑO 2 - ALUMNO (3 - 5 AÑOS) + CD	ABBA. CURRICULUM EXPLORA	9788417521011

## 16.- PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

O centro dispón dun plan de autoprotección que se actualiza todos os cursos. No actual curso, rematadas as obras pendentes no centro procederase a súa concreción definitiva.

## 17.- PLAN DE ORIENTACIÓN E APOIO A ACCIÓN TITORIAL

O Plan de Orientación e Apoio á Acción Titorial foi aprobado no curso 2011-2012 e tras a súa revisión continúa vixente. Este curso reformarase, para a súa aprobación no último claustro do curso.

## 18.- PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE

### INTEGRANTES DO PERSOAL NON DOCENTE:

	APELIDOS E NOME	ADSCRICIÓN E POSTO DE TRABAJO	CORREO ELECTRÓNICO
1	Brandón González, Rosa Mª	Persoal de limpeza, edificio de Primaria	<a href="mailto:rosam.brandon@gmail.com">rosam.brandon@gmail.com</a>
2	Pazos Yáñez, María Jesús	Auxiliar Administrativa	<a href="mailto:mjpaz@edu.xunta.gal">mjpaz@edu.xunta.gal</a>
3	Iglesias De Sousa, Diamantina	PAC, cuidadora Infantil	<a href="mailto:iglesiasdesousatina@gmail.com">iglesiasdesousatina@gmail.com</a>



4	Iglesias Rey, M <sup>a</sup> Jesús	Conserxe edicio Infantil	<a href="mailto:chusir@hotmail.es">chusir@hotmail.es</a>
5	Ríos Iglesias, Miguel Ángel	Conserxe edificio Primaria	<a href="mailto:miguelangelriosiglesias@gmail.com">miguelangelriosiglesias@gmail.com</a>
6	Rodríguez Ribadas, María del Carmen	Persoal limpeza, edificio de Infantil	
7	Varela Conde, Rosa	PAC, cuidadora EP	<a href="mailto:varelaconderosa@yahoo.es">varelaconderosa@yahoo.es</a>
8	Rodríguez López, M <sup>a</sup> Berta	PAC, cuidadora EP	<a href="mailto:cartolacoles@edu.xunta.gal">cartolacoles@edu.xunta.gal</a>

### 18.1.- PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN

Unha funcionaria da Consellería con categoría de auxiliar administrativo desenvolve as tarefas administrativas do centro en horario de 8:30 a 14:30.

### 18.2.- OFICIAL – CONSERXE

Dúas persoas dunha empresa contratada polo Concello con categoría de oficial- conserxe, desenvolvendo as súas funcións; un nas instalacións de Educación Primaria e outro nas de Educación Infantil.

O horario de traballo destas profesionais, establecido pola empresa, é xeralmente o seguinte (aínda que se poderán adaptar ás necesidades do centro cando sexa viable):

#### 18.2.1.- Conserxe edificio de Educación Infantil

O seu horario é de luns a venres de 8:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00

#### 18.2.2.- Conserxe edificio de Educación Primaria

O seu horario é de luns a venres de 8:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00

### 18.3.- PERSOAL AUXILIAR COIDADOR (PACS)

Tres persoas auxiliar coidador (PACS) das cales dúas con destino definitivo no centro e unha terceira de xeito compartido. Desenvolven as súas funcións entre as instalacións de Educación Primaria e de Educación Infantil. O horario de traballo é:

- **Mañás:** 9:00 – 14:00
- **Tardes:** 14:00 – 16:30 (segundo necesidades do servizo de comedor)

#### **18.4.- PERSOAL DE LIMPEZA**

Tres persoas dunha empresa privada coa que ten contratado o servizo de limpeza o Concello prestan os seus servizos en horario de 16:00 a 20:00 horas

#### **19.- PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS FAMILIA ESCOLA**

A colaboración familia-escola é fundamental para un bo desenvolvemento do proxecto educativo de Centro; e, para elo contamos con:

- ✓ Horario de atención a pais/nais todos os martes de cinco a seis.
- ✓ Reunións de principio curso.
- ✓ Reunións cos pais/nais no caso de conflitos.
- ✓ Reunión ANPA.
- ✓ Participación nas actividades do centro: Magosto, Nadal..., segundo organización.
- ✓ Comisión de convivencia
- ✓ O centro está a disposición das familias na procura da mellor calidade educativa.

#### **20.- ANPA FONTELA**

##### **Ludoteca:**

O servizo de ludoteca organizado pola ANPA Fontela, en colaboración coa Federación de ANPAS Compostela, ten como obxectivo facilitar a conciliación familiar polas tardes ao tempo que sexa un espazo de aprendizaxe e lecer para a cativada.

A ludoteca é un servizo que se ofrece entre as 16:30 h. e ás 18:30 h., de luns a venres, tempo no que a cativada realiza actividades lúdicas e culturais guiadas polo correspondente monitorado. O servizo permite que as familias poidan dispoñer dun servizo de conciliación todos os días ou días da semana concretos, podendo solicitar as 2 horas dos días seleccionados ou só 1 hora.

##### **Actividades extraescolares:**

As actividades extraescolares organizadas pola ANPA Fontela realízanse en horario de tarde nos espazos do centro.

A continuación, indícase a dsitribución e horarios das actividades extraescolares do curso 23/24:

**Actividades complementarias en horario lectivo:**

En cursos pasados a ANPA FONTELA programou actividades en colaboración co equipo docente na realización de diferentes actividades complementarias en horario lectivo. No presente curso, a ANPA volverá a colaborar con aquelas actividades que se axusten as necesidades do centro.

HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	
16.00 - 16.50	JUDO (DE 3º A 6º DE PRIMARIA)	JUDO (DE 1º A 2º DE PRIMARIA)	JUDO (DE 3º A 6º DE PRIMARIA)	JUDO (DE 1º A 2º DE PRIMARIA)	ROBÓTICA E PROGRAMACIÓN* (Play Code Academy) (DE 1º A 3º DE PRIMARIA)	
16.30 - 17.30	DEPORTES DE RAQUETA (tenis, tenis de mesa, bádminton) (PRIMARIA)	ROBÓTICA E PROGRAMACIÓN* (Play Code Academy) (DE 4º A 6º DE PRIMARIA)				
17.30 - 18.30		Iniciación SKATE* (Skate Escola) 17.30-18.50	TEATRO (PRIMARIA)	DEBUXO E PINTURA	PATINAXE	

\* **SKATE** e **ROBÓTICA** serán impartidas por Skate Escola e Code Academy, respectivamente.

**Actividades complementarias en horario lectivo:**

Ao igual que se veu facendo en cursos pasados a ANPA FONTELA ten programado para este curso, en colaboración coa equipa docente, a realización de diferentes actividades complementarias en horario lectivo.

Desde modo, se programan durante este curso, varias actividades de Educación Ambiental:

- Vermicompostaxe (alumnado de E. Infantil).
- Estación meteorolóxica (alumnado de E. Infantil e E. Primaria).
- “Un novo mundo por descubrir: os espazos naturais protexidos da provincia da

Coruña”

- Actividade organizada polo CEIDA e a Deputación da Coruña na que no mes de novembro virán ao CEIP a dar unhas charlas ambientais e despois visitará a Costa do Dexo (alumnado de 3º Ciclo E. Primaria)

Así mesmo, se plantexan unha serie de actividades de coeducación e igualdade:

- Conmemoración do 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, programando a actuación *Contos para derreter a cera* un espectáculo de Alba Grande, valorando a presenza feminina na transmisión do patrimonio cultural inmaterial, recollida na narrativa oral e música popular galega. A protagonista desde espectáculo é unha xograresa que chega co seu pandeiro como unha ilusionista de palabras e cantigas para contar historia de lumes pequenos e grandes. (alumnado de E. Primaria)
- Continuando o proxecto Contos en Igualdade, iniciado no curso 2016/17 desde a ANPA FONTELA, plantéxase a adquisición dunha serie de libros baixo perspectiva de xénero (con guías de lectura) que serán doados á Biblioteca do CEIP das Fontiñas co gallo do día Internacional da Muller, 8 de marzo. (alumnado de E. Infantil e E. Primaria).

Relacionado coa educación en valores e en igualdade, plantéxase a celebración do Día Internacional do Pobo Xitano do 8 de abril.

Desde a ANPA Fontela quérese continuar coa organización de charlas para toda a comunidade educativa de temas de interese: en temas de igualdade, de educación afectivo-sexual, violencia de xénero, sobre o uso adecuado e crítico de internet, saúde, etc.

E, como todos os cursos anteriores, organízase unha xornada de convivencia organizando unha saída ambiental/cultural para toda a comunidade educativa e unha festa de fin de curso.

## **21.- PROXECTO LECTOR DE CENTRO**

O centro conta cun plan lector elaborado polo profesorado do centro, coordinado polo equipo de biblioteca, e aprobado polo claustro de profesores e consello escolar

## 22.- CONCRECIÓN ANUAL DO PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

A concreción anual do Proxecto Lingüístico do Centro (en vigor de 2019-2023), vese detallada polo miúdo nas propostas do Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) recollidas nesta PXA, destacando as seguintes actuacións:

- Do Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG): coordinar a planificar as diversas actividades propostas a través de reunións de traballo, procurando que estas estean relacionadas co currículo, facer novas adquisicións de fondos en galego para ampliar a biblioteca galega e participar na elaboración de materiais referentes as diferentes conmemoracións que figuran na PXA.
- Respecto do profesorado e alumnado: motivalo cara a participación nas actividades programadas e reflectir nestas aspectos da cultura galega de interese para toda a comunidade escolar.
- Por parte do equipo de redacción: recollida do material aportado polos diferentes niveis, para concursos, exposicións, publicacións da web, aula virtual,,...; selección, deseño, clasificación e publicación dos traballos e distribución destes a toda a comunidade educativa; montaxe da exposición e actividades co gallo da Semana das Letras Galegas e divulgación da vida e obra do autor homenaxeado este ano.
- Entre as actividades, indicar que se agrupan en varios bloques:
  - Bloque 1: Recuperar as nosas tradicións (Samaín e Maios).
  - Bloque 2: O magosto.
  - Bloque 3: Concurso de postais de Nadal.
  - Bloque 4: Semana cultural, incluída a Semana Especial Letras Galegas.
  - Bloque 5: Colaborar co Equipo de Biblioteca na dinamización da Biblioteca do centro.
  - Bloque 6: Elaboración de murais, carteis e demais materiais para exposicións.
  - Bloque 7: Colaboración co Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares (EACE) en diversas actividades.
  - Bloque 8: Potenciar o uso do galego oral e escrito no centro.
  - Bloque 9: Procurar aumentar a competencia lingüística e implicación de toda a comunidade educativa.

Este curso a distribución horaria das materias a impartir en lingua galega, lingua castelán e inglés (lingua estranxeira e seccións bilingües), por cursos, queda detallada como sigue:

### **Educación Infantil (EI).**

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 - 2024

A lingua materna predominante en todo o 2º ciclo de EI é o galego e por tanto será esta a que empregará o profesorado na aula. Isto non implica deixar de procurar que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa. Tamén adquirirán coñecementos nunha lingua estranxeira (inglés)

Atenderase de xeito individualizado ao alumnado tendo en conta a súa lingua materna.

As actividades e estratexias de aprendizaxe a empregar para que o alumnado adquira o coñecemento das dúas linguas oficiais, especifícanse nas programacións correspondentes a esta etapa.

**Educación Primaria (EP).**

<b>1º CURSO (EN GALEGO)</b>		<b>1º CURSO (EN CASTELÁN)</b>	
Lingua Galega e Literatura.	4 h.	Lingua Castelá e Literatura.	4 h.
Ciencias Sociais.	2 h.	Matemáticas	5 h.
Ciencias da Natureza.	3 h.	Educación Física	2 h.
Educación Plástica e Visual	1 h.	Relixión Católica / Relixión Evanxélica/ Proxecto Competencial	1 h.
Música e Danza	1 h.		
Total:		<b>11 h.</b>	Total:
			<b>12h.</b>
Lingua estranxeira (Inglés)			Total:
			<b>2 h.</b>

<b>2º CURSO (EN GALEGO)</b>		<b>2º CURSO (EN CASTELÁN)</b>	
Lingua Galega e Literatura.	4 h.	Lingua Castelá e Literatura.	4 h.
Ciencias Sociais.	3 h.	Matemáticas	5 h.
Ciencias da Natureza.	2 h.	Educación Física.	2 h.
Música e Danza	1 h.		
Relixión Católica / Relixión Evanxélica/ Proxecto Competencial	1 h.		
Educación Plástica e Visual	1h.		
Total:		<b>12 h.</b>	Total:
			<b>11 h.</b>
Lingua estranxeira (Inglés)			Total:
			<b>2 h.</b>

<b>3º CURSO (EN GALEGO)</b>		<b>3º CURSO (EN CASTELÁN)</b>	
Lingua Galega e Literatura.	4 h.	Lingua Castelá e Literatura.	4 h.
Ciencias Sociais.	2 h.	Matemáticas	4 h.
Ciencias da Natureza.	3 h.	Educación Física.	2 h.
Educación Plástica e Visual	1 h.	Relixión Católica / Relixión Evanxélica/ Proxecto Competencial	1 h.
Música e Danza	1 h.		
Total:		<b>11 h.</b>	Total:
			<b>11 h.</b>
Lingua estranxeira (Inglés)			Total:
			<b>3 h.</b>

<b>4º CURSO (EN GALEGO)</b>		<b>4º CURSO (EN CASTELÁN)</b>	
Lingua Galega e Literatura.	4 h.	Lingua Castelá e Literatura.	4 h.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 - 2024

Ciencias Sociais.	3 h.	Matemáticas	4 h
Ciencias da Natureza.	2 h.	Educación Física	2 h
Música e danza	1 h.	Relixión Católica / Relixión Evanxélica/ Proxecto Competencial	1 h
Educación Plástica e Visual	1h		
Total:	<b>11 h.</b>	Total:	<b>11 h.</b>
Lingua estranxeira (Inglés)		Total:	<b>3 h.</b>

5º CURSO (EN GALEGO)		5º CURSO (EN CASTELÁN)	
Lingua Galega e Literatura.	4 h.	Lingua Castelá e Literatura.	4 h
Ciencias Sociais.	2 h.	Matemáticas	4 h
Ciencias da Natureza.	3 h.	Educación Física.	2 h
Música e Danza	1 h.	Relixión Católica / Relixión Evanxélica/ Proxecto Competencial	1 h
Total:	<b>10 h.</b>	Total:	<b>11 h</b>
Educación Plástica e Visual (Inglés) <i>Sección Bilingüe (Inglés)</i>		1 h.	
Lingua estranxeira (Inglés)		3 h.	
		Total:	<b>4 h</b>

6º CURSO (EN GALEGO)		6º CURSO (EN CASTELÁN)	
Lingua Galega e Literatura.	4 h.	Lingua Castelá e Literatura.	4 h
Ciencias Sociais.	2 h.	Matemáticas	4 h
Ciencias da Natureza.	2 h.	Educación Física	2 h
Música e Danza	1 h.		
Relixión Católica / Relixión Evanxélica/ Proxecto Competencial	1 h		
Educación en Valores Cívicos e Éticos	1h		
Total:	<b>11 h.</b>	Total:	<b>10h</b>
E. Plástica e Visual: Plástica (Inglés) <i>Sección Bilingüe (Inglés)</i>		1 h.	
Lingua estranxeira (Inglés)		3 h.	
		Total:	<b>4 h.</b>

## 23.- COMEDOR E MADRUGADORES

O centro dispón de servizo de comedor escolar, xestionado polo Concello de Santiago que contrata un servizo de comidas a domicilio, de 14:00 a 16:30 horas.

A maiores, e tamén xestionado polo Concello de Santiago, desenvólvese todos os días lectivos o programa "Madrugadores" de 7:45 a 9:00 horas.

## 24.- OUTROS PROXECTOS

### 24.1.- SECCIÓN BILINGÜES

O centro conta con dúas seccións bilingües en lingua inglesa, en 5º e 6º de Educación Primaria, nas áreas de Artística (Plástica). O obxecto é mellorar a competencia lingüística deste alumnado en dita lingua e facilitar a súa integración nunha sociedade plurilingüe.

Os contidos destas materias de Educación Artística-Plástica (ART AND CRAFTS) impartiranse en lingua inglesa nun mínimo do 50%, como modo de reforzar a aprendizaxe desta lingua dentro do contexto educativo e non simplemente no lingüístico.

As materias son impartida por: Lydia Brenlla López (5ºA), Irene Raña Amido (5ºB) e Ana Brea Botana (6ºA, 6ºB e 6ºC).

Coordina o proxecto a mestra de inglés María Trilla Segura.

## **24.2.- PROXECTO EDIXGAL, PLAN DIXITAL e POLOS CREATIVOS**

No presente curso o centro vai polo 4º ano co Proxecto EDIXGAL en 5º e 6º de E. Primaria.

Este proxecto está coordinado por Rafael Devesa Queiruga.

Ademais, no marco de desenvolvemento do Plan Dixital elaborado no curso pasado, no presente as actuacións irán destinados a unha reformulación dos obxectivos.

No presente curso, está previsto que o centro reciba unha dotación dentro do proxecto Polos Creativos para que profesorado e alumnado poidan traballar de xeito innovador. As liñas de traballo van orientadas cara esta nova metodoloxía coa formación do profesorado a través dos Plans de Formación Permanente do Profesorado (PFPP).

## **24.3.- REDE DE ACOMPAÑAMENTO E ORIENTACIÓN PERSOAL E FAMILIAR DE GALICIA (RAOGAL)**

Neste curso 23 – 24 o CEIP das Fontiñas continúa formando parte da rede de centros RAOGAL (Acompañamento e Orientación persoal e familiar de Galicia).

A persoa responsable da unidade de actuación no noso centro será Mª Isabel Barreiro Gundín.

## **25.- PLAN DE ORIENTACIÓN**

### **25.1.- INTRODUCCIÓN**



A lexislación educativa mais recente outórgalle á función orientadora un papel relevante, considerándoa un pilar esencial e básico do sistema educativo con decisiva incidencia na calidade dos procesos que nel se desenvolven.

A Orientación Educativa aparece na nosa lexislación como un principio básico da educación, como unha das funcións do profesorado e como un dereito fundamental que teñen os alumnos e alumnas, así como os pais en relación coa educación dos seus fillos e das súas fillas.

Tomaremos como finalidade a atención á diversidade dos alumnos e alumnas. En coherencia con este principio, a Orientación educativa supón a posta en marcha por parte do centro educativo dun conxunto de actuacións encamiñadas a asegurar por un lado unha educación integral do alumno e, por outro, un proceso educativo que se axuste ao máximo ás características e necesidades de todos e cada un deles.

Neste senso, a orientación, entendida como un elemento inherente á propia educación, contribúe ao logro dunha formación integral na medida en que aporta asesoramento e apoio técnico para que no centro educativo se promovan aqueles aspectos que máis personalicen a educación.

## **25.2.- MARCO LEGAL**

No curso escolar 1998-1999 créase o Departamento de Orientación neste centro, estando adscrito ao Departamento de Orientación do IES Antón Fraguas de Santiago de Compostela. As bases legais que rexen o funcionamento do departamento son:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, modificada na súa redacción pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro (LOE – LOMLOE)
- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a Orientación Educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional, regulado polo decreto 120/1998.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Circular 10/2010, das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.
- Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das Escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria e o regulamento orgánicos dos institutos de educación secundaria, respectivamente.
- Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das Escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

### **25.3.- XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO ESCOLAR**

O CEIP das Fontiñas está localizado no centro urbano de Santiago de Compostela, concretamente na Rúa de Roma Nº21. Este centro recibe alumnado do ámbito urbano que acude ao centro polo seu propio pé, polo que non se oferta autobús escolar.

A xornada escolar do centro é continua, con horario de 09:00-14:00 horas e servizo de comedor ofertado polo concello. O centro este curso escolar conta con 20 unidades en funcionamento, organizados en dous edificios independentes: un para Educación Infantil (6

unidades) e outro para Educación Primaria (14 unidades). O alumnado no presente curso está distribuído da seguinte maneira:

ETAPA	NIVEL	A	B	C	Total
Educación Infantil	4º	16	15		31
	5º	20	20		40
	6º	16	15		31
<b>TOTAL ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL</b>					<b>102</b>
Educación Primaria	1º	21	21		42
	2º	22	21	22	65
	3º	23	22		45
	4º	25	25		50
	5º	23	22		45
	6º	21	19	19	59
<b>TOTAL ALUMNADO DE EDUCACIÓN PRIMARIA</b>					<b>306</b>
<b>TOTAL ALUMNADO DO CENTRO</b>					<b>408</b>

Entre os alumnos/as do noso centro, existe un número significativo de alumnado de etnia xitana, están integrados no nivel correspondente e recibindo apoio se as súas necesidades o requiren. Ademais, cabe sinalar, que incrementou significativamente o número de alumnado estranxeiro, sendo este de diferentes niveis curriculares e nacionalidades, tales como: Portugal, Venezuela, Cuba, Brasil, Ecuador, Perú, República Dominicana, Colombia, China, Vietnam, Marrocos, Senegal, entre outros. Tamén houbo un incremento de alumnado con necesidades educativas especiais (NEE), sobre todo referido a alumnado derivado por inspección educativa e matriculado unha vez comezado o curso (fóra de prazo).

O centro está adscrito ao IES Antón Fraguas de Fontiñas, segundo a rede de centros elaborada pola Consellería de Cultura, Educación e Universidades a efectos de acceso á ESO do alumnado que remata a Educación Primaria.

No actual curso o centro conta cos seguintes recursos materiais e humanos:

**Recursos humanos:**

➤ **Persoal Docente:**

- 6 mestras de Educación Infantil (titoras).
- 2 mestras de apoio de Educación Infantil.
- 14 mestres/as de Educación Primaria (titores/as).
- 1 mestre especialista en Educación Musical.
- 2 mestres/as especialistas en Educación Física.

- 2 mestras especialistas en lingua estranxeira (inglés).
- 1 auxiliar de conversa (inglés).
- 3 mestres/as especialistas en Pedagogía Terapéutica e 1 especialista máis de PT compartida, que acode dous días a este centro.
- 2 mestras especialistas en Audición e Linguaxe e 1 especialista máis de AL compartida, que acode dous días a este centro.
- 1 mestre de PROA+ (media xornada).
- 1 mestra de relixión católica.
- 1 mestra de relixión evanxélica.
- 1 orientadora

➤ **Persoal non docente:**

- 2 conserxes.
- 2 PACS (Persoal Auxiliar Coidador) e 1 PAC máis compartido, que acode tres días a este centro.
- 3 encargadas da limpeza.

A coordinación dos mestres establécese mediante reunións de Ciclo/Nivel, Equipos de Dinamización Lingüística, Actividades Complementarias e Extraescolares, de Biblioteca e de TICS, ademais das mensuais da Comisión de Coordinación Pedagóxica e do Departamento de Orientación, etc.

**Recursos materiais:**

As instalacións do centro cómpren os requisitos mínimos recollidos no Real Decreto 132/2010, de 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten as ensinanzas do segundo ciclo de educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria, contando concretamente con instalacións coma:

- Unha biblioteca.
- Dúas aulas de relixión (católica e evanxélica).
- Unha aula de música.
- Tres aulas de apoio (compartidas polos docentes de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe).
- Dous despachos de titorías
- Un departamento de orientación.

- Unha sala de profesorado.
- Varios despachos para os cargos directivos (Director, Xefe de estudos e Secretaria) e administración.
- Un comedor.
- Unha pista polideportiva.
- Un patio de xogos para Educación Infantil (cunha zona de area, unha zona de herba artificial cun parque e unha zona de herba natural).
- Un patio de xogos para Educación Primaria.

Algúns dos espazos que nun principio se empregan como despachos de titorías (para reunións de nivel...), biblioteca e aula de música, este curso estanse a empregar puntualmente para a atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, debido ao grande número desde alumnado.

### **25.3.1.- Medidas de atención á diversidade e alumnado con necesidade específica de apoio educativo (NEAE)**

Segundo o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, co obxecto de reforzar a inclusión, asegurar o dereito a unha educación de calidade e para evitar a permanencia nun mesmo curso. Os mecanismos de apoio e reforzo serán tanto organizativos como curriculares e entre estes poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

Ademais, os centros docentes adoptarán as medidas necesarias, nos termos establecidos pola consellería con competencias en materia de educación, para responder ás necesidades educativas concretas do seu alumnado, tendo en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe.

Estas medidas estarán orientadas a permitir que todo o alumnado poida alcanzar os obxectivos e as competencias clave da etapa, así como o nivel de desempeño esperado ao termo da Educación Primaria, de acordo co perfil de saída, polo que en ningún caso poderán

supoñer unha discriminación que impida a quen se beneficie delas acadar a promoción ao seguinte ciclo ou etapa.

En particular, favorecerase a flexibilización e o emprego de alternativas metodolóxicas no ensino e na avaliación da lingua estranxeira, especialmente co alumnado que presente dificultades na súa comprensión e expresión.

Igualmente, estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades deste alumnado.

A escolarización do alumnado con necesidade específica de apoio educativo rexerese polos principios de normalización e inclusión e asegurará a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso e na permanencia no sistema educativo, e poderán introducirse medidas de flexibilización das distintas etapas educativas, cando se considere necesario.

A identificación e a valoración do alumnado con necesidade específica de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración realizaranse da forma máis temperá posible, nos termos que determine a consellería con competencias en materia de educación. Os centros docentes deberán adoptar as medidas necesarias para facer realidade esa identificación, valoración e intervención. Neste proceso de identificación e valoración serán preceptivamente oídas e informadas as nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado. A consellería con competencias en materia de educación regulará os procedementos que permitan resolver as discrepancias que poidan xurdir, sempre tendo en conta o interese superior do menor e a vontade das familias que mostren a súa preferencia polo réxime máis inclusivo.

A consellería con competencias en materia de educación establecerá as condicións de accesibilidade ao currículo do alumnado con necesidades educativas especiais, os recursos de apoio que favorezan ese acceso e, de ser o caso, os procedementos oportunos cando sexa necesario realizar adaptacións que se aparten significativamente dos criterios de avaliación e dos contidos do currículo, co fin de dar resposta a este alumnado que as precise, buscando permitirlle o máximo desenvolvemento posible das competencias clave.

A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, identificado como tal segundo o procedemento e nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación, poderá flexibilizarse conforme a normativa vixente, de forma que

poida reducirse un curso a duración da etapa, cando se prevexa que esta é a medida máis adecuada para o desenvolvemento do seu equilibrio persoal e a súa socialización. Esta flexibilización poderá incluír tanto a impartición de contidos e a adquisición de competencias propias de cursos superiores como a ampliación de contidos e competencias do curso corrente, así como outras medidas.

A escolarización do alumnado que se incorpore de xeito tardío ao sistema educativo, a que se refire o artigo 78 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, realizarase atendendo ás súas circunstancias, aos seus coñecementos, á súa idade e ao seu historial académico. Cando presenten graves carencias nalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou desfasamento curricular, recibirán, nos termos establecidos pola consellería con competencias en materia de educación, unha atención específica que será, en todo caso, simultánea á súa escolarización no grupo ordinario, co que compartirá o maior tempo posible do horario semanal.

Quen presente un desfasamento no seu nivel de competencia curricular de dous ou máis cursos poderá ser escolarizado no curso inferior ao que lle correspondería por idade. Para este alumnado adoptaranse as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e a recuperación, de ser o caso, do seu desfasamento e que lle permitan continuar con aproveitamento a súa aprendizaxe. No caso de superar ese desfasamento, incorporárase ao curso correspondente á súa idade.

Neste apartado facemos referencia a aquel alumnado que, por diferentes razóns, presentan máis dificultades co resto dos seus compañeiros/as para acadar os obxectivos previstos; e cales serán as medidas de atención á diversidade que se propoñen para a atención educativa dos mesmos. As fontes de información empregadas para determinar este alumnado son os informes individualizados de avaliación feitos polos titores/as, os datos procedentes das reunións semanais realizadas cos mesmos e información dos informes dos que dispón o Departamento de Orientación e das avaliacións psicopedagóxicas realizadas.

Deste modo, os mestres/as especialistas en Pedagogía Terapéutica (PT) están atendendo a 45 alumnos/as de Educación Infantil e Primaria; e as mestras especialistas en Audición e Linguaxe (AL) están atendendo a 33 alumnos/as de Educación Infantil e Primaria.

Ditos especialistas traballarán preferentemente dentro da aula ordinaria e centraranse nas áreas instrumentais básicas (nos casos de alumnado con Adaptación Curricular, cabe

recordar que a atención fóra da aula ordinaria nunca poderá superar 1/3 da xornada escolar). Para calquera atención especializada, sexa dentro ou fóra da aula ordinaria, requirirase información e conformidade escrita da familia, que se actualizará cada curso.

Ademais, logo da primeira reunión do DO, os coordinadores de ciclo/equipo docente integrantes deste, recollerán as necesidades de apoio por titorías e as comunicarán á Xefatura do DO coa finalidade de distribuír, conxuntamente coa Xefatura de Estudos, as posibles horas de apoio ordinario para o alumnado xa valorado.

Xunto co alumnado que foi identificado con NEAE e avaliado polo DO cos cursos anteriores, darase resposta dende o Departamento a aquelas novas demandas para valorar e atender a novo alumnado, ben porque xurdan novas necesidades ou por ser alumnado de nova incorporación ao centro e que presente necesidades. A solicitude de intervención do DO para a valoración deste novo alumnado farase mediante unha demanda escrita asinada polo profesorado titor no modelo existente para o efecto.

O alumnado que aínda presentando NEAE, por falta de horario, non poida ser atendido polo profesorado de PT/AL, poderá ser atendido polo profesorado con dispoñibilidade horaria, nos horarios establecidos pola xefatura de estudos en coordinación coa xefatura deste departamento. A organización destes apoios ordinarios deberá facerse tendo en conta o alumnado que figura na relación de alumnado con NEAE (sobre todo asociadas a dificultades de aprendizaxe) remitida por este departamento á inspección educativa a finais do curso pasado, logo das avaliacións oportunas. Estes apoios ordinarios centraranse principalmente en 1º e 2º de Educación Primaria, dado que 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria contan cun programa de apoio específico, que se detalla a continuación.

Xunto con estes recursos, este curso o centro (en 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria) volve a participar no PROA+. Con este programa intentamos, entre outros obxectivos, potenciar a aprendizaxe e o rendemento escolar do alumnado mellorando as expectativas sobre as súas propias capacidades; axudarlle na formación do seu autoconceito e na súa integración social; facilitar a continuidade na progresión da acción educativa; e incrementar a relación e a comunicación coas familias, favorecendo así a súa implicación no desenvolvemento dos/as seus/súas fillos/as.

A distribución do horario deste profesorado realizarase de xeito coordinado entre a Xefatura de Estudos e a Xefatura do DO, coa finalidade de non duplicar horarios ou coincidencias



coas persoas especialistas do DO (PT/AL) e atender ao alumnado que foi proposto cando se pediu o programa (ver requisitos de convocatoria).

Outra modalidade de atención educativa por parte do Departamento de Orientación, de ser o caso, será a de grupos reducidos ou de xeito individual para traballar habilidades sociais, potenciar a autoestima, técnicas de estudo, estratexias de aprendizaxe e desenvolvemento madurativo das funcións cognitivas básicas (atención, percepción, memorización...), así como distintos problemas da linguaxe.

En canto as Adaptacións Curriculares, esta medida extraordinaria comezarase a aplicar logo de esgotadas as medidas ordinarias de reforzo educativo (RE) e partindo da información do curso anterior, avaliación inicial e previa avaliación psicopedagóxica, onde se contemplarán as competencias curriculares do/a alumno/a para así determinar a resposta educativa individualizada máis axeitada. Este curso teranse que renovar sete Adaptacións Curriculares e, posiblemente, cinco novas (tal como se recolle nos acordos da avaliación final do curso pasado e na avaliación inicial deste curso).

Estas adaptacións serán elaboradas polo equipo docente, composto polo profesorado de cada área e coa colaboración dos especialistas de PT e AL, coordinados polo profesorado titor e co asesoramento de Departamento de Orientación.

Determinaranse os criterios para establecer en que áreas recibirán apoio na aula ordinaria co seu grupo ou fóra, na aula de apoio (non superando nunca 1/3 da xornada escolar), priorizando as instrumentais. O traballo dentro da aula ordinaria farase posibilitando na medida do posible a participación deste alumnado nas tarefas do grupo e no seguimento do currículo ordinario.

Co alumnado, tanto NEAE como non, que reciba atención domiciliaria, de ser o caso, establecerase dende o centro educativo de referencia unha relación de coordinación e colaboración co mestre asignado para esa atención educativa domiciliaria, na cal estean implicados o/a titor/a e os mestres especialistas, contando coa colaboración e asesoramento do Departamento de Orientación. Debido a isto, cando se trate de alumnado con NEE, reservarase un tempo mínimo estimado dentro do horario lectivo, dos especialistas de PT/AL asignado previamente para a atención presencial a este alumnado con NEE, para atender e coordinar esta nova situación (tempo mínimo que non dificulte a atención ao restante alumnado que asiste ao centro).

#### 25.4.- CONSTITUCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Seguindo a normativa vixente, para este curso 2023-2024, o Departamento de Orientación conta cos seguintes membros:

- **Lucía Cruces Estévez** (Xefa do Departamento de Orientación).
- **M<sup>a</sup> del Carmen Rivas Fraga** (Mestra Especialista en Pedagogía Terapéutica).
- **Cristina Díaz Fernández** (Mestra Especialista en Pedagogía Terapéutica; substitúe a María Isabel Barreiro Gundín responsable da UACO-RAOGAL).
- **Ana Gigirey Vilar** (Mestra Especialista en Pedagogía Terapéutica).
- **Lara Rodríguez Vázquez** (Mestra Especialista en Pedagogía Terapéutica; compartida, asiste ao noso centro dous días a semana).
- **M<sup>a</sup> Concepción Vidal Garea** (Mestra Especialista en Audición e Linguaxe).
- **Olalla Veiga Graña** (Mestra Especialista en Audición e Linguaxe).
- **Eva Formoso Fernández** (Mestra Especialista en Audición e Linguaxe; compartida, asiste ao noso centro dous días a semana).
- **María Magdalena De Rojas Silva** (Coordinadora de Educación Infantil).
- **María Luz Vázquez Castro** (Coordinadora de 1º e 2º de Educación Primaria).
- **Montserrat López Suárez** (Coordinadora de 3º e 4º de Educación Primaria).
- **Ana Mosquera Calviño** (Coordinadora de 5º e 6º de Educación Primaria).
- **Lorena María Barbazán Pais** (Mestra de PROA+)

##### 25.4.1.- Funcións do Departamento de Orientación

O Departamento de Orientación desenvolverá as súas **funcións** naqueles ámbitos relacionados coa orientación psicopedagóxica, académica e profesional, e terá as seguintes competencias (reguladas na normativa citada Decreto 120/1998 e Orde 24/07/1998):

- Valorar as necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos alumnos e alumnas do seu contorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.

- Elaborar, de acordo coas directrices establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica, as propostas do plano de orientación académica e do plan de acción tutorial, incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado; así como coordinar ao profesorado e ofrecerlle soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.
- Participar na elaboración dos proxectos educativo e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención á diversidade do alumnado e nos principios de avaliación formativa e, cando cumpra, de adecuación dos criterios de promoción.
- Diseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivadas tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades que presenten os alumnos/as.
- Participar na avaliación psicopedagóxica e no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- Facilitarlle á comunidade educativa os apoios e o asesoramento necesarios para que o alumnado poida afrontar adecuadamente os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou de etapa e ou a resolución de conflitos de relación interpersoal.
- Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos e en calquera outros relacionados co seu ámbito de actuación.
- Cooperar cos membros dos equipos de orientación específicos no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de intervención.
- Co obxecto de potenciar estratexias de actuación conxuntas, promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos: adquisición de hábitos de hixiene e de autonomía; desenvolvemento motriz e da linguaxe; relacións interpersoais e aqueloutros aspectos que favorezan o desenvolvemento evolutivo do alumnado.
- Establecer canles de comunicación cos diferentes servizos ou institucións no ámbito das súas competencias.

E serán **funcións do profesorado de apoio**, segundo o Decreto 374/1996, o Decreto 120/1996 e a Orde 24/07/1998, ademais das recollidas no artigo 57 da Orde do 08/09/2021 polo que se desenvolve o Decreto 229/2011 as seguintes:

- Coordinar en relación co xefe/a de estudos as cuestións relacionadas coa educación de estes nenos/as.
- Colaborar coa Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Orientar ao profesorado que imparte docencia aos alumnos/as con NEAE, así como a eles mesmos e aos pais sobre cuestións de interese para o seu desenvolvemento.
- Colaborar co profesor/a titor/a e co resto do profesorado na elaboración das adaptacións curriculares e no seguimento e avaliación destas.

### **25.5.- OBXECTIVOS XERAIS**

- Favorecer o desenvolvemento integral do alumno, colaborando e apoiando ao centro e ás familias no ámbito psicopedagóxico e social nas etapas de Educación Infantil e Primaria.
- Prever as dificultades de aprendizaxe do alumnado de nova incorporación ao centro, favorecendo a coordinación entre os distintos profesionais, a avaliación inicial e medidas para a adaptación ao centro.
- Fomentar a colaboración da familia para un desenvolvemento do alumnado nas súas capacidades, atendendo as súas necesidades e inculcando valores de respecto e axuda aos outros.
- Favorecer a comunicación e coordinación coas familias e servizos externos ao centro.
- Favorecer e impulsar a coordinación cos centros adscritos, principalmente na detección de dificultades de aprendizaxe, medidas de atención á diversidade, técnicas de traballo intelectual.

#### **25.5.1.- Obxectivos segundo os tres ámbitos de actuación**

Tendo en conta que o Departamento de Orientación centra as actuacións que lle son propias fundamentalmente en tres ámbitos (proceso de ensino-aprendizaxe, acción titorial e orientación educativa), a continuación expoñeremos os obxectivos principais para cada un deles:

### 25.5.1.1- Proceso de Ensino-Aprendizaxe

#### Con respecto ao centro:

- Colaborar na elaboración do PE e CC, incidindo en aspectos como organización, avaliación, promoción e atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo e na recollida das medidas de atención á diversidade precisas no centro.
- Contribuír á revisión das Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia (NOFC) ao longo de todo o curso.
- Elaborar/actualizar os documentos propios do departamento (Plan de Atención á Diversidade, Plan de Orientación e Plan de Acción Titorial).
- Colaborar na elaboración de programas específicos de intervención.
- Asesorar ao equipo directivo no que respecta ás medidas de atención na diversidade, intervención psicopedagóxica, criterios de avaliación e promoción do alumnado.
- Solicitar á xefatura de estudos a organización de horarios que faciliten a coordinación entre os especialistas de PT/AL co profesorado-titor do alumnado obxecto desta atención especializada co fin de favorecer un mellor seguimento e planificación da atención a este.
- Diseñar programas orientados a previr e detectar precozmente as dificultades de aprendizaxe.
- Contribuír á análise das necesidades educativas do centro (durante todo o curso).
- Promover a cooperación entre o centro e as familias.
- Promover a cooperación con outros centros, organismos ou institucións que traballan co noso alumnado.

#### Con respecto ao alumnado:

- Previr, detectar e tratar as dificultades de aprendizaxe, mediante a avaliación inicial, seguimento e avaliación psicopedagóxica se fose preciso.
- Aplicar, revisar e modificar, se fose necesario, os programas específicos de intervención que recibe o alumnado con necesidade específica de apoio educativo; e aplicación doutros como: lectura eficaz, atención, habilidades sociais, técnicas de estudio e traballo intelectual.
- Participar nas sesións de avaliación e recoller as conclusións das reunións do equipo docente.

**Con respecto ao profesorado:**

- Colaborar co profesorado na detección das necesidades educativas do alumnado.
- Asesorar ao profesorado sobre a necesidade de dar resposta á diversidade nas programacións didácticas contemplando diversos niveis de dificultade.
- Transmitirlles información sobre os resultados das avaliacións psicopedagóxicas.
- Fomentar a comunicación, colaboración e coordinación entre os membros da comunidade educativa.
- Asesorar ao profesorado e participar con el na elaboración, implementación e medidas de atención á diversidade.
- Asesorar ao profesorado na elaboración das Adaptacións Curriculares, se fose preciso.
- Apoio a programas para o logro de competencias ligadas a: mellorar as habilidades sociais, os hábitos de estudo e ás estratexias de aprendizaxe durante todo o curso.

**Con respecto ás familias:**

- Establecer vías de comunicación coas familias para intercambiar información relativa aos seus fillos/as e implicalas no proceso educativo.
- Lograr unha maior colaboración nas actividades que se realicen no centro.
- Proporcionarlles información sobre as novidades que aporta o sistema educativo: atención á diversidade, competencias básicas, estándares de aprendizaxe, orientación académica, etc.

**Con respecto aos recursos externos ao centro:**

- Coordinarse cos servizos e institucións externos ao centro e solicitar a súa colaboración cando fose necesario (centros educativos nos que temos alumnado en escolarización combinada, organismos educativos de atención ao alumnado do centro fóra do horario lectivo...).
- Establecer canles de coordinación e colaboración cos Departamentos de Orientación doutros centros de educación infantil e primaria, institutos de educación secundaria e equipo de orientación específico provincial.

**25.5.1.2.- Plan de Acción Titorial**

**Con respecto ao centro:**

- Colaborar na elaboración do Plan de Acción Titorial, seguindo as directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica e asistir ás reunións establecidas para o seu seguimento pola xefatura de estudos.
- Facilitar información para establecer criterios de organización, adxudicación e funcionamento das titorías.
- Colaborar coa xefatura de estudos na elaboración, no comezo de curso, de horarios de apoios ordinarios do profesorado con dispoñibilidade horaria.

**Con respecto ao alumnado:**

- Prestar atención individualizada e asesoramento ao alumnado cando así o soliciten.
- Participar nas actividades de titoría cando sexa necesario.
- Axudarlles a conseguir unha boa inclusión no centro e no grupo-clase.

**Con respecto ao profesorado:**

- Asesorar con respecto á organización e agrupamento do alumnado, especialmente no referente á atención á diversidade do grupo.
- Asesorar no desempeño da función titorial.
- Facilitar información e asesoramento sobre a implementación na aula de programas específicos para o desenvolvemento de técnicas e hábitos de estudo, programas de ensinar a pensar, aprender a aprender, mellora da autoestima e das habilidades sociais.
- Preparación dun programa de transición a ESO, para alumnado de 6º de Educación Primaria no terceiro trimestre.
- Colaborar coa xefatura de estudos, no apoio aos titores na relación coas familias e nos problemas de convivencia durante todo o curso.
- Participar nas sesións de avaliación ao remate de cada trimestre.

**Con respecto ás familias:**

- Fomentar e potenciar a relación e colaboración titores-familia para a resolución conxunta dos problemas que afecten aos seus fillos/as.
- Asesoramento e información no ámbito da orientación educativa e psicopedagóxica se o solicitan durante todo o curso.
- Recollida de información, cando sexa precisa, para unha intervención psicopedagóxica durante todo o curso.

### 25.5.1.3.- Plan de Orientación Académica

#### Con respecto ao centro:

- Fomentar a colaboración e relación entre o centro e os institutos de educación secundaria da zona.
- Implicar ao centro na orientación académica do alumnado dos últimos cursos, especialmente ao de 6º de Educación Primaria.

#### Con respecto ao alumnado:

- Asesoralos e prestarlles axuda nos momentos decisivos e de maior dificultade (cambios de curso/ciclo, ingreso na educación secundaria obrigatoria, elección de opcións académicas...).
- Proporcionar información académica individualizada e diversificada.

#### Con respecto ao profesorado:

- Asesorar e orientar con respecto aos procesos de avaliación, promoción do alumnado e medidas de atención á diversidade.
- Informar sobre a importancia, para o futuro académico e profesional do alumnado, dos contidos transversais e da consecución das competencias básicas.

#### Con respecto ás familias:

- Fomentar nas familias a responsabilidade da educación e orientación académica dos seus fillos/as.

### 25.5.2.- Planificación e actividades prioritarias

No deseño do plan de traballo, tomamos como referente un modelo integrador no que se teñen en conta elementos que interveñen no proceso educativo e o seu carácter interactivo.

Para levar a cabo este modelo no que se pretende implicar a toda a comunidade educativa, o profesorado titor é un aliciente fundamental é, polo tanto, resulta imprescindible para a labor orientadora contar coa súa colaboración, tanto no que se refire á orientación persoal como á orientación no proceso de ensino-aprendizaxe. Esta colaboración concrétese, por unha banda, a través da potenciación e dinamización da función titorial entendida como facilitadora dun mellor coñecemento do alumnado e, por outra banda, no que se refire ao proceso de ensino-aprendizaxe, a través da axuda que se lle presta ao alumnado para que a súa aprendizaxe sexa a máis significativa, eficaz e satisfactoria. Todo isto, repercutirá, como consecuencia, nunha maior eficacia no desenvolvemento persoal do alumnado.



No desenvolvemento do traballo utilizaranse unha serie de documentos internos coa finalidade de recoller información, rexistrar observacións, detectar problemáticas, rexistrar resultados de avaliacións académicas e psicopedagóxicas, facilitar pautas e tomar as medidas que se consideren máis oportunas.

O proceso **de avaliación psicopedagóxica** tería a seguinte secuencia:

- Demanda escrita (explicando motivos).
- Concertación de entrevista co profesorado tutor/a.
- Primeira valoración.
- Entrevista coa familia, de ser o caso, e deseño da intervención provisional en colaboración co profesorado tutor.
- Intervención directa (alumno/a-orientador/a), previa información da necesidade e conformidade escrita da familia ou dos tutores coa finalidade de realizar una avaliación psicopedagóxica máis exhaustiva.
- Observación do alumnado en distintas situacións.
- Recollida de información doutros mestres/as.
- Realización da avaliación a través de probas e test.
- Valoración e resumo da intervención.
- Deseño de intervención consensuada en reunión co profesorado implicado e adopción de medidas educativas necesarias.
- Elaboración do correspondente informe psicopedagóxico.
- Se a situación o require, solicitude de intervención do Equipo de Orientación Específico da provincia.

Preténdese, por una banda desenvolver actuacións preventivas e potenciadoras, e, por outra intervencións directas de reeducación/atención educativa nos casos que así o precisen.

Ao mesmo tempo manterase una estreita colaboración con outros servizos educativos e profesionais que participan na atención do alumnado, cos servizos sociais, servizos de sanidade, etc. Coa finalidade de establecer pautas comúns de actuación e de evitar posibles disfuncións que se puideran producir por falla de coordinación.

Tendo en conta a avaliación do curso anterior e a Circular 10/2010 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, a planificación será o máis axustada posible ás características e necesidades educativas

do alumnado e do propio centro. A finalidade é dar respostas pedagóxicas e didácticas que pretenden ser funcionais e que farán especial relevancia nas seguintes liñas de actuación:

**Estratexias referidas ao alumnado:**

- Avaliación inicial do alumnado (ingreso en Educación Infantil e inicio da Educación Primaria a petición dos titores, remate de cada nivel sendo solicitado polo titor, 6º de Educación Primaria nos casos de NEE e cursos que así o solicite o titor contará coa colaboración do DO).
- Integración dos novos alumnos/as ao Centro (acollida dos nenos/as de tres anos e os que se incorporan doutros centros) segundo o programa de acollida do centro que regula a actuación nestes casos.
- Detección, avaliación, seguimento e atención das NEAE.
- Fomento de actividades para mellorar a convivencia dentro do centro.
- Elaboración dun programa de Habilidades Sociais para levar a cabo no centro.
- Fomento e desenvolvemento de actividades empregando as novas tecnoloxías (emprego do ordenador e a pantalla táctil).
- Fomento e desenvolvemento de actividades dentro do Plan de Acción Titorial.
- Facilitar a participación do orientador/a do IES e Xefatura de Estudos para dar a coñecer a ESO ao alumnado que remata Educación Primaria. Informar das NEAE do alumnado que pasa á ESO (ademais do envío da información relevante para o expediente, cando o solicite o respectivo DO).

**Estratexias referidas ao profesorado:**

- Mellorar a acción tutorial: fomentar entre o profesorado titor as reunións coas familias ao inicio de curso, reunións coas familias de alumnado que presente necesidades tanto pedagóxicas como de outro tipo.
- Detectar e prever condutas do alumnado que dificulten o proceso de ensino-aprendizaxe asesorándose en casos necesarios.
- Mellorar a información que desde o centro de primaria se facilita ao centro de secundaria a través dun informe de transición.
- Informar ao profesorado titor e especialistas que actúan na aula de aspectos tales como: avaliación inicial do alumnado, alumnado con NEE, metodoloxías aplicadas...
- Fomentar unha maior comunicación coas familias dos alumnos: follas informativas con contidos diversos e información na Páxina Web do Centro. Colaborar co titor/a da aula

ordinaria no reforzo educativo coordinándose nas diferentes actividades. Marcar reunións periódicas.

- Fomentar o interese do profesorado pola aplicación e o emprego das novas tecnoloxías (ordenador e pantalla táctil, webs dinámicas...).
- Traballar para a mellora da calidade das programacións didácticas escolares.

### **25.5.3.- Plan de actuación de Pedagogía Terapéutica**

Programación xeral de intervención para a atención das necesidades educativas do alumnado por parte dos/das especialistas en Pedagogía Terapéutica

#### **CONTEXTUALIZACIÓN E DEFINICIÓN DA PROGRAMACIÓN DE APOIO:**

O plan/programa de actuación/apoio convértese nun instrumento útil para planificar a labor do profesorado de Pedagogía Terapéutica con todos os sectores implicados no proceso de ensinanza e aprendizaxe: profesorado, alumnado e familia.

Segundo a Orde do 24 de xullo de 1998, que establece a organización da Orientación en Galicia, o profesorado de Pedagogía Terapéutica (PT) colaborará na elaboración do Plan de actuación respecto ao alumnado con NEE que atenderá directamente, plan de actuación que se recolle nesta programación.

Para o alumnado que así o precise elaboraranse programas de intervención individualizados nos que se recollerán todos os aspectos propios dunha programación.

#### **MEDIDAS DE TRABALLO PROPOSTAS NA PROGRAMACIÓN:**

Cando se adopte como medida extraordinaria que a atención educativa a realice o especialista de PT, priorizarase que a reciba o alumnado con NEE e, posteriormente, estenderase ao restante grupo de alumnado con NEAE. Estes poderían ser apoiados na aula ordinaria ou recibir apoio fóra desta, nunha aula de apoio, só cando as necesidades do alumnado xustifiquen esta medida diferenciada. A atención por parte dun especialista supón a adopción dunha medida extraordinaria de atención á diversidade.

Prevese a intervención fóra da aula con aquel alumnado que presenta maiores dificultades ou que pola especificidade das súas necesidades precisa de recursos ou métodos imposibles ou de difícil aplicación na aula ordinaria. Sempre se seguirán, á hora de intervir, as bases psicopedagóxicas nas que se fundamenta o Plan de Orientación; axustando as metodoloxías e recursos ás necesidades e calidades específicas de cada suxeito. Segundo

a Orde do 24 de xullo do 1998, a atención docente directa do alumno con NEE prestarase, en xeral, dentro do grupo clase. Cando o traballo co alumnado con NEE sexa fóra da aula, solicitaráselle permiso ao pai/nai ou titor legal deste alumnado.

Prestará a súa colaboración ao profesorado titor do alumnado con NEE para axustar a resposta educativa ás necesidades deste alumnado. Manteranse contactos e reunións frecuentes coas familias xunto co profesorado titor, para o que se dispón do tempo de atención a pais, fóra do horario lectivo. Estas quedan establecidas para todo o profesorado os martes pola tarde.

### **METODOLOXÍA:**

O apoio, tanto dentro da aula ordinaria como fóra dela, responderá a unha concepción aberta e flexible, polo tanto, trátase dunha metodoloxía que abranguerá a todos e cada un dos alumnos/as do grupo que, puntual ou permanentemente, poidan necesitar dalgún tipo de axuda.

Entre as estratexias metodolóxicas que se levan a cabo, destacamos as seguintes:

- Axustar a resposta educativa ás necesidades do alumnado que recibe atención de PT.
- Descubrir e potenciar a súa autoestima, confianza e motivación por superarse e querer aprender.
- Buscar a colaboración e participación das familias e do equipo docente no traballo co alumnado que recibe atención de PT, así como con outros organismos externos que interveñen no seu desenvolvemento.
- Resaltaranse e louvaranse os logros e minimizaranse os fracasos do alumnado, favorecendo a creación dunha imaxe positiva propia.

### **AVALIACIÓN:**

Segundo a Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998, o profesorado de apoio participará na avaliación inicial do alumnado que acceda á educación secundaria obrigatoria e, cando cumpra, naquelas sesións de avaliación que afecten a alumnado con NEE.

Ademais, colaborará na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares individuais, así como das medidas de reforzo, se é o caso, e daquelas dirixidas á atención á diversidade do alumnado e prestaralle atención docente directa ao alumnado

con NEE que así o requira, atención que, en xeral, se prestará no grupo no que está integrado.

A avaliación do alumnado con NEAE tomará como referente os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe fixados con carácter xeral, establecendo, para o alumnado que o requira, a adaptación das condicións de realización da avaliación, de forma que se garanta a obtención da información referente á aprendizaxe. Máis, cando o alumnado teña autorizada unha Adaptación Curricular (ACS), os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe serán os establecidos na dita adaptación.

O alumnado co que se intervirá poderá variar ou axustarse en función das novas necesidades que poidan xurdir (rara vez son altas ao tratarse de alumnado con NEE permanentes na súa maioría), revisarase a continuidade ou posible modificación cada trimestre, na avaliación correspondente.

#### **25.5.4.- Plan de actuación en Audición e Linguaxe**

Programación xeral de intervención para a atención das necesidades educativas do alumnado por parte dos/das especialistas en Audición e Linguaxe

#### **CONTEXTUALIZACIÓN E DEFINICIÓN DA PROGRAMACIÓN DE APOIO:**

O papel dos mestres de Audición e Linguaxe na escola é apoiar a aquel alumnado que posúa algunha dificultade na competencia comunicativa e lingüística; segundo a Lei 27/07 do 23 de outubro pode definirse como o profesional especializado en sistemas alternativos ou aumentativos de apoio á comunicación oral que favorecen a estimulación e facilitan o desenvolvemento da mesma. As súas funcións veñen reguladas no Decreto 374/1996, do 17 de outubro, e na Orde do 24 de xullo de 1998, as cales fan referencia ás funcións do profesorado de apoio (AL e PT) dentro da escola.

#### **LIÑAS DE ACTUACIÓN DOS MESTRES ESPECIALISTAS EN AL:**

Tendo en conta as funcións establecidas no Decreto 374/1996 e na Orde do 24 de xullo de 1998 ademais das recollidas no artigo 57 da Orde do 08/09/2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, e a competencia comunicativo lingüística, as liñas de actuación serán as seguintes:

- Valorar as NEAE dos alumnos/as relacionadas ca comunicación e a linguaxe.

- Asesorar ao profesorado na programación de actividades para a prevención e tratamento de dificultades en dita competencia.
- Colaborar co Departamento de Orientación na elaboración e desenvolvemento de programas relacionados con problemas na comunicación.
- Atender de forma especializada ao alumnado que presente dificultades na comunicación tanto oral como escrita.
- Colaborar na elaboración, se fose preciso, das Adaptacións Curriculares Significativas.
- Realizar intervencións directas de apoio logopédico a alumnos/as con dificultades.

Debido ao alto número de alumnos/as con dificultades na linguaxe oral, é preciso establecer unha serie de prioridades á hora de intervir cos alumnos (segundo a Circular 10/2010 que establece as accións prioritarias); os criterios a seguir son:

- Priorizar as NEAE permanentes sobre as temporais.
- Presentar atención docente, en primeiro lugar, aos alumnos/as que presenten maior dificultade.
- A atención durante os primeiros anos (na etapa de Educación Infantil).
- A atención ao alumnado de 1º e 2º de Educación Primaria no que respecta á prevención de problemas na lecto-escritura.

O número de alumnado co que se intervirá poderá variar en función das altas e das baixas que se puideran producir ao longo do curso e revisarse a continuidade ou posible modificación cada trimestre, na avaliación correspondente.

### **OBXECTIVOS XERAIS:**

Tendo en conta o traballo dos mestres de AL e as necesidades do centro, os obxectivos xerais a ter en conta serán:

- Potenciar os elementos prelingüísticos.
- Favorecer o desenvolvemento da linguaxe nas súas catro compoñentes (fonética-fonolóxica, morfosintáctica, semántica e pragmática).
- Ampliar o vocabulario tanto expresivo como comprensivo.
- Corrixir as alteracións articulatorias que presentan.
- Mellorar as estruturas sintácticas ata facelas máis complexas e adaptadas ca idade que corresponda.

- Fomentar as situacións comunicativas e a participación do neno/a nelas, de xeito natural e satisfactorio.
- Ofrecer sempre un patrón ou modelo lingüístico correcto.
- Detectar precozmente as alteracións para intervir de forma temperá.
- Colaborar co resto do profesorado en todo o relacionado co desenvolvemento escolar do alumno que presenta NEAE.
- Manter un vínculo de unión cas familias, ofrecendo sempre información e unha serie de pautas para poder traballar na casa cos seus fillos.

### **METODOLOXÍA:**

A metodoloxía é a maneira de traballar que temos os mestres/as para poder realizar o noso traballo. Como docentes debemos ter en conta as características individuais de cada alumno/a, a aula, os recursos a empregar en cada caso, as sesións, etc. Neste caso, as estratexias metodolóxicas que se levan a cabo son as seguintes:

- Axustar a resposta educativa ás necesidades dos alumnos/as que reciben apoio en Audición e Linguaxe.
- Espertar no alumnado a curiosidade de querer aprender.
- Indagar sobre cales son os principais incentivos que moven aos alumnos/as a traballar.
- Prestar interese na motivación para un mellor traballo.
- Garantir a participación dos pais para que posibiliten unha continuidade no traballo, así como cos diferentes profesionais que interveñen na atención educativa, tanto internos ao centro (toda a comunidade educativa) como externos ao mesmo (servizos sociais, logopeda de ámbito privado, hospital...).
- A intervención debe facerse nun clima de confianza.
- Resaltaranse os logros e minimizaranse os fracasos.
- Non ofrecerlle nunca aos alumnos/as unha imaxe negativa de si mesmos.

### **AVALIACIÓN**

Farase unha avaliación inicial para determinar as NEAE e os coñecementos previos dos alumnos/as, observando por suposto os informes de AL do curso anterior, así como os que se refiren a posibles candidatos para este curso e que foron avaliados no mes de xuño polo mestre/a de AL.

## 25.6.- RECURSOS

□ **Humanos:** profesorado do centro, alumnado, familias, medio social (traballador social, educador social...) e outros especialistas relacionados coa saúde e atención educativa externa do alumnado.

□ **Materiais:**

- P.E., C.C., Plan de Acollida, Plan de Convivencia, Plan TIC...
- Material escolar das diferentes aulas.
- Bibliografía específica sobre diferentes campos das NEAEs.
- Expedientes do alumnado e informes varios.
- Material de avaliación psicopedagóxica.
- Recursos para o ordenador e a pantalla táctil.
- ...

## 25.7.- METODOLOXÍA

Enfócase unha colaboración do Departamento de Orientación cos diferentes sectores no proceso de ensino-aprendizaxe: alumnos/as, mestres/as e pais/nais ou titores legais; así como unha colaboración cos diferentes estamentos que se relacionan coa labor educativa.

Realización de reunións:

- Familias-titor, titor-alumnos.
- Ciclos, Departamentos, Equipos de traballo e Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Claustro, Consello Escolar.
- Orientador cos diferentes membros da comunidade educativa (familias, mestres/as; de forma individual ou grupal).

Busca da participación activa de toda persoa implicada nese proceso e dun traballo cooperativo e estruturado.

## 25.8.- AVALIACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN

Para a avaliación do plan será necesario levar a cabo unha recollida de información de todos os axentes implicados (membros do Departamento de Orientación, titores/as, outros mestras/as, alumnado, familias, equipos externos...), información que se recollerá por medio de:



- Enquisas e cuestionarios formais.
- Entrevistas.
- Reunións de coordinación.
- Informes finais dos especialistas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.
- Memoria final do Plan de Orientación, incluídos os plans de PT e AL.

A avaliación será inicial, continua e final, e consideraranse os seguintes criterios de avaliación:

- Adecuación do plan á realidade do Centro, ás necesidades atopadas.
- Consecución dos obxectivos propostos en relación cos logros obtidos.
- Adecuación das actividades e programas realizados.
- Provisión de recursos persoais e materiais.
- Adecuación da organización temporal e espacial.
- Grao de participación dos axentes implicados na implementación do Plan de Orientación e de toda a comunidade educativa en xeral.

## **26.- AVALIACIÓN PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL**

Facemos seguimento do Plan Xeral desde os diferentes equipos de coordinación do centro, tendo o día a día como primeiro punto de referencia, para logo seguir nos tempos de coordinación de cada un dos equipos e departamentos (nivel, ciclos, departamento de orientación, xuntas de avaliación, comisión de coordinación pedagóxica, claustro de profesores, etc). A avaliación xeral do Plan realizarase trimestralmente cara a detectar as insuficiencias do mesmo e o seu grado de realización. A partires desa avaliación tomaranse as medidas pertinentes que incidan nun mellor funcionamento do Centro.

Finalmente os resultados da avaliación reflectiranse na Memoria Final Anual. Os criterios de avaliación que se seguirán son:

- Adecuación do plan á realidade do Centro, ás necesidades atopadas.
- Consecución dos obxectivos propostos en relación cos logros obtidos.
- Adecuación das actividades e programas realizados.
- Provisión de recursos persoais, materiais.
- Adecuación da organización temporal e espacial.
- Grao de participación dos axentes implicados na implementación do plano de orientación e de toda a comunidade educativa en xeral.

## DILIXENCIA

Para facer constar que este Plan Xeral Anual foi avaliada e informada polo Consello Escolar do Centro e avaliada e informada nos aspectos da súa competencia polo Claustro de profesorado, así como aprobada pola Dirección do centro, en sesión ordinaria celebrada o 24 de outubro de 2023.

E para que conste asino a presente en,

Santiago, 24 de outubro 2023.

A secretaria



Asdo.: Raquel Padrones García



Vºe Prace. O Director.



Asdo. Samuel Busto Casal